
Encrucillada

Revista galega de pensamento cristián

Letras Galegas 81: Vicente Risco
Dous discursos inéditos de Cunqueiro
Xove: entrevista co cura
A Liturxia en galego
Os roubos nas Igrexas

Director:

Andrés Torres Queiruga

Secretaria:

Engracia Vidal Estévez

Mesa de Redacción:

Carlos García Cortés, Xosé M^a Lema Suárez, Antonio Miramontes Nieto.

Conselleiros e colaboradores

Coruña

Manoel Espiña Gamallo (coordinador de zona). Lourdes Martínez Lage. Xoan Carlos Rodríguez Herranz. Iñaki Aranguren (monxe en Sobrado). Vitoria Mexuto

Ferrol:

Ramón Díaz Raña (San Sadurniño). Xesús Ferro Ruibal. Bernardo García Cendán. Xaquín Campo Freire.

Lugo:

Xosé Moreiras Santiso (Lodoso coordinador de zona). Alfonso Blanco Torrado (Parga). Antón Gandoy Díaz. Xosé Antón Miguez e Manolo Regal (Abadín)

Ourense:

Nicanor Rielo Carballo (Os Peares). Manoel Blanco Luis. Carmen González Pintos

Pontevedra:

Hermelinda Dapena (coordinadora de zona). Odilo González (Caldas). Eduardo Mayo (Cangas). María do Carme Rodríguez Currás

Santiago:

Mariano Guizán e Pilar Cascón (Bertamiráns). Xosé Manoel Rodríguez Pampín. Lourdes Pardo. M^a. Pilar Wirtz

Vigo:

Alfonso Magariños (coordinador de zona). Francisco Carballo. Silvestre Gómez Xurxo (Editorial SEPT). Benito Santos. Federico G. Fierro (Escola de Formación Social)

Madrid:

Rosa Cal Martínez

Responsabeis das crónicas:

Crónica do acontecer: Lois Alvarez Pousa

Rolda da Cultura: Xosé M^a. Lema Suárez

Rolda de Igrexa:

Coruña:

Ferrol: Anxo Ferreiro Currás

Lugo: Xosé Avilares Moure

Pontevedra: Xesús Acuña

Santiago: Xosé Ferreiro

Vigo: Xulio Andión

Redacción e administración: Rúa da Insua, 35
Canido - Ferrol. Tel: 357213

Edita: SEPT, Apartado 888, Vigo

Publicación bimestral

Precio número solto: 200 ptas

Precio suscripción ordinaria: 800 ptas

Precio suscripción de apoio: 1.000 ptas

<i>Flash desde a Redacción</i>	Páxinas
Por Engracia Vidal	109/3

ESTUDOS

<i>Alvaro Cunqueiro e Fermín Penzol: In memoriam</i>	
Por Andrés Torres Queiruga e X. Manoel Rodríguez Pampín	120/14
<i>Letras Galegas 81: O tema relixioso en Risco</i>	
Por Victorino Pérez Prieto	130/25
<i>O galego na liturxia</i>	
Por Xosé Antón Miguez e Manolo Regal	148/42
<i>Acerca do Patrimonio artístico da Igrexa</i>	
Por Nicanor Rielo Carballo	164/58

TESTEMUÑOS

<i>Xove, San Ciprián: Un crego cos seus</i>	
Por Anxo Ferreiro Currás	175/69

RECENSIONES

<i>Sobre la Juventud española</i> , de J.M. López Nogueira	
Por Andrés Torres Queiruga	179/73
<i>A guerrilla antifranquista en Galicia</i> , de Harmut Heine	
Por Guillermo Llorca	181/75
<i>A vida dos peregrinos polo camiño de Santiago</i> , de Barret-Burgand	
Por Guillermo Llorca	183/77
<i>Prisciliano</i> , de Goosen	
Por Uxío Romero Pose	185/79

CRONICAS

<i>Crónica do acontecer</i>	
Por Luis Alvarez Pousa	189/83
<i>Rolda da cultura</i>	
Por Xesús Ferro Ruibal	194/88
<i>Rolda de Igrexa</i>	
<i>Pontevedra</i> , Por Xesús Acuña Garrido	206/100
<i>XIX Coloquio de crenças galegas</i>	
Por Xoan Carlos Herranz	210/104

GUIEIRO

Número 22 de ENCRUCILLADA e víspera das LETRAS GALEGAS. A figura un tanto discutible de Risco tiña que ocupar, logo, un lugar de protagonismo. *Victorino Pérez Prieto* tentou de resumi-lo traballo da súa tesíña pra axudarnos a coñecelo.

Oxalá non tivera que ir acompañado doutros dous nomes, que preferiríamos ver no apartado dos vivos: o de Alvaro Cunqueiro e o de Fermín Penzol. *Andrés Torres Queiruga e Xosé M. Rodríguez Pampín* fan memoria deles, e *Lurdes Pardo* fixo a transcripción de dous discursos inéditos de Cunqueiro, que o lector agradecerá poder perpetuar na súa biblioteca.

O tema da lingua galega -que nos propuxemos tratar en tódolos números deste ano nos diferentes aspectos- ten o seu acento na Liturxia, *Manolo Regal e Xosé A. Miguelez* encargáronse de estudialo.

En liña de continuidade vai tamén a segunda parte do publicado no número 16, da autoría de *Nicanor Rielo Carballo* que sigue recollendo os roubos nas Igrexas galegas durante o ano 1980.

A situación política e eclesial ofrecía nestes momentos tantos temas á reflexión, que, na imposibilidade de tratarmos cada un, a secretaria de redacción *Engracia Vidal*, optou por presentalos nun flash, anque incompleto e pálido. Do mesmo xeito que *Xesús Ferro Ruibal* -cronista por esta vez- "apreta" as actividades culturais nun bó feixe, que pola súa riqueza e variedade abren esperanzas.

Da abundancia de publicacións galegas, *Guillermo Llorca* analiza dúas: "A guerrilla antifranquista en Galicia" e "A vida dos peregrinos de Santiago". De autor galego, reseña *Andrés Torres Queiruga* "Sobre la juventud española", que *X.L. López Nogueira* ven de publicar. E, unha vez mais, *Priciliano* sae ás nosas páxinas da man de *Uxío Romero Pose*, estamos seguros que tamén unha vez mais será noticia dentro e fóra de Galicia.

A rolda da Igrexa limitase esta vez a Pontevedra. ¿Por qué calan os outros cronistas? *Xoán Carlos Herranz* danos conta do XIX Coloquio de crenes galegos. E pechamo-lo guieiro, agradecendo a *Anxo Ferreiro Currás* o seu viaxe a Xove pra entrevistar ó cura Evaristo, que nos ofrece o seu testemuño de denuncia cristiá.

UN “FLASH” DESDE A REDACCION

Esta reflexión ven urxida pola dialéctica dunha dobre realidade:

- o acontecer de cada día que vai adquirindo un ritmo sempre mais acelerado, e
- o freo que esta mesma aceleración imprime á tarefa da Revista.

Cando no Nadal de 1976 saía a propaganda de ENCRUCILLADA definíamos a nosa tarefa como un “*Pensa-la fe e obra-la fe hoxe en Galicia... ofrecer unha reflexión seria e profunda que naza da realidade e viva na acción*”.

O traveso destes cinco anos a dinámica foise amostrando difícil. Non sempre é doado agarra-los problemas polos cornos, analizalos e presentalos ós lectores como un instrumento concienciador, alertador e ó mesmo tempo estimulante da acción e da esperanza.

O ser “*obradoiro de ideas e tarefas*” —seguimos citando a presentación do 76— é algo mais que enche-las páxinas de tinta. No material, nin a periodicidade nin os medios económicos e mesmo gráficos, abundan pra estarmos ó día.

Na tarefa pensante, desbórdanos moitas veces o acontecer, sin sabermos como ir ó mais urxente, sin certarmos a miudo na selección de temas nin o xeito de os tratarmos.

No criterio da Revista estivo sempre poñer Galicia no primeiro posto. E, mesmo no risco de pecarmos de localismo, pensamos que esa era a fidelidade que lle debíamos. Os problemas mundiais política e eclesialmente podeos atopa-lo leitor noutros medios informativos.

Pero veleiqué que chegamos a un momento crítico, un momento especialmente crucial, de encrucillada na ENCRUCILLADA. E a tensión redóblase. Desde esta Mesa de Redacción xa non é posible quedarmos medianamente satisfeitos despois de facer unha programación que pretenda abarca-la realidade. O obxectivo da nosa pequena “kodak” non dá collido tanto. Sentámo-la frustración de sairmos cun número 22 en exceso

empequeneado en proporción á panorámica que temos diante. Por iso, este intento de síntese, que nos pode resultar “liberador”. Tenta recolle-las nosas inquedanzas nun momento no que a vida en GALICIA resulta tan intensa que riscamos non vivila.

I. O momento político.

Cando o 23 de febreiro nos sorprendeu o tiroteo “tejeriano” algúns dín que pensaron: “¡Outra vez chegamos tarde, outra vez Galicia sen autonomía...!”. E de seguro que eses teñen moito de optimistas. Pra outros a autonomía xa se perdera hai un ano cando nos amañaron un Estatuto rebaixado, e cando nolo serviron morno e a destempo nun frío 21 de Nadal.

Pro o golpe, a corenta días visto, ten moitos matices ignorados naquela “transistórica” noite. Nesta cuarentena as tentacións son forte e duramente desesperanzadoras.

— *Hai que regula-lo uso das linguas:* E Galicia vai ter que sair en axuda da suposta inferioridade do castelán antes de que ela mesma tivera tempo de acadar pra súa lingua o mesmo posto que tivo nela a lingua de Castela.

— *Hai que regula-lo uso da bandeira* tal vez antes de que tódolos nenos galegos saiban identifica-la da súa terra.

— *Hai que poñe-lo acento na nacionalidade española* cando aínda no nos decataramos todos de que pra facer unha grande España hai que empezar por facer grandes todos e cada un dos seus pobos.

— *A televisión galega esmorece “non nata”, e as radios e, sobre todo, a prensa, multiplican as súas traducións ó castelán mesmo dos traballos que foron escritos ou pronunciados en galego.*

— *A loita contra o terrorismo merece todo o noso apoio; moitas veces o temos condenado como calquer outra forma de violencia que non respete os dereitos humanos. Pero a ninguén se lle ocultan as dificultades de poñer na práctica as medidas trazadas, na xusteza que a situación require. Podense dar*

excesos nas medidas pra combater e de feito xa se observaron algunhas. Pódese ir xestando unha nova violencia que non saberíamos dicir onde e cando vai dar a luz. Pro sobre todo vai provocar, está a provocar, inhibicións. O medo paraliza actitudes combativas lícitas e mesmo moi laudables, das que estamos aínda moi carentes. Unha vez mais a forza do poder —terrorismo e leis— contribuen a despertar no pobo o sentimento de que ten que optar entre LIBERTADE E ORDE, cando á falsedade da oposición únese a súa propia experiencia dabondo incompleta que lle van impedi-la mesma opción.

— *Xa se tenta equilibra-los poderes dos Entes Autonómicos*, cando en Galicia —outra vez no maxín a noite do 23— non soubemos que tiñamos Xunta, nin presidente con conexións na Zarzuela nin nos medios de comunicación galegos.

E non é que non esteamos dacordo co EQUILIBRIO, equilibrio sempre. Pro hai que ter en conta que pró noso pobo aínda non chegara a hora do corrimento ó noroeste. E o que imos sufrir é unha maior desproporción dos brazos da balanza.

¿Cómo vai repercutir todo isto nas futuras —e nin tan siquiera anunciadas— eleccións ó Parlamento Galego?.

¿Será posible saca-lo pobo ás urnas?

¿Haberá estímulo pró esforzo das persoas que queiran de verdade *servir* a Galicia nestes postos, ou unha vez mais serán prós que se queiran *servir de* Galicia perseguindo outros intereses mais rentables políticamente?

Na rúa está o problema: No pobo, desencanto; nos partidos, cansancio; en moitos loitadores, sentido de impotencia; nalgúns, medo; e tal vez noutros, segredos resentimentos, que nunca conducen a bó porto.

Tampouco faltan posturas enfortecidas e cun agresivo triunfalismo.

Cando se quer equilibrar, non é difícil pasarse. Tentando de suaviza-los ánimos inxustamente feridos, pódense ferir outros. Nestes días escoitamos comentarios coma este: “a min aínda

ninguén me desagraciou dos malos tratos e das torturas da comisaría...” ¿Qué queremos decir con isto? Algo moi sinxelo e ó mesmo tempo moi serio: o delicado da situación. O crítico que resulta o momento e como necesita do bó saber facer de todos. A chamada a non desapuntarmos e a vivirmos responsable e valentemente o momento. Que prós cristiáns será o mesmo que decir evanxélicamente.

II. O momento eclesial

E aínda mais difícil de aillar. Precisamente porque neste medio somos moito menos “autonómicos”, mesmo no nivel da nación española.

E volvendo ó mesmo punto de partida: a noite do golpe. Unha vez mais sentimo-la ausencia da voz da Xerarquía, que non se levantou pra defende-los dereitos dos cidadáns á libertade, pra condena-la violencia da forza opresora, sexan cales foran as súas intencións “paternais” e “salvadoras”.

Pra moitos foi a Igrexa de sempre, esperando te-la seguranza do vencedor pra se apuntar nas súas filas.

Pra outros a Igrexa da boa vontade, das prudencias non precisamente evanxélicas, do equilibrio e da medida.

E tamén houbo quen pensou que foi simple desconcerto e falta de reflexos nun intre delicado.

En calquera caso, moitos pensamos que faltou o espírito profético do Evanxelio xogando todo á carta do respecto á libertade humana e ás decisións do pobo. E pensamos que a Xerarquía perdeu unha excepcional ocasión de se manifestar incondicionalmente de lado dos que, polo menos nese momento, eran os débiles e nos representaban a todos.

Non actuaron coa mesma timidez no asunto “divorcio”, all estímbamos velos menos seguros, menos contundentes, mais humanos.

E desde logo non discutimo-lo dereito dos bispos a falar. Como calquera cidadán ou colectivo, os bispos teñen dereito a se

expresar sempre que queiran, mais aínda, están singularmente chamados a facelo. O que non poden pretender, nin eles nin ninguén, é que a súa palabra quede fóra de implicacións políticas, xa sexa polo contido ou polo marco onde se pronuncia. E pensamos que isto témolo que asumir todos, goberno, oposición, pobo e eles mesmos que de ningún xeito poden pretender ser asépticos.

Modestamente si pensamos que mais que o momento de nos expoñer unha doutrina dogmática sobre da indisolubilidade do matrimonio (cousa que en último término sómente afectaría ós cristiáns) era o momento de axudaren a todos a acepta-lo pluralismo confesional onde temos que vivir, e polo tanto acoller —ou a promover no caso dos parlamentarios— unha lei que non obrigue a ninguén, pro que favoreza a tódolos que viven unha situación angustiada. A xusteza da lexislación virá dada, entón, pola calidade humana da mesma mais que pola confrontación co dogma católico. E non ignoran os Bispos que hai moitas conciencias necesitadas dunha palabra nesta liña de aceptación do pluralismo, son moitos os que aínda pensan que España ten que ser diferente e queren meter a todos nos moldes da mais inquisitorial ortodoxia (aínda que ás veces a súa ortopraxe poida moverse nun liberalismo “mais ou menos” san...) con perxuício prá convivencia. E parez que este mesmo espírito de intransixencia relixiosa non estivo ausente do 23 de febreiro.

Estes feitos, por sinalarmos namais os dous mais salientados dos recentemente vividos, tamén crean actitudes nos cristiáns e nos non cristiáns. E tamén remarcas as diferentes posturas: os que aplauden porque preferen os camiños da seguraza, da tradición, da doutrina inmutable e infalible. E os que collen unha postura crítica, por preferiren mais unha fe que camiña na busca e no risco. Por non falmos dunha terceira postura, que ignora ou tal vez desprecia.

III. *O momento eclesial galego.*

1.— *Na Xerarqúla* temos pouco de específico. Mais que Conferencia Episcopal Galega temos “Bispos en Galicia”. Xa hai tempo que Msr. Tarancón alertou sobre os perigos das Igrexas

autonómicas. E nestes mesmos días un Bispo do Nordeste de que non era Igrexa *-ana, -a*, senón Igrexa *en*.

Sen embargo non ocultamos que nos gustaría sentirnos alentados na nosa *fe comprometida con Galicia* e ter neles un punto de referencia onde confrontarmos as nosas actitudes fronte a problemas como a lingua, o campo, o paro, a flota amarrada, a verdadeira igualdade de oportunidade no ensino, a sanidade, a gratuidade dos servizos relixiosos, a evanxelización liberadora, a liturxia vivida desde o noso. Entendendo que este alento ten que vir dado por “palabra” e “xesto”.

2.— *No pobo sinxelo* vemos poucas alternativas. Ou frialdade e indiferencia, tal vez como consecuencia da emigración interior e exterior. Ou practicismo tradicional, ritual, ós que non chegou a renovación do Vaticano II.

Como imos entrar na análise da situación socio-económica, non queremos deixar de suliñar aquí que este sector é o que está sufrindo mais agudamente as consecuencias da crise, con todo o que esta supón no desenvolvemento relixioso, cultural e político.

3.— *Nos cristiáns mais concienciados*, é onde nos imos parar algo mais, por parecernos o sector que vive un momento novo. Sin embargo, a complexidade da situación ofrece dificultades para análise esquemática, que forzosamente riscará de simplificación. Non pretendemos ser exhaustivos senón recolle-la instantánea do momento. E pensamos que o momento novo o viven:

a) *por un lado as correntes mais tradicionais da Igrexa*, os que nestes anos seguiron o seu camiño un pouco na sombra, vendo desde fóra e agardando os resultados do movemento renovador. Agora parece que entran nunha fase de lanzamento e dinamismo. Estes grupos cren que hai que esquencer axiña a etapa destes quince anos, con todo o que supuxo de progreso e renovación, pro tamén con tanto de desconcerto e incertidumes. Intentan facernos ver que “¡xa pasou a tempestade!”, e que temos que entrar de novo nos camiños de seguranza que Xoán Paulo II nos traza firmemente.

Desta corrente participan non somentes os grupos que non saíron nunca dos esquemas preconcienciais, senón tamén algúns

dos que si avanzaron. Entre eles destacaríamos unha minoría (a gran maioría quedou no anteriormente citado) de cregos e relixiosos-as, que deron pasos moi fortes de encarnación, algúns chegaron lonxe, tal vez por enriba das súas forzas, e sentiron no seu propio pelexo a dureza de camiñar ó descuberto. Nestes grupos a reacción risca de ser dobremente negativa. primeiro porque en moitos casos as Institucións non asumiron os cambios en profundidade, certos compromisos permitíronse a título experimental sin auténtico convencimento de fondo, e agora tentan recoller velas pra asegura-lo “funcionamento” institucional e a disciplina de corpo con perigo de dar pasos atrás na encarnación, que esixe unha maior atención á persoa e á realidade.

E, en segundo lugar, as persoas sinten o desacougo do momento de transición prolongada, as dificultades da secularización, a pobreza dos medios de traballo ó que non se lle ve perspectivas inmediatas de éxito. Xuntas estas dúas forzas, indiscutiblemente que se pode dar unha retirada ós redutos propios. A nostalxia non é a primeira vez que curta as ás, e xa o evanxelio dixo algo prós que poñen as mans no arado... Oxalá teñamos a valentía de ser críticos, de nos revisar, de interiorizar e vivir moito mais desde o fondo, pero sin recuar nin pola nostalxia do pasado nin polo desacougo do presente. E parécenos que estes principios arrecenden evanxelio sen necesidade de mais citas.

Non queremos deixar de suliñar o esforzo duns grupiños de relixiosas que optan polo mundo rural, moi pouquiñas en proporción ás 3.915 que dñn hai en Galicia¹, pero significativo dun camiño a seguir.

b) *por outro lado estarían os grupos de militantes* que mais loitaron pola renovación do Concilio. Os que defenderon a liberdade nos derradeiros anos do franquismo. Moitos deles pasaron á militancia política, aportando todo o seu idealismo evanxélico. Pra estes o momento é especialmente crítico. Tamén

¹ Cfr. ENCRUCILLADA, nº 15, p. 3

sinten o cansancio e a fatiga. Non teñen os camiños de “volta” tan tentadores como os relixiosos, pro o pasotismo pode estar no horizonte e a chamada ó replegamento nos círculos eclesiais tamén.

Pensamos que eles mesmos se teñen que plantexa-la súa situación e ver se o seu ser de cristiáns lles permite retirarse agora dos postos de traballo político, social ou cultural porque os resultados do seu esforzo non foron todo o gratificantes que esperá-bamos.

Isto pode ter un aspecto moi positivo: fai sentir a necesidade de vencellarse como cristiáns, de buscar na fe vivida na comunidade a referencia das súas motivacións mais fondas.

A todos esíxenos un esforzo na creación de comunidades cristiás dinámicas, que ó mesmo tempo que alimenten a fe manteñan a tensión do compromiso temporal sin falsos espiritualismos nin utópicas dicotomías.

Un signo desta inquedanza por buscar conexións está-mola vivindo nas Comunidades populares, que a modiño, pro van medrando; a asociación Irimia, que naceu hai pouco mais dun ano; e nos mesmos Coloquios Galegos, dos que ofrecemos información neste mesmo número, e que están en fase de renovación.

Noutra liña, o recién formado Consejo de Educación cristiana amosra a mesma necesidade de xuntarse prá afirmación doutrinal e institucional. E non falamos doutros movementos porque xa dixemos non íbamos ser exhaustivos, e porque somente queríamos sinalar o novo.

IV. O viaxe do Papa.

No mundo son moitos, aínda que proporcional e numéricamente minoría, os cristiáns que cuestionaban e contestan os viaxes de Papa. Non é este o momento de analiza-las razóns cunha certa fondura. Pro non renunciemos a expoñe-las nosas preocupacións e as nosas esperanzas.

Daríanos medo o triunfalismo, a instrumentalización dunha figura atlética e deportiva, que sae triunfante dunha proba e chega anunciando a súa vitoria e recollendo aplausos.

Daríanos medo un viaxe-droga, que nos fixese esquece-la nosa situación de “salvados xa, pro aínda non...”, que tanto xogo deu no Vaticano II e tanto impulsou a militancia e á esperanza nestes anos, por unha hipnose que nos fixese sentir xa salvados e acougados no colo do Pai.

Daríanos medo un viaxe que fomentase as nosas actitudes pasivas e un tanto infantís, ás que todos tendemos moitas veces. Conduciríanos a unha alegría inxenua que nos privaría de pensar pola nosa conta e responsabilizarnos totalmente das nosas decisións.

Tememos un viaxe artificial, que non presentase a realidade como é, senón como os organizadores quixerían que fose.

Sin embargo, coidamos e recoñecemos que temos necesidade de todo isto que acabamos de dicir: de seguridade, de Salvador, de acougo, de encontro.

Veleiquí nisto o maior risco. as circunstancias poden ser óptimas pró trunfo. En troque, os interrogantes multiplícanse e chaman á sensatez dun lado e á aventura (da fe) polo outro.

¿Pode a figura do Papa presentarse como signo de seguranza, de salvación, de acougo, de lugar de encontro...?

Alguén decía, hai uns días, que o Papa non pode ser obxecto de catequese como pretenden algúns. Pro, se aínda estamos a tempo, puidera ser “ocasión” doutra catequese. Catequese que tería como primeiro marco a verdade.

O encontro con Xoán Paulo II sería do pobo galego na súa realidade: un pobo que no seu 75% ofrece aspecto rural e de terceiro mundo na súa economía e na súa cultura, a quen o primeiro que hai que dicir é que ten que ser el o autor da súa propia salvación, e liberalo das imaxes seudo-salvadoras, sexan caciquís, militares, económicas, eclesiásticas ou máxicas.

Un pobo que ten a súa propia lingua, pro que celebra a súa fe nun idioma alleo. E aquí imos facer tamén un pequeno inciso. Sabemos que os Bispos, por fin, están afrontando a etapa final na traducción dos libros litúrxicos, e que, como a pena ante a cana de Moises, vai facer deita-la auga do galego na liturxia. Queremos expresa-la nosa alegría e sincera felicitación.

Esperamos que pensen preparar unha celebración galega, xa que non dubidamos da capacidade de Xoán Paulo pra se dirixir a nós na nosa lingua

Só pedimos que isto non sexa un acto mais, xa que merece moito mais esforzo o conquerirmos que en tódolos templos do país, polo menos no 75%, poidamos celebrar a cotío a nosa fe na nosa lingua. Que os Bispos o fagan xa os primeiros, sin esperaren polo Papa.

Tamén nos gustaría a verdade pra tódolos encontros cos distintos grupos, que cadaquén se poida expresar desde a súa realidade e coas súas propias formas. Sin protocolos nin discursos preparados.

Quereríamos recibilo como un home mais, que vive o seu compromiso cristián na busca. Que mostra que o Evanxelio non ten solucións pra todo nin pra todos, pro que aposta decidida e valentemente polos pobres, polos marxidados de todo tipo. Que se inclia sempre polo radicalmente humano do home, posto que sitúa a transcendencia nesta mesma plenificación da humanidade transformada.

Quereríamos que este viaxe fora testemuño desta aposta evanxélica e sentirmos que a Igrexa Institución tenta de se converter, pois tamén porque ela mesma está en camiño, e non quere pactar coas inxusticias e violacións de dereitos que condena noutros.

Colmaríanos, colmaríanos... que Xoán Paulo II puidera anunciar en Galicia a igualdade do home e da muller na Igrexa... e xa comprende o lector que a expresión deste desexo, na práctica utópico, é unha maneira de denunciar algo que está presente en nós como algo no que a Igrexa do século XX non está ó nivel da súa misión salvadora.

Hai que poñe-lo fin ó flash voltando ó primeiro: estas páxinas pretenderon ser liberadoras dunha carga que pesaba nesta secretaría de redacción. No noso desexo estaba o tratarmos a fondo tódolos temas aquí apuntados, e podermos ofrecer un estudo reflexionado de cada un, presentando alternativas e alentando esperanzas. Unhas imaxes en cámara lenta, pra que todos puidesen sentir que ENCRUCILLADA quere ser fiel a aquilo de “instrumento de toma de conciencia”. Pro esta vez pensamos a mais de 24 imaxes/segundo, e polo tanto a percepción e asimilación ten que depender da boa vontade do lector.

Engracia VIDAL
31 Marzo 1981

P.S.

Acabadiño de rematar este artigo, saíu a Pastoral colectiva dos Bispos Vascos. Non podemos deixar de mencionala como un feito mais que comove os teletipos e as ondas radiofónicas, con repercusións en tódolos estamentos e en cada “españolito de a pié”.

Respecto á Pastoral expresamo-la nosa solidaridade; aínda mais, podemos decir que moitas das inquedanzas que eles expresan dun xeito claro e directo, son as mesmas que fervían en nós na hora de xestar estas páxinas.

Respecto ás reaccións negativas, samente se poden comprender nunha atmósfera cargada, que altera e deforma a percepción, astra chegar a falsificala.

Extraña a reacción, tan pouco “política” e intelixente, do mesmo Goberno, que dalgún modo puxo así a favor de ETA un documento que constitúe a súa mais realista denuncia e condena. Extraña aínda mais a reacción de tantos personaxes e mesmo partidos da esquerda, que tal vez por reflexos anticlericais acaban contradecendo os seus mesmos presupostos ¿ou acaso traslucindo a súa mala conciencia por veren que outros dñ o que eles quixeran e non se atreven?.

ALVARO CUNQUEIRO e
FERMIN PENZOL

In tristissimam et gratissimam memoriam

Na terrible hemorraxia de persoalidades que últimamente está sufrindo Galicia, con moi pouca diferenza de tempo, fináronsenos Alvaro Cunqueiro e Fermín Penzol.

ENCRUCILLADA querlles rendir homenaxe triste e agradecido: triste porque nos deixan, agradecido porque queda a súa memoria, a súa obra, o seu exemplo.

De Cunqueiro, despois dun breve artigo de Andrés Torres Queiruga, publicamos os dous últimos discursos, aínda inéditos, verdadeiro testamento cheo de amor e paixón por Galicia e impregnado dun alto e admirable sentido da transcendencia.

De Penzol, home calado e cheo de bondade, que coa súa xenerosidade soubo erguerse un monumento de eterna gratitude en Galicia mediante a súa Fundación, Xosé Manuel Rodríguez Pampín fai unha fina e sentida evocación.

CUNQUEIRO, FLOR DE GALICIA

Por Andrés TORRES QUEIRUGA

O título puidera resultar algo cursi. Pero ten unha xustificación, porque quere ser homenaxe. Moitos recordarán seguramente unha entrevista de Cunqueiro na televisión. Nela decía que el xa tiña bastantes monumentos dedicados, incluída a Fonte Vella do seu entrañable Mondoñedo. Agora o que lle faría ilusión, era que unha flor levase o seu nome. Que unha flor se chamase Cunqueiro.

A min ocorríuseme inmediatamente: non era preciso, el mesmo era unha flor abrochada da nosa terra, milagrosamente nutrida polos máis finos e secretos zumes da nosa cultura. Cunqueiro, flor de Galicia.

Non penso que sexa esta unha mera impresión subxectiva. Os que o coñeceron nos últimos tempos nos deixaron, con seguridade, de se decatarse do mesmo fenómeno. Cunqueiro movíase espontaneamente polas altas mesetas do espírito, eses lugares da inocencia madura, aos que uns poucos chegan tras duras probas e largas fidelidades. A súa biografía —¿cando teremos unha escrita á súa altura?— tivo, sin dúbida, moito que ver neso: os dramas persoais e as torpes incompreensións colectivas, as amizades, a toda proba e a limpa e crecente admiración dos que comprendían. Finalmente, a prolongada e terrible enfermidade, levada coa suprema elegancia de aparecer tranquilo e optimista ante os amigos, ao tempo que por dentro, a través da proba —ecos impresionantes en *Herba de aquí ou acolá*—, ía madurando a aceptación.

Tal vez nunca chegaremos a coñecer o proceso. Pero o resultado tivemoslo patente ante os ollos. Cando por primeira vez se me cumpriu a ilusión de oír falar en público ao home que desde había tanto tempo me fixera gozar os máis belidos e limpos soños, esa foi a miña certeza: Cunqueiro estaba xa mais alá, transfigurado, por enriba de calquera vanidade persoal, nos espazos limpos da comunión no ideal e na esperanza. Despois, en Padrón, co motivo da entrega do Pedrón de Ouro —

desgraciadamente o homenaxe en Vigo resultoume imposible—, foi a confirmación definitiva: tiven a evidencia de que aquel intre constituía un deses acontecementos excepcionais no discorrir do mundo e de que dificilmente se volvería a repetir. Era un milagre.

Como tal milagre, Cunqueiro, igual que a súa obra, tiña algo de *gratuito*. Desá suprema gratitude que nace do xeneroso e se expande na beleza. Non quería nin podía escribir “por encargo”. Moitos non o souberon entender a tempo. Anque el mesmo nolo explicou nunha das súas últimas entrevistas: “Eu pretendín sempre que a miña obra sexa imaxinativa e libre, porque o contrario sería falso en min”. Esta é a razón definitiva: a gratuidade e o reflexo transparente da verdade. Da verdade da obra, que responde á verdade do ser. Xa o dixerá magnificamente Angelus Silesius en verso comentado por Heidegger e que responde moi ben á metafórica do noso título:

“A rosa é sin porqué,
florece porque florece;
non pensa nunca en si mesma
nin pregunta quen a ve”.

Pero, por eso mesmo, sería superficial identificar esta gratuidade co banal, o intrascendente ou o inauténtico. Todo o contrario. Sendo reflexo da verdade, nace precisamente como fidelidade ao profundo, como apertura á transcendencia, como a forma máis libre e xenuina do auténtico. Por eso acaba imponéndose. Por eso Cunqueiro realizou o prodixio —tan imposible en Galicia— de remontar xa en vida a incomprensión, sin recurrir á propaganda ou á tentación dos “xestos” reconciliadores. A rara maduración da súa personalidade respondeu en Galicia un raro, xeral e espontáneo recoñecemento do seu valor. O homenaxe en Vigo e a entrega do Pedrón de Ouro foron o testemuño, que, por unha vez, chegou xusto e a tempo.

E foi unha sorte inmensa. Porque Cunqueiro soubo pagar o homenaxe. Os dous discursiños que pronunciou teñen algo de resume e testamento. Por desgracia a transcripción non pode recoller a calor da presenza nin a irrepertible inflexión da voz. Con todo, aínda así aparecen como floración suprema e como desvelamento último do segredo da súa vida e da súa obra.

Se hai algo que a primeira vista chama a atención neles, é a revelación da gratuidade como *gratitude*. “Gracias” é a palabra que mais se repite. Como ritornello irrepresible e envolvente. Gracias a todo e a todos: aos organizadores, aos amigos aos presentes, ao tempo que lle tocou vivir, á terra que o viu nacer, ao intre mesmo do discurso, como epifanía evidente e concentrada do universal motivo de agradecemento (¡o final do discurso en Padrón!). Gracias, final e primeiramente, a Deus.

Compre fixarse neste punto. Impresiona pola súa libre sinceridade e mesmo pola súa finura teolóxica. A *gratitude* de Cunqueiro ten expresa raíz trascendente: todos os dons son, en definitiva, dons de *Deus*. Proclámao ao comenzo do discurso de Vigo: “Pero eu penso que tería que dar gracias a unhas instancias mais altas: tería que dar gracias a El Señor”. E desde entón a palabra *Deus* acompaña, como fonte fecunda e gloriosa, á palabra *gracias* e ás entrañables realidades que constitúen o motivo do seu discurso e a materia mesma da súa vida.

Pero o maravilloso —aquí radica a profunda lección teolóxica— é que esas realidades non perden por eso a propia densidade. Ao contrario, plenifícanse, como se nelas remansase a suxerencia infinita da súa orixe. De ahí a gracia e o entusiasmo de Cunqueiro. A realidade, porque é don, é vivida en plenitude desbordante. A vivencia relixiosa trasfúndese na creación poética, e o resultado ven ser un dos cantos mais sublimes e apaixonados que nunca recibiran a nosa fala, o noso pobo, a nosa terra.

A realidade mesma faise sagrada —“Santa Galicia”— e sagrados se fan os seus símbolos —“estamos nun lugar sacro,...nun dos santos lugares dos galegos, na casa na que viviu e morreu a Cantora”—. E mesmo por eso faise internamente plena e espléndida, alcanza as dimensións e a necesidade do universo: “E preciso, para ben e para decoro do mundo, que Galicia continúe”. Entón todo cobra un releve definitivo e volve ao brillo da creación primeira: o vento e o mar, os ríos e os vales, a terra e os mortos.

E, por enriba de todo, a *lingua*. Como nota esencial da patria e como lugar de inserción da propia e peculiar aportación. ¡Con que pálpito xenialísimamente orixinario debulla, saborea e recrea

Cunqueiro as nosas palabras, intuindo que por elas —rula, abidueira, dorna, ponte, fonte— “era verdadeiramente dono” da sua esencia mais humana! ¡Con qué fondísima intuición poética redescobre un tema heideggeriano, prolongándoo simultaneamente cara aos cumios mais universais da poesía e cara o corazón mais concreto da nosa terra: “vivir na casa da nosa lingua”, encender lume na lareira da casa da lingua galega”! ¡Con qué última e decidida sabiduría afirma e reafirma a verdade radical do noso destino como pobo: “se a lingua continúa, nós continuaremos como pobo, e, se a lingua non continúa, nós non continuaremos como pobo.

Nada de extraño que neste punto fundamental concentre Cunqueiro todo o seu xenio poético, extendéndoo astra as mesmas ribeiras do sagrado. Maxistral resulta o xeito co que no discurso de Vigo funde a Imaxe da Virxe Nosa Señora coa imaxe da “Raíña santa e eterna que é Galicia”, a quen el, “fabulador un pouco vagabundo”, consagrou a sua vida para lle poder ler “unha prosa ou un poema”. Xenial a áxil e oportuna prolongación do tema provenzal dos Apóstolos en Pentecostés falando tódalas linguas: tamén pois “falaron na lingua nosa, falaron en galego, na eternidade do galego”. Era un día de Pentecostés tamén aquel de Padrón. Deixádeme a pequena gloria de decir a miña emoción cando sentín cómo el retomaba, tan magnificamente, o tema “día do vento e do lume”, que eu anunciara na misa. O que entón pasou por Cunqueiro nunca o saberemos con precisión. Pero eu sei, porque mo deixou escrito nunha dedicatoria que conservarei sempre, que foi verdadeiramente “un día de vento e de lume para mín (Cunqueiro) e para a nosa terra”.

Pero todo esto ten aínda unha nota final, que o empapou todo, mais que agora debemos salientarmos expresamente. Se a gratuidade de Cunqueiro desembocaba en gratitude, ambas se fundían finalmente en *compromiso e entrega*. Se alguén aínda o dubidaba, se non o intuira na gracia mesma da obra ou nos significativos acenos dos prólogos, agora no testamento el mesmo nolo confesa coa humildade de quen xa non presume de nada e coa firmeza de quen demostrou a larga fidelidade. Cunqueiro viviu desde Galicia e para Galicia.

El buscou a nosa fasquía, buceou no noso ser, “profundou no noso misterio: “Eu, entre vós e convosco, intento averiguar, intento decidir qué somos nós, os galegos, e por ende xuntarme con vós, os galegos, para tódalas tarefas que importan á terra nosa”. Que esta busca a realizara con tanta elegancia, con tan limpo e claro humor, con tan lixeiro e transparente senso da beleza, tampouco debe levar a engano. Cando a entrega bota as súas raíces no senso absoluto do don, non precisa mostrarse agresiva para ser total, nin precisa verbalizar continuamente o seu “engagement” para ser auténtica e radicalmente comprometida. As palabras de Cunqueiro non deixan lugar a dúbidas e na súa sinxela transparencia teñen algo de estremecedor e —non temamos a palabra— sublime: “Pero, como decía hai un mes aos amigos que estaban co mesmo fin comigo en Vigo, se a miña obra ten un sentido, teno no meu desexo profundo, na miña aspiración mais fonda, en algo polo que eu daría a vida, que é que a nosa lingua continúe, que Galicia siga”.

Así, coa incomparable firmeza da luz, coa gratuíta fecundidade da flor. Flor que naceu do noso chan, do noso pobo, da nosa cultura, de nós. Que abonda para nos xustificar ante o mundo. Que espera talvez unicamente a nosa xenerosidade para se ir facendo froito de futuro.

Por Andrés TORRES QUEIRUGA

ALVARO CUNQUEIRO NO HOMENAXE DE VIGO

25 de Abril de 1980

Amigos todos:

En primeiro lugar as miñas palabras teñen que ser de gracias ás entidades que convocaron este acto. Gracias moi especiais ao Rector Magnífico da Universidade de Santiago, que me honrou cun Doctorado Honoris causa, a mín, un mal estudante, que non podía pensar na ciencia porque andaba cos petos cheos de versos, de moitas toleadas e venteadas na cabeza.

Moitas gracias a Domingo García-Sabell, un amigo irreprochable dende os anos mozos, alá nas ruas compostelanas. Moitas gracias a Francisco Fernández del Riego, bo amigo de toda a vida, unha compañía fiel e xenerosa, que nunca poderei pagar. Gracias a Ramón Piñeiro, outro da miña tribu luguesa por este primeiro tomo das miñas obras completas. Gracias a Xoana Torres, tan xentil e tan querida e que tanto se esforzou e fixo por este disco no que está a sua voz, decindo versos meus da mocidade. Moitas gracias. Dou as gracias a tódolos que estades aquí.

Pero eu penso que tería que dar gracias a unhas instancias mais altas. Tería que dar as gracias a El Señor. Loubado¹ seña Deus, porque me permitiu nacer, medrar, facerme home e agora envellecer neste grande reino que chamamos Galicia, neste grande reino do Fisterre, que vai desde os montes astra o mar onde brillan os pés do vento, a este país dos dez mil ríos, do vello camiño das perigrinacións, a este país dos mil vales, a este país fermoso, eternamente verde, patria querida, a terra no senso barresiano: a patria son a terra e os mortos. Gracias a Deus por este reino.

Loubado seña Deus tamén por terme dado o don da fala nosa, por haberme ensinado a decir "rula" e "abidueira" e "dorna" e "ponte" e "fonte", e entón eu, sabendo estas palabras, era verdadeiramente dono da rula e da abidueira e da dorna e da ponte e da fonte.

¹ En realidade dixo "loubamus", por unha clara reminiscencia da alabanza litúrxica.

As miñas invencións e as miñas maxias teñen, nembargantes, un senso máis fondo: por riba e por baixo do que eu fago, eu quixen e quero que a fala galega durase e continuase, porque a duración da fala é a única posibilidade de que nós duremos como pobo. Eu quixen que Galicia continuase e, ó lado da patria terrenal, da patria que son a terra e os mortos, haxa esta outra patria que é a fala nosa. Se de mín algún día, despois de morto, se quixera facer un eloxio, e eu estivera dando herba na terra nosa, podería decir a miña lápida: “Aquí xaz alguén que coa súa obra fixo que Galicia durase mil primaveiras mais”.

Tamén teño que dar gracias a Deus por haber nacido nesta nación galega entre vós, por haber nacido no voso tempo e ser amigo voso; gracias por tanta xenerosidade que tivéstedes e tendes connigo.

Dixo o Xeneral De Gaulle que o pobo francés era un pobo que viña do fondo das edades. Isto é unha perogrullada. Tódolos pobos veñen do fondo das edades. O galego foise facendo pouco a pouco e lentamente, como tódolos pobos, o entramado do maxín e o raciocinio é a maneira de decir e a de expresar o mundo. Eu entre vós e convosco, intento averiguar, intento decidir qué somos nós, os galegos, e por ende xuntarme con vós, os galegos, para tódalas tarefas que importan á terra nosa. Moitas gracias.

Hai un miragre nas Cantigas do Rei Afonso o Sabio, a quen esperamos que se lle adique o Día das Letras Galegas, en que un Arceidiago de París que estaba escribindo unha prosa rimada, non daba cunha rima e foi axeonllarse diante dunha imaxe da Nosa Señora na Igrexa de San Victor en París, e pediulle que lle dese aquela rima que lle faltaba. E volveu ó seu escritorio e con pluma de ave escribeu e achou a rima, e cando a tivo atopada, volveu outra vez a axionllarse diante da Virxe e leulle a súa prosa rimada. E dí a cantiga de El Rei Afonso que Nosa Señora inclinouse levemente ó Arceidiago e díxolle: moitas gracias.

Eu agora penso que todos vós sodes Santa Galicia, unha nai eterna que se inclina un pouco diante de mín para darme as gracias, porque eu lle fun ler unha prosa ou un poema. Pero eu, dende logo, non vos debía, non lle debía deixar á Raíña santa e eterna que é Galicia, darme as gracias, senón adiantarme eu e axeonllado decirvos: “moitas gracias, moitas gracias”

ALVARO CUNQUEIRO NO PEDRON DE OURO DO ANO 1980

25 de maio de 1980

Patronato do Pedrón de Ouro, amigas e amigos todos:

Eu agradezo moi profundamente este Pedrón de Ouro 1980, que me ten sido outorgado e que me pon na nómina formada por un grupo de galegos que traballaron no surco da terra e que estiveron na sementeira e na colleita. Agradézolle moito ó meu amigo, que xa foi de moitos anos, Abuín de Tembra, as palabras que me adicou, tan xenerosas.

Eu decátome de que estamos nun lugar sacro, na casa na que viviu e morreu a Cantora. Decátome da miña pequenez, non é falsa humildade. Teño cáseque que repetir aquí as palabras que hai xusto un mes, eu decía en Vigo nun homenaxe que me renderon os amigos. Eu veño dando gracias ós que me conceden o Pedrón de Ouro, dándolle gracias a Abuín de Tembra, dándolle gracias a tódolos que estades aquí. Teño que darlle gracias a Deus¹, porque me permitiu nacer en Galicia, neste grande reino deitado beira do Océano, no Fisterre, a terra mais occidental do mundo conocido.

Teño que dar gracias a Deus, porque me permitiu vivir ó mesmo tempo que vivides vós, e recibir esta compañía de vós. E teño que dar gracias a Deus, e moito mais neste día de Pentecostés, neste día do vento e do lume, que decía tan fermosamente o crego na Misa de Santiago de Padrón, neste día das linguas teño que darlle gracias a Deus de haberme dado o don da lingua nosa, de haberme permitido vivir na casa da nosa lingua, de haberme permitido encender lume na lareira da casa da lingua galega.

Un amigo* de Mistral, decía que os apóstolos comenzaron a falar en tódalas linguas, pero non só nas linguas presentes, é deir,

¹ Cunqueiro pronuncia "Dios". Sin embargo poñemos *Deus*, por un motivo interno de coherencia lingüística e, sobre todo, porque o mesmo autor nolo autoriza implicitamente: 1º) no discurso de Vigo, ó que aquí se remite, el mesmo emprega *Deus*, 2º) no presente discurso mesmo hai un momento no que Cunqueiro se corrixe, xustamente onde vai sinalado un asterisco:

* Cunqueiro dixo aquí: "...darlle gracias a Dios (gracias a Deus)..."

* Cunqueiro pronuncia o nome de este amigo, pero non foi posible descifralo.

nas linguas do seu tempo, senón tamén en tódalas linguas que foron denantes e en tódalas linguas que iban vir despois. Que falaron, di, en tódalas linguas que houbo, hai e haberá no mundo. E, entón, se el pensaba que os Apóstolos houbo un momento no que falaron na lingua de Oc, eu teño que pensar, nós temos que pensar que houbo un momento en que os Apóstolos, o día de Pentecostés, no día do vento e mais do lume, en día das chamas sobre as cabezas dos Apóstolos, no día das linguas, falaron da lingua nosa, falaron en galego, na eternidade do galego: que iba chegar, iba haber un día, unha primaveira no mundo, e nesa primaveira, ó lado dos paxaros mais cantores, a carón das mais fermosas rosas, no medio dos ventos de abril, nas bocas dos nenos e nas bocas das nais iba haber a lingua nosa, a nosa lingua galega.

E non é outro o senso da miña pequena obra literaria. Eu sei o que vale, eu sei que non son un fabulador un pouco vagabundo, un inventor de historias; que ó mellor, o meu posto quizais fora noutro século e cunha viola, coma un cego de festas co seu violín, andar cantando coplas e sucesos polas feiras do mundo adiante. Pero como decía hai un mes ós amigos que estaban co mesmo fin comigo en Vigo, se a miña obra ten un sentido, teno no meu desexo profundo, na miña aspiración máis fonda, en algo polo que eu daría a vida, que é que a nosa lingua continúe, que Galicia siga.

Acordo a un poeta francés, Charles Peguy: cando no Misterio de Caridade de Xoana de Arco, saía Xoana e lle preguntaban que é o que quería facer, e ela decía: "il faut que chrétienté continue", é preciso que a cristiandade continue. E preciso, pra ben e pra decoro do mundo, que Galicia continúe, e, se continúa a lingua, nós continuaremos como pobo, e, se a lingua non continúa, nos non continuaremos como pobo.

Non podeades decatarnos cánto vos agradezo a vosa presenza, canto agradezo este Pedrón de Ouro, canto agradezo o saber, agora na "cruda senectute", que decía Cicerón, xa nas portas da vellez, canto me consola a mín, canto me conforta sabervos a todos tan amigos e atoparme con vós neste querido... e vós védelo tamén coma mín—.....é un lugar sacro, é un dos santos lugares de Galicia. Moitas gracias.

Lourdes PARDO fixo a transcripción a partir das grabacións

FERMIN PENZOL, UN PARAISO OCULTO

Nun tristento día de primeiros de marzo fumos enterrar a Fermín Penzol a Castropol, na punta asturiana da ría de Ribadeo. Impresionoume o pobo sin vida de grandes casonas valeiras e pechadas, que entretecían as ruas silandeiras: todo un abandono das foliadas do vran. Por elas, dende a Igrexa, collendo logo por un fermoso camiño antre plátanos mancados pola poda, fumos astra o pequeno cementerio, onde, antre o bruar tremendo do vento e as emocionadas notas do himno galego, ficou o cadáver do noso amigo á beira do mar.

Como me ten ocorrido nalgunha outra situación semellante, sentín a forte vivencia dun ambiente transfigurado, no que a morte quedaba transustanciada nunha plena presenza do bó amigo. Sí, eu así o sentía, coa súa cabeza inclinada cara á ternura coma sempre, o seu sorriso garimoso e acougador e o seu xa probervial silencio, colo de fondas e sustanciosas verbas nun mundo no que o sentido da palabra resulta tan estraño. Foi, pois, unha desas vivencias que marcan unha vida.

Quixo ser enterrado en Castropol, terra da súa nai, por ser o centro do seu peregrinar como rexistrador polas terras de España durante moitos anos, astra que, xa xubilado, se veu establecer en Santiago. Nacido en terras de León e criado en Mondoñedo e Pontevedra, onde fixo o bacharelato, foi en Madrid cando estudaba Dereito onde se despertou nel un apaixonado galeguismo, que se prendeu definitivamente do norte da súa vida. E así empezou a mercar libros galegos, astra acadar a Biblioteca mais completa sobre o tema, xenerosamente donada para o servizo dos estudosos, que a poden consultar na rua Policarpo Sanz de Vigo.

O galeguista, o bibliófilo, o mecenas seguramente absorberán para a Historia a súa rica personalidade, pero eu quero deixar constancia aquí de que a súa gran humanidade foi a mellor riqueza de Don Fermín e que foi a mellor donación que puido facer a aqueles que tivemos a inmensa sorte de poder gozar da súa amizade, tan fonda e fraternal. Por eso, cando voltábamos do cementerio naquela tarde neboenta, tiveren como nunca a firme sensación de que a fraternidade verdadeira non hai morte que a rache, nunca... nunca.

Por Xosé M.R. PAMPIN

LETRAS GALEGAS-81:

O TEMA RELIXIOSO EN RISCO

Por Victorino PEREZ PRIETO

A *Xeneración Nós*-tamén chamada “Xeneración Risco”, polo peso indiscutible que Don Vicente tivo nela a causa da súa persoalidade e sabencia-, sen dúbida a mais senlleira das xeneracións galegas, foi certamente unha xeneración de homes nos que gravitaron dous polos fundamentais: a fe cristiá e a fe galeguista. Cristianismo e nacionalismo galego son os dous elementos claves pra entendermos estes homes egrexios; a pesares da crise que fixeron algúns deles nun intre dado: o nacionalismo galego no Risco da derradeira etapa, e a fe cristiá nalgún momento da vida de Castelao. Risco, Otero, Cuevillas e Castelao, as catro figuras mais remarcables desta Xeneración, uniron ao seu coñecido galeguismo, unha rexa confesión de fe cristiá; cos seus mais e os seus menos, coas suas peculiaridades e distincións, pro, ao cabo, cristiá. Habería que contrapoñer, nefeuo, o cristianismo optimista e vitalista de Otero e Cuevillas (1) ao cristianismo anguriado, beato e perto a superstición de Risco (especialmente na súa derradeira etapa); pro sin esquecer que os tres están perfectamente dentro do credo católico, a pesares das súas cadencias tan distintas. O caso de Castelao é un pouco distinto, pero tamén él é un verdadeiro cristián, anque mais “por libre”. Mais en todos, seu cristianismo ten algo de galego; Deus sempre aparece con unha especial manifestación na Natureza, na Natureza Galega, mimada pola man de Deus; o que fai do cristianismo galego un cristianismo fundamente enraizado na terra, como dixera Risco en “O sentimento da Terra na Raza Galega”.

E a este grupo ao que pertence Don Vicente Risco, a figura mais controvertida, nun tempo mestre indiscutible do nacionalismo galego, cabeza pensante e ideólogo de movemento; e logo

¹ Ao respecto pode consultarse o meu traballo de licenciatura en Teoloxía Dogmática pola Universidade Pontificia de Salamanca (1980), dirixido por Don Xabier Pikaza, “O tema relixioso na xeneración Nós”.

² “O sentimento da Terra na Raza Galega”, aparecido no primeiro número de *Nós* (1920). E logo recollido en *Leria, Galaxia*, Vigo 1962.

figura criticada, refugada, esquecida e relegada polos seus mesmos discípulos. Unhas verbas que Castelao lle dixera a Otero Pedrayo no seu exilio expresan con toda forza este drama:

“Cando volva a Galiza e atope a Risco, doulle unha labazada, e cúspolle nun ollo... pero despois, recolloo nos brazos, ergoo e doulle unha aperta, e pónome a chorar con él porque ‘debémoslle tanto!’”

¿Como foi esto?, ¿Quen foi, logo, este home controvertido?, ¿Cales son os elementos deste drama?, preguntáranse moitos. Somentes unhas pinceladas pra mellor entender a figura de Don Vicente, e poder acercarse con mais claridade á súa faceta relixiosa.

I- RISCO, O HOME

Vicente Martínez-Risco Agüero (1884-1963), ourensán e amigo, dende a súa infancia, do noso chorado Don Ramón Otero Pedrayo, home inqueda, buscador e eterno “inadaptado” como él mesmo se autodefiniu, sufríu ao longo da súa vida unha evolución, mais ou menos claramente dibuxada en tres etapas fundamentais, que hai uns anos Don Ramón Piñeiro caracterizara deste xeito: 1) De formación e procura de si mesmo (deica o ano 18, no que únese as Irmandades da Fala). 2) De encontro consigo mesmo e de fecunda plenitude (do 1918 ao 1936). 3) De evasión defensiva (dende o 36 a súa morte).

O Risco inadaptado maniféstase moi especialmente na primeira etapa, dominada pola súa “vanidade egolátrica”³ e a súa búsqueda dunha realidade que o elevara sobor do mundo decadente que vía ao seu derredor. Etapa maxistralmente plasmada por Risco no seu famoso ensaio “Nós, os inadaptados”⁴. Home de espírito inqueda e con conciencia de élite, con unha formación esótica e esquisita, e que desprecia olímpicamente aos “filisteus” que ve no seu derredor como home “de espírito” que se sinte⁵. Tras peregrinar por todos os modernismos, esteticismos,

³ Ramón Piñeiro. Prologo ao libro de R. Lugris Freire. *Vicente Risco na cultura galega*. Galaxia, Vigo, 1963.

⁴ “Nós, os inadaptados”, aparecido tamén no primeiro numero de *Nov* e logo recollido igualmente en *Urra*.

⁵ Os conceptos de “home de espírito” e “filisteu”, quedaron mánticamente expresados polo mesmo Risco no citado ensaio “Nós, os inadaptados” (páxs. 50-60), e mais extensamente na súa novela *O porco de pé*. Galaxia, Vigo 1972. páxs. 253-256.

orientalismos e misticismos, atopa en Galiza, unha Galiza alienada de si mesma por unha cultura allea, o seu paraíso soñado. Este home inqueda, buscador, culto, intelixente e avisado, pon o seu saber e a súa vida ao servizo desta Galiza recién descuberta; como Don Quixote lle ofrece os seus trunfos á súa “sin par Dulcinea”. A ela lle adica os seus millores anos e os seus meirandes esforzos. Embarcado na laboura galeguista deixa as súas veleidades de narcisismo intelectual elitista, que culminaran na revista “La Centuria”, empeza a colaborar en “A Nosa Terra”, onde de contado esboza unha “Teoría do nazonalismo galego” que deixa boquiaberto ao mesmo Vilar Ponte; e en 1920, xunto con Castelao, Lousada Diéguez e Noguerol funda a revista “Nós”, da que será o seu director o lider indiscutible ao longo dos 145 números que duróu. Estuda a tradición histórica galega dende as súas bases populares, deixando un inxente traballo de historia, etnografía, filosofía, arte, literatura, etc. Mais a laboura galeguista de Risco non se limitou somentes ao eido cultural, senon que pasóu tamen ao terreo do político. Onde vai sentando as bases do moderno nacionalismo galego, despois de rexeitar o rexionalismo de Brañas e o agrarismo de Basilio Alvarez; amén do centralismo e o imperialismo, o capitalismo e o socialismo... En 1921 é nomeado pra o Consello permanente das Irmandades da Fala, e en 1922 ascende a conselleiro supremo da “Irmandade Nacionalista Galega”, recién constituída. El e Castelao convírtense pronto nas figuras centrais do galeguismo polos anos 20; Castelao como símbolo, Risco como mestre.

Pro todo esto véñse abaixo a finais dos anos 30, cando Risco vai renegando das súas creencias galeguistas e lánzase despavorido a procura dunha salvación individual, no naufraxio que ve ao seu arredor. Risco volta ao individualismo, exotismo e esoterismo da súa primeira etapa, aínda que agora marcado por un tono máis tradicionalista e beato; entregado a cobiza literaria castelá e rexeitando o galego que tanto loubara; mergullándose no misterio no oculto, no reino do demo e as súas mañas. ¿Que sucedéu? ¿A qué se debéu tal cambio? Algúns faloron de que en realidade non se dera tal cambio radical, senon que se tratóu somentes dunha evolución, da superación dunha etapa pasaxeira -a galeguista- pra retornar as súas eternas inquedanzas; Risco empalmaría cos vellos

temas e preocupacións que sempre tivera, deixando a acción dos anos 20-30 pra voltar a tradición ⁶. Ou tratátiase dunha

“persoal aventura intelectual dificilmente comprensible na España dos anos trinta e coarenta”, e que por esa incomprensión prodúcelle a marxinação de todos “por non encaixar en ningún dos grupos e capelas” ⁷.

Mais se estas afirmacións poden ter algo de verdade, non pode ocultarse o cambio operado en Risco, e non pode ocultarse ese medo do que fala Don Ramón Piñeiro:

“O terror incurable producido no seu ánimo pola guerra, renovada cada día e cada hora polo arreguizo de mil medos cativos que o abouraron arreo e que foron parar nun medo tremendo e teimoso: o medo a morte” ⁸.

Eu coído que o cambio indudable que se dou en Risco a finais dos 30, e que dalgunha maneira siñificóu unha volta atrás, mais xa sin a inxenuidade xuvenil, debeuse non tanto á impresión que causóu nél a Guerra Civil, canto a unha especie de “medo ontolóxico” que o foi invandindo xa polos anos anteriores á Guerra, a principio dos 30, e sobor de todo nos turbulentos derradeiros anos da República. Un medo ao carís que iba tomando a sociedade occidental, non somentes a española; cousa que xa deixara constatada en “Nós”, no diario do seu viaxe por Europa no ano 1930:

“A sociedade moderna, decadente e material, está destragada polo marxismo, polo freudismo, polo nudismo, polo capitalismo” ⁹, e compre “que formen unha forte falange os crentes da cruz contra o materialismo ateo, en defensa da relixión, da moral, do matrimonio, da familia e a verdadeira cultura” ¹⁰.

⁶ Cfr. El Varela, “Vicente Risco, in memoriam”, *Arbor*, 210 (1963) e “Risco y el diablo”, *Papeles de San Armalán*, 147 (1968).

⁷ Cfr. Antón Risco, *Pensamento de Vicente Risco*, Alvarellos, Lugo 1978, pax. 64.

⁸ Ramón Piñeiro, *op. cit.*, pax. 13.

⁹ “Da Alemaña”, *Nós*, 120 (1933) pax. 256.

¹⁰ “Da Alemaña”, *Nós*, 104 (1932) pax. 144.

II. RISCO, HOME RELIXIOSO E CATOLICO ORTODOXO.

Risco non foi sempre o católico ortodoxo e escrupuloso que todos coñeceron. Viña dunha familia liberal e anticlerical, e aínda que seu pai non practicaba a relixión, súa nai, nembergantes, era moi beata, e deulle unha severa formación relixiosa ao neno Vicente Risco. Pro na súa xuventude estudiantil emancipóuse de toda esa formación; o xoven Risco foi unha especie de agnóstico con mezcla de panteísmo, misticismo e elementos das relixións orientais (induismo, taoísmo e sobor de todo budismo). A teima orientalista foi unha constante en Risco, o seu fillo oeulle decir que si non fora católico, sería budista. Por estes anos de xuventude, chegou mesmo a profesar na Igrexa Teosófica do Roso de Luna; de todos son coñecidas as afeccións teosóficas do xoven Risco, que quedaron reflexadas en “La Centuria” (revista teosófica fundada e dirixida por él mesmo) en “Nós”.

Deica os 30 anos, pola mesma época do seu descubrimento de Galicia, deuse a súa conversión, ou se se quere, a súa “recuperación católica” ¿Será casualidade que coincidan ambas? Risco descubre ao mesmo tempo a fe cristiá -de modo consciente- e a Galiza -tamén cristiá-. Antón Risco conta como lle ouéu decir varias veces á seu pai, que a súa conversión cristiá fora en parte debido á lectura de textos de conversos, especialmente ao famoso ensaio de Unamuno “Mi religión”. Certamente a fe destes dous homes é moi desemeillante, e mesmo o seu cristianismo está nas antípodas; difícilmente pódense casar os presupostos teolóxicos dogmáticos do catolicismo ortodoxo de Risco co cristianismo filoprotestante e liberal de Unamuno. De todos xeitos, o irracionalismo relixioso de Unamuno, e a súa concepción da decadencia occidental, o seu anxeio de verdade, lonxe da superficialidade e a percura constante do “espírito”, acercáranos indudablemente a Risco: ambos son “homes de espírito”, con frase de Risco. Antón Risco conta tamén como seu pai ten dito que:

“Unamuno e Kierkegaard dan a fe ao que non a ten, mais quítanlla ao que a ten”.

Cecais Risco atopora en Unamuno a base irracionalista que lle facilitara o salto á fe dende a súa formación positivista.

O que é certo de todos modos, a xuzgar polas espresións relixiosas que foi deixando de palabra e obra, é que Risco foi buscando na relixión católica -nun cristianismo convencional, tridentino e fortemente dogmático- un sólido refuxio ideolóxico e afectivo dende onde ollar a destrución do mundo que vía vir, e no que pudiera atopar acougo fronte ao caos; o que se acentuou cos sucesos dos derradeiros anos 30, facendo dél un extremado beato, a percura desesperada da salvación, e que vía o demo por todas partes. O seu fervente catolicismo inspirou toda unha abondosa literatura xornalística e a meirande parte dos seus derradeiros libros ¹¹.

Na evolución relixiosa de Risco coido que puido ser un fito importante o seu viaxe por Europa, especialmente por Alemaña, no ano 1930; cuio diario foi publicando en "Nós", e logo saéu en libro co título de "Mitteleuropa" (1935). Deste Diario son estas impresións, escritas en Wannese por Xunio do 1930:

"Estóu pasando unha crise, non direi de misticismo, mais de exaltación relixiosa, cecais de reacción contra a impiedade ¿E isto a locura da cruz? Se fora isto chegaríamos a ser santos ¿E non é ise o deber de todo cristiá?..." ¹².

III. RELIXION E TERRA

Polos anos da súa etapa galeguista, Risco establecéu unha relación filial entre o pobo galego e a Terra, falando dun verdadeiro sentimento relixioso que os xungue, e é capaz de alumear o camiño do pobo (así en "O sentimento da Terra na Raza Galega"). Relixión no senso panteista de identificación coa terra:

"Amore á terra, morriña, saudade...E o noso patriotismo vexetal... Terra espiritualizada polo noso amore. Terra santa e bendita da que fomos formados" ¹³.

¹¹ Pode consultarse unha bibliografía actual cuasi completa ao respecto no meu traballo citado.

¹² "Da Alemaña", *Nós*, 100 (1932) páx. 65.

¹³ "O sentimento da Terra na Raza Galega", *Leria*, op. cit., páx 22.

Risco estuda a influencia da Terra no home galego, buscando a orixen deste sentimento místico da Terra. E vai amosando unha serie de respostas:

A do ruralismo, a “emoción do sedentarismo” dun pobo labrego, apegado a terra da que vive, que crea nél un “misticismo materialista de dependencia da terra”. Pro esta emoción non chega pra explicar o sentimento da terra nos galegos; a terra impónse tamen como Natureza a nivel estético:

“A Natureza que se fai superior a sí mesma nesta anaco, como divinízandose nél”.

Tamen está a “emoción ancestral” dos nosos abós celtas, emoción “que fai cair de xoennlos, coma quen sinte palpable a presenza dos deuses”, e que quedóu grabada pra sempre na alma galega. Pro hai mais aínda, afirma Risco,:

“Hai no presentimento panteísta a conciencia escura dunha gran verdade; a nosa Raza ven de lonxe, mais se primeiro se fixo filla da terra por adopción, hoxe eo por consanguineidade no sangue e na ialma”.

A traveso dunha síntese de misticismo oriental (especialmente da sabiduría hindú, que tan ben coñecía Risco), cristianismo e amor a Terra, Don Vicente atopa a clave deste sentimento relixioso do galego:

“O home é un desexo descido no mundo da corporeidade”, desexo de vivir, de chegar as cousas, meterse nelas e atopar a súa alma, desexo de chegar a Deus. Este desexo dounos a conciencia de separación, e con el o esforzo de unión. Desá conciencia nace a esperanza de unión coa natureza, e a meta suprema é a unión coa esencia de todo: Deus; emporiso chama a Deus “a luz da Esperanza acesa diante de nós”, e ese amor é “o agarimo da nosa Terra”. Emporiso sentimos a presenza viva de Deus na nosa Terra, “que se nos fai sagrada, como unha eirexa, porta da eternidade, tabernáculo da gracia de Deus feita beleza”¹⁴.

¹⁴ Ibidem. páx. 30

Este é tamen o eixo trascendental da saudade, que Risco define como “cobiza de lonxe”, cobiza da suprema identidade.

Tomado a letra este plantexamento levaríanos a un calro panteísmo, no que Deus aparecería diluído na natureza; un panteísmo emanentista no que non habería lugar nin pra transcendencia de Deus, nin pra acción salvífica persoal de Cristo. Pro se ben este perigo é real, Risco non pretende, nin moito menos, facer unha confesión de fe panteísta, en contraposición ao seu credo católico; emporiso compre distinguir o nivel estético e literario do nivel dogmático, pois a esaltación galega que está vivendo Risco cando escribú o citado ensaio, levo a expresións literarias dogmáticamente esaxeradas. Mais non podemos negar algo que en todos estes homes da xeneración Nós aparece mais ou menos claramente ¹⁵: Na Terra Galega Deu manifesta o seu amor e a súa presenza de modo especialísimo, emporiso a relixiosidade de todos os galegos sempre terá unha forte cadencia telúrica.

Nesta unión de Relixión e Terra compre encuadrar tamén a súa concepción do pecado social, que expresa na novela corta “A Coutada” ¹⁶. O pecado social, ou pecado colectivo, é aquí o pecado de desarraigo da Terra; Eladio, o protagonista de “A Coutada”, é a encarnación do pobo galego desvencellado do espírito da Terra, que quere lavar o seu “pecado orixinal”, retornar as raíces da Terra. Pois:

“Hai pecados que Noso Señor castiga un por un en cada pecador... Mais hai outros pecados que ceais non sexan de cada un... pecados dos pobos, das razas, das sociedades, pecados que tamen ofenden a Deus, e que él castiga coas guerras, coas calamidades, coas revolucións” ¹⁷.

IV. O POBO GALEGO E A RENACENCIA CRISTIA

Risco foi aínda mais lonxe na unión do cristián e o galego -neste caso especificamente como céltico-, lanzando unha das

¹⁵ Compre destacar especialmente a Don Ramón Otero Pedrayo, de quen se chegou a afirmar un certo panteísmo; e que se trata mais ben dunha cadencia cósmica, teilhardiana e franciscana, do seu ortodoxo cristianismo.

¹⁶ “A Coutada”, aparecida en *Nós* (1926), e recollida en *Leria*. op. cit.

¹⁷ *Ibidem*, páx. 125.

ideas mais arriscadas que saíron da súa pluma: o pobo galego como novo pobo de Deus, chamado a salvar ao mundo occidental da súa progresiva decadencia -decadencia que lle ven por ter vendido a súa alma ao demo-. Ao longo duns ensaios saídos a luz en "Logos", entre os anos 1932-1933, co título xenérico de "Pensamentos encol da fe e mais da cultura" ¹⁸, Don Vicente foi desenrolando esta peregrina teoría.

Falando da renacencia do catolicismo polos anos 20-30, e, ao mesmo tempo, da ofensiva paralela contra toda concepción relixiosa, especialmente contra o cristianismo, Risco afirma con rotundidade a necesidade de que o catolicismo volte a ser:

"Guía de entendimentos e voluntades", pois "a relixión é a base necesaria da cultura -di-. A cultura occidental está morrendo por terse arredado do seu fundamento cristián".

¿Cal é o papel de Galicia nesta renacencia? "Os celtas son o pobo de Cristo", só os pobos celtas van camiñando ao lado de Xesús, axudándolle a carrexar a cruz polos "vieiros sanguifentos da Europa post-bélica"; esta é a tesis que pretende defender Risco. Xa os druídas celtas tiñan o presentimento de que había un só Deus, e Cristo tróuxolles o cumprimento das súas esperanzas -dí-, pois o Evanxelio é o cumprimento das triadas druídicas. Deste xeito pódese dicir co poeta Jean Pierre Calloch -coida Risco- que:

"O celta é a semente de Xesús. O Antigo Testamento foi cumprido polos xudeus, o Novo Testamento polos celtas" ¹⁹.

Admetindo que esta idea puidera semellar arriscada, Vicente Risco pensa que considerando despacio e comparando israelitas e celtas:

"Non podemos por menos de sospeitarnos entre estes dous pobos tan desemeillantes unha semellanza de destiño indicante dunha intención da Providencia".

¹⁸ *Lógos*, 18 (1932), 19 (1932), 20 (1933).

¹⁹ *Lógos*, 19 (1932) páx. 97.

Así, ambos son pobos oprimidos, predestinados a un lugar (Palestina nos primeiros e Fisterre nos segundos), padecen o fado da emigración, e ambos estiveron envoltos da dialéctica infidelidade-pecado-conversión. De ademetir esta hipótese -sigue Risco-:

“O noso sino fica de súpeto alumeado de escrarecida lus...: somolo pobo de Cristo, somolo pobo escolleito do Novo Testamento”.

E sigue matinando encol da misión histórica da raza galega.

¿Cal é esa misión ou destiño no momento actual? Europa ten unha cultura que está decaíndo polo esquecemento de Deus, mentras polo Oriente os pobos eslavos espertan, xurdindo un mundo novo

“Baixo a pseudomorfose marxista, a cultura horizontal e niveladora da estepa”.

Esta nova cultura materialista esixe que en Occidente se erga outra nova forza espiritual pra oporse a ela. Pois ben, esta forza espiritual ten que xurdir nos pobos célticos:

“Os pobos célticos ergueranse pra cristianizar a nova cultura, pra sinala co signo da cruz -afirma Risco-. Do mesmo xeito que outrora cristianizaron ós bárbaors xermanos, terán agora que cristianizar ós bárbaros eslavos”²⁰. Os celtas han representar a nova cultura, e Galiza terá nela un papel clave, terá que ser agora “quen guie e leve tras de sí a Portugal e España”.

V. O SENSO DA HISTORIA E A CRISTIANDADE

A concepción cíclica da Historia e o concepto de Cristiandade, son dous elementos fundamentais á hora de estudar o tema relixioso en Risco, especialmente no que se refire a súa derradeira etapa. O primeiro é tomado das teorías de Oswal Spengler, perpetuo compañeiro de Don Vicente na teima da “decadencia de Occidente” -a coñecida obra que Risco lera en alemán-. E o segundo atópase tamén moi nesta liña da decadencia

²⁰ Ibidem, páx. 100.

dos ideais cristiáns, ideais de cristiandade que xa vimos no apartado anterior, e que pouco a pouco foise convertindo nunha teima obsesiva de Risco.

1) *O concepto da Historia* deixouno expresado Risco moi especialmente nun ensaio publicado polos anos da Guerra Civil como separata do semanario "Misión"²¹. Tras descartar a "Teoría da caída" e a "Teoría do progreso" ou da evolución, Risco opta pola "Teoría dos ciclos", como a mais axeitada a realidade e a fe cristiá. Por seguir o proceso natural (nacemento, crecemento, plenitude, decadencia e morte); se ben a Historia é un proceso natural "sui géneris", pois nél intervén o espírito humano coa súa liberdade e intervén tamén o plan de Deus. Según esta teoría cada pobo e cada cultura teñen un proceso vital propio e describen un ciclo; agora ben, Risco precisa a Spengler decíndolle que esquece o senso unitario da historia, senso que lle ven dado polo destino sobrenatural do home:

"El proceso histórico forma parte del plan general de la creación y es Dios quien ha ordenado este plan... con un fin... un fin dictado por Dios... Además, la Historia es la Historia del hombre, y el hombre tiene un origen sobrenatural. Y toda la vida del hombre está ordenada a ese fin sobrenatural".

Alcanzando así unha "concepción providencialista" da historia, que Risco non dubida en afirmar ten que ser a de todos os católicos.

Xa denantes tiña esposto mais brevemente esta concepción da historia nun articuliño saído a luz en "Logos"²², onde falaba da concepción cíclica e unitaria da historia según San Agostiño:

"A cruz parte o tempo en dúas mitades, antes e despois de Cristo".

Certamente coído que mal poden casar unha concepción cíclica da historia (a grega), coa concepción unitaria e teleolóxica que o cristianismo herdou dos xudeus. De feito, Risco, anque fala desta concepción unitaria, non chega a conxugala moi ben coa

²¹ "El sentido espiritual de la Historia", *Misión*, sup. 24 (1937).

²² "A paixón de Cristo e a Historia", *Logos* 28-29 (1933) p. 69-71.

concepción cíclica; mantendo pra elo a dualidade historia sagrada-historia profana, como dúas historias distintas, a primeira sería cíclica e a segunda unitaria.

2) O ideal da *Cristiandade* é o arquetipo histórico no que vai insistir Risco, especialmente na súa derradeira etapa, como teima de vello. En plena Guerra Europea, repite dende as páxinas de "Misión":

"Debemos querer la salvación de Europa, pero más aún debemos rescatarla de sus propios errores, restaurándola como solar de la Cristiandad, gloria de Jafet"²³.

A espada do Apóstolo é o símbolo desa Cristiandade:

"La vida de la Cristiandad, la vida de la Iglesia, es perpetua guerra... La fe no ofrece paz al mundo, es un desafío al mundo. Y vive con él en perpetua guerra"²⁴.

3) *Os mitos cristiáns*

O mesmo ano da morte de Vicente Risco, saíu a rúa o seu libro "Mitología cristiana"; estrano, mais interesante libro onde recolle e estuda unha curiosa escolma dos mitos desta Cristiandade. Curiosa porque, ao lado do mito clásico da Cristiandade, o Rei Arturo e os cabaleiros da Taboa Redonda á demanda do Santo Grial, aparecen persoaxes como Don Quijote, Hamlet... e o mesmo Fausto. Risco mesmo recoñece esto na Introducción, decindo que se ben a verdadeira mitoloxía cristiá é a do ciclo épico (Arturo, Carlomagno, Don Sebastián...), a do ciclo trágico (Hamlet, Don Quijote,...), aínda sendo mitoloxía do humanismo, está de cheo no cristianismo; porque a mitoloxía cristiá non somentes presenta trunfadores, ao seu lado van tamén os "trágicos vencidos", os fracasados e rexeitados.

Agora ben, a mitoloxía cristiá a que se refire Risco, dista moito -como é de supoñer polo dito- dos plantexamentos bultamanianos da desmitoloxización. Os mitos cristiáns dos que fala Risco non se retiren

²³ "Cuerpo, alma y peligro de Europa". *Misión* 26-II-1944.

²⁴ "Por qué la cruz de Santiago tiene una espada". *Spes* 31 (1937).

tanto ao cristianismo, canto a Cristiandade; non tratan de deuses, senon de homes. A súa mitoloxía cristián é, con palabras súas, : “El drama interior del hombre hecho historia. Es la mitología del mundo exterior, del microcosmos; la vida agitada y trágica del alma por dentro de sí misma, desganaada pola tensión violenta de las fuerzas opuestas”²⁵. Emporiso os seus mitos cristiáns son unha serie de arquetipos humanos e cristiáns, uns reais e a maioría ficticios, que manifestan esta loita interior do home. Pois o cristianismo como tal non ten mitos, xa que a Palabra de Deus desvelou toda a realidade, desplazando todas as mitoloxías pagáns.

“A demanda do *Santo Grial*” é o gran mito da Cristiandade, que pra Risco ten un senso relixioso evidente, é reflexo do misterio eucarístico nunha imaxe épica; o que sucede é que o mundo moderno perdéu o senso do misterio e do símbolo:

“El misterio del Santo Graal interpreta el misterio eucarístico como una empresa en el interior del alma... El Santo Graal es el corazón de la Cristiandad, de donde rebosa la sangre redentora de Cristo, único que puede salvarnos en todos los sentidos”²⁶. Pro a empresa do Santo Grial non é pra este home moderno, pra esta civilización decadente; estaba predestinada pra o ser “puro e louco, bárbaro, inocente”, é imposible pra o home decadente “enfermo de civilización”.

A clave do “*Don Quijote*” é pra Risco:

“Una lucha contra la fantasía, o contra lo que la fantasía vale, o contra lo que se tiene por fantasía y contra el modo como la fantasía nos redime”.

Pois chegóu o intre en que o mundo sometéuse a un orden que escriuie o extraordinario. Así, Don Quijote é un héroe anque fracase, pois levántase contra o mundo novo, “mundo sin espíritu”, de burgueses satisfeitos, de escribas, fariseus, pedantes e ociosos: mundo, en fin, de filisteus.

“*Hamlet*”, pola súa banda, non é propiamente un mito heroico, é mais ben un fracasado. “Ser ou non ser”, a esencia universalmente recoñecida do mito, é interpretada por Risco como a contraposición vida-morte:

²⁵ *Mitología cristiana*, Editora Nacional, Madrid, 1963, páx. 6.

²⁶ *Ibidem*, páx. 57-59.

“Ser es creer, dudar es no ser... la duda es un principio de muerte, incluso de muerte eterna”; esta duda é o punto de partida da decadencia moderna.”

Respecto de “*Don Juan*”, Risco tenta chegar a unha interpretación espiritual do mito, mais aló da interpretación biolóxico-psíquica do conquistador de mulleres, e mais aló da interpretación filosófica. A esencia de Don Juan non é o “donjuanismo femenino”, senon seu lema: “eu e as miñas petaduras”. Anque Don Juan non é un rebelde, un contestatario; el é un héro precisamente porque se planta ante o que cre e respeta en actitude de desafío.

“Es impio y sacrilego, pero no ateo y blasfemo”. Emporiso é prefigura do superhome mito humanista, pro ao mesmo tempo é un mito cristián, porque foi o cristianismo o que descubréu o ego, o valor eterno da intimidade, a subxetividade responsable, que implica a idea de pecado persoal. Don Juan é un pecador, un pecador arquetípico, emporiso o seu mito convírtese nunha “historia edificante”.

“*Fausto*” é o mito que todos queremos realizar; mito moderno que Risco pon por riba de todos os mitos. Hastra o punto de que Fausto define unha especie de home, tipo do home occidental, “o home fáustico”, que Spengler definira como “soedade do home nun espacio sin límites”, existencia conducida pola plena conciencia.

Os derradeiros mitos son “*Pierrot*”, “o derradeiro suspiro do humanismo”, consciente da súa decadencia; e “*Arlequín*”, o único mito que conservou o arte moderno no seu deserto de esprito, a decir de Risco; con él morreu a alma do mundo... do verdadeiro mundo.

VI. RISCO E O DEMO

Non podemos rematar o estudo do tema relixioso en Risco, sobor de todo se queremos coñecer o derradeiro Risco, sin facer referencia as súas alusións ao demo. Da man da súa “*Biografía del diablo*” van saír totalas teimas e angurias de Don Vicente; as súas

teimas relixiosas e as súas angurias sociais e culturais atopan eiquí unha explicación clara: a decandencia da humanidade, ou mellor, da Cristiandade, é obra do demo. Seguramente pareceralles a algúns un apartado chocante e mesmo escandaloso, pro ahí está a obra de Risco, ahí quedaron as súas afirmacións, e... xuzgue o lector.

“Satanás. Biografía del diablo”²⁸ non é o primeiro escrito de Risco encol do demo. Aparte do que fala dél en artigos de relixiosidade popular, recollidos en “Nós”, publicou -tamén nesta revista- un curioso artigo que toca o tema de frente: “Dedalus en Compostela”²⁹. Dedalus fai referencia ao famoso persoaxe autobiográfico de James Joyce na súa novela “Portrait of the artist as a young man”. Mesmo anos despois, Risco escribirá outro despiadado artigo encol de James Joyce, cuio título xa o dí todo: “James Joyce, el satanismo laico”³⁰, onde afirma que Joyce fixera un pauto co demo.

De xeito somellante comenza o seu “Satanás”. El é a contradición en persoa, si Xesús é o “blanco de contradicción”, Satanás é a contradicción mesma. O primeiro que hai que deixar claro —comenza por sentar Risco— é que o demo existe, e “o que non cree nél, pertencelle”.

Tras falar do orixe do demo, asegún a coñecida e tradicional mitoloxía do anxo caído, quere deixar ben sentado como os demos puxéronse a maquinar contra os homes dende o seu mesmo momento da aparición sobre da terra, como medio de oporse a Deus.

O home figúrase que loita coa natureza, mais é o demo o que pon os obstáculos diante dél; coida que pelexa cos outros homes por cousas súas, mais é o demo quen suscita as súas enemistades. Emporiso o demo é o gran nemigo do home, xa dende o Paraíso.

A maior parte do libro é unha descripcón das obras do demo ao longo da historia. Emporiso o libro ven sendo unha especie de

²⁸ *Satanás. Historia del diablo*, Libros y revistas, Madrid, 1947.

²⁹ “Dedalus en Compostela”, *Nós*, 67 (1929). Recollido en *Leria*, op. cit., por onde citarei.

³⁰ “James Joyce, el satanismo laico”, *Misión*, sup. 265 (1944).

historia da humanidade... en clave demoníaca, dividida en catro grandes capíduos: 1) O Paraíso Perdido. 2) O Paganismo (dende a torre de Babel -prefiguración de toda a historia futura, especialmente dos tempos modernos³¹-, e toda a idolatría posterior, deica a súa inserción no pobo escolleito³², tamén corrompido polo demo). 3) O Cristianismo (o demo na Igrexa e o demo arredor da Igrexa). 4) E o derradeiro capiduo é o adicado a Apostasía, culmen actual da obra do demo entre os homes.

Tras do fracaso con Xesús, o demo toma como compromiso de honor a corrupción da Igrexa e a sociedade cristiá, e vai tecendo o fio de toda a historia posterior: persecucións, novo paganismo, herexias, maometismo, "saeculum ferreum oscurum", "paréntesis" medieval (cruzadas, escolástica, románico,...), Lutero, "século de ouro" satánico (o XVII: bruxería, posesión diabólica, pautos co demo...); a partires do XVIII Satán ten xa un sustituto, a deusa Razón. A ciencia é agora a nova arma do demo, "a outra maxia"; a partires deste intre, Risco vai botar fóra e tentar esconxurar tódalas súas teimas contra da civilización moderna, industrial, enferma de modo irreparable e que camiña ao caos absoluto, pois perdeu o senso do misterio, esqueceu o espírito e renegou de Deus, vendéndose ao demo. Esta "nova maxia" esixe crear "unha nova concepción do mundo": "Es indispensable que el mundo sea un agregado de elementos corpóreos homogéneos y de fuerzas mecánicas reductibles al movimiento local"; trátase de que as forzas da materia sexan dabondo pra explicar o universo, daí sairá todo o demais. Emporiso Risco afirma con rotundidade: "Sin duda alguna Dios creó el mundo, pero la imagen del mundo que nosotros conocemos la creó el diablo, y todos la creen: fieles e infieles, legos y sacerdotes, sabios e ignorantes... Satanás ha logrado, por las vías que fuese, el asentimiento de los cristianos a una idea del mundo que se inventó prescindiendo del cristianismo"³³. Esta cencia foi edificando

³¹ "La torre de Babel es el monumento del satanismo humano, perenne en la Historia de los hombres... Es la figura exactísima de nuestra civilización, inspirada en todos los sentidos en Satanás... Nuestra civilización es un desafío a Dios" (páx. 61). Emporiso o símbolo da nosa civilización é o raiñaceos, o mesmo nome xa é dabondo expresivo.

³² "La epopeya de Israel es una lucha constante contra el diablo". Israel cae definitivamente nas gadoupas do demo cando rexeitou ao Mesías. O demo creou o Talmud ("tabarra gigantesca con la que el diablo se viene burlando siglos y siglos de la inagotable paciencia de los judíos, a los cuales vienen haciendo aguantar el libro más indigesto del mundo"), e doule un valor todopoderoso a Torah, por riba do mesmo Deus.

Risco adicou tamén outro grosa libro aos xudeus "Historia de los Judíos. Desde la destrucción del templo", Ed. Surco, Madrid, 1955. En clave claramente antisemita, pois os xudeus son "o pobo deicida".

³³ *Satanás...*, op. cit., páxs. 202-203

pouco a pouco a nosa civilización, “nova torre de Babel”, personificación da “soberbia satánica”, desafío de Deus. Emporiso a nosa civilización é “por esencia satánica”.

Esta é a obra de Risco. Tal inventario de acusacións contra da nosa civilización -que quizais no estean todas erradas-, tal cantidade de anatemas contra todo o moderno; tais fantásticas explicacións tan fóra dos nosos esquemas de pensamento, resultannos realmente abafantes, e, en todo caso, non podemos telas en conta sin un tono de ironía e humor indulgente, tentando ler entre liñas. A primeira pregunta que nos facemos é ¿pensaba Risco realmente así?, ¿como un home da súa talla intelectual podía pensar de modo tan acientífico, tan inxenuo no millor dos casos (¿inxenuo?)...Dende logo non podemos poñer entre parentesis a sinceridade de Risco, sin mais. Por outra banda, quen o coñeceron corroboran que Risco pensaba realmente así, especialmente nos derradeiros tempos. Agora ben, tampouco podemos esquecer que o libro está escrito polo tempo da mais feroz censura franquista.

CONCLUSION

Como conclusión de todo o que dixemos, compre afirmar que o pensamento relixioso-teolóxico de Risco caracterízase por un irracionalismo que refuga todo positivismo que poda poñer en dúbida os pilares da súa fe. Relixión como refuxio seguro da desmembración social e humana que ve ao seu derredor, unha relixión beata, chea de medo, e tan “relixiosa” que peca por exceso, cáseque caíndo na superstición.

A vida cristiá que presenta anda entre un certo optimismo polos anos 20 e a anguriosa situación dos anos 40-50, sempre temendo a sombra do demo. Deus é visto mais como xuez tremendo que como Pai amoroso; e Xesús é sempre o sufrinte, o da cruz. A igrexa é vista sempre no contexto de Cristiandade que se ten que impoñer, mais que como pobo de Deus que ofrece a salvación de Xesús.

En fin, non podemos deixar de destacar a súa unión de cristianismo e galeguismo, anque chegue a extremos inaceptables, ao menos “in sensu strictu”.

Victoriano PEREZ PRIETO

O GALEGO NA LITURXIA

Por Manolo REGAL LEDO e
Xosé Antón MIGUELEZ DIAZ

De primeiras parecía algo fóra de lugar poñerse a falar agora do galego na liturxia, ou da liturxia en galego. A polémica sobre do asunto parece morta; as posicións, establecidas. Pro precisamente por isto, porque a belixerancia verbal —non a práctica— está esgotada, e é posible que a razón sexa admitida como elemento constitutivo do noso posicionamento, por isto, ofrecemos hoxe esta reflexión, que ten algo de repaso da nosa praxe galega na liturxia, e algo, moito, de aguilloante invitación a darmos pasos decisivos neste camiño.

I. A SITUACION PRESENTE

O día 7 de xaneiro do ano 1969 espallouse por Galicia adiante a feliz nova de que por fin o galego o admitiran no *Consilium* romano como lingua vernácula a empregar na liturxia. A decisión non fora precisamente un xesto elemental en resposta á lóxica solicitude elevada pola Xerarquía eclesiástica galega. Pasaran anos preñados de loita, de polémicas a tódolos niveis e por parte dos mais variados organismos e persoas antes que se lles concedese á Igrexa, ó pobo galego este elemental dereito a rezarlle ó seu Deus na súa fala¹.

Van pasados, logo, 12 anos desde aquela data tan importante. O tempo intermedio non foi un tempo morto; sucedéronse acontecementos significativos en relación co noso tema. Fundamentalmente cremos que foron os seguintes:

I.— A carta do bispo Miguel Anxo Arauxo

No mes de maio do ano 1975 apareceu no boletín oficial do bispado de Mondoñedo-Ferrol unha carta pastoral do bispo de Mondoñedo-Ferrol titulada "A fe cristiá ante a cuestión da lingua

¹A historia documentada desta polémica está estupendamente recolleita na obra de M. CAAMAÑO SUAREZ-X.M. RODRIGUEZ PAMPIN, *Pro e contra da liturxia en galego*, Sept. Vigo, 1980.

galega". En forma de separata chegou ás mans de milleiros de galegos interesados no tema. Tamén a prensa se preocupou do seu espallamento. O escrito ofrecía unha análise do problema desde unha perspectiva á altura de valoracións serias, científicas de tipo antropolóxico, histórico, sociolóxico e eclesial. Sin dúbida ningunha, nunca a Xerarquía eclesiástica fixera unha análise semellante, na que o que mais compriría suliñar sería a liberdade respecto ó Poder coa que elaborara o escrito. Algo simplemente evanxélico, como o seu autor se encargara de anticipar no comenzo da carta: "Unicamente quero deixar aquí testemuño de que non hai en mín outras motivacións que me leven a escribir sobre de este problema... que a miña fidelidade á fé cristiá i á miña misión apostólica entre vós".

O posicionamento do Sr. Bispo, despois do seu estudo, sobor do emprego do galego na liturxia era claro:

"Permitimonos exhortar aos sacerdotes a que adopten con convicción a lingua galega pra o seu labor apostólico en todas as suas facetas, e concretamente no terreo litúrxico, cando se trate de comunidades galego falantes.

O escrito alporizou a moitos. Quizais pola carga de palabra profética que contiña, e a pesar de que en todo momento o seu autor desbotara o tono polémico e pasional, e invitara a un razonamento serio e fondo. A concencia galega deu un paso adiante. O campo da esperanza medrou en amplitude.

2.— As decisións do Concilio Pastoral de Galicia

E opinión case común que o Concilio Pastoral de Galicia foi unha ocasión perdida, polas razóns que foran. Pra xustificarmos esta afirmación poida con que abonde con que nos decatemos de que o Concilio Pastoral non foi nunca —unha vez rematado— un punto de referencia, nin verbal nin práctico, pra ninguén, nin siquera prós que mais fe puxeran nel. Non houbo nin hai entre nós unha tensión emocional, vital, cara o Concilio Pastoral, como, por exemplo a houbo na Igrexa latinoamericana cara Medellín e na Igrexa universal cara o Vaticano II.

Emporiso serviu de catalizador dunhas aspiracións e, anque fora a nivel de ditos, verteu afirmacións moi importantes; en

concreto, no referente á presenza do galego na liturxia, afirma entre outras cousas:

“E vontade do C.P.G. que esta sesión sexa o principio dunha etapa nova prá liturxia en galego, polo recoñecemento conciliar de toda a Xerarqía da Rexión; pola xeneralización dela como cousa ordinaria; e máis, sobre todo, polo compromiso dos responsables pra levala a cabo. Estes han comenzar por adequerir a preparación necesaria, e poñerse á laboura de desenraigar toda cras de prexucios, e ir comenzando polos pasos máis doados, cunha pedagogía gradual e progresiva².

A intención era excelente. A decisión de promove-los traballos da Comisión de Liturxia en Galego, tamén o parecía. De feito, o compromiso chegou a pouco, e a máquina non se botou a andar. Non obstante os ditos foron ditos, e as palabras escritas foron palabras escritas. No chan a nosa conciencia espetouse unha nova chamada á esperanza. ¡Qué lonxe esta Xerarquía da que andaba ás apalpadelas, mesmo no falar aló polos anos 65 e lle prohibía ós periódicos falar do problema!

3.— A Constitución do Estado Español do 1978

Esta toma de conciencia de Igrexa galega, nalgúns dos seus niveis e personas polo menos, non foi un feito illado dentro do conxunto da sociedade; ó contrario, se a Igrexa avanzou en clarividencia, foi porque en boa parte ó avance xeral dunha sociedade que, farta de uniformismos paralizantes e represivos, se decatou da realidade plural que estruturaba todo o Estado Español. Por convicións fondas nalgúns casos, por simple estratexia política noutros, o caso é que os partidos políticos aprobaron unha Constitución na que o Estado queda estruturado como Estado das Autonomías. Era a caída da burra, o recoñecemento oficial dunhas diferenciacións enriquecedoras dentro do conxunto estatal. A lingua nas nacionalidades históricas serviu de elemento catalizador da personalidade propia, e na medida en que recoñeceron ésta, tamén a lingua recibiu o refrendo correspondente. Así a Constitución española aprobada en referendun estatal o 6 de Nadal de 1978 afirma:

“As demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas Comunidades Autónomas dacordo cos seus Estatutos.

²C.P.G., sesión III, 11,5.

A riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección" (Art. 3, 2. 3)

A pesar das tremendas incoherencias prácticas ó respecto por parte da oficialidade, non se pode negar que esta presenza do feito lingüístico na Constitución significou un punto de partida relevante.

4.— O Estatuto de Autonomía para Galicia do 1980

Dentro desta estruturación do Estado como Estado das Autonomías, e como unha consecuencia da mesma, atopámonos co Estatuto de Autonomía pra Galicia aprobado en referendun o 21 de Nadal do 1980, anque dunha maneira tan pouco convincente e tan interpelante a un tempo. Non entramos na cuestión de si Estatuto sí ou Estatuto non. O Estatuto está ahí, o Estatuto vai tentar rexe-la vida dos galegos; canto conteña, logo, merece ser especialmente considerado. E, consecuente coa Constitución, eis as súas informacións encol da lingua:

"A lingua propia de Galicia é o Galego

Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de os coñeceren e usaren.

Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios pra facilita-lo seu coñecemento.

Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua." (Art. 5, 1.2.3.4).

Astra o día de hoxe a práctica dinos que as palabras foron moito máis aló dos feitos. Están por ver detalles que nos amostren a boa vontade oficial en relación con esas *garantías*, con esa *potenciación* xeralizada. Mais ben estamos fartos de detalles no senso contrario. Emporiso o texto segue ahí, e pode valer polo menos como texto de referencia pra tódolos cidadáns á hora de poñer a exame a súa coherencia democrática.

Non se pode negar, logo, que non houbera aguillóns abondo. Dende dentro da mesma Igrexa e dende fóra dela abundaron os reconocementos. Todo podería indicar que por fin moitos fieis cristiáns, moitos cregos e frades, algún bispo, ían atopar razóns

pra deixaren o seu apaixonamento, a súa cabeza cuadrada, os seus complexos, o seu autodesprecio, as súas pretensións de se subiren ó cochiño dos supostos grandes. Pois non foi así, ou foino nunha medida moi cativa. Poida que o tanto por cento da xente de Igrexa que emprega o galego nas súas tarefas pastorais, maiormente na celebración da Misa, non chegue ao 5%.

Non sei que dá decilo, pro a xente da Igrexa, os seguidores de Xesús en Galicia, os responsables dese seguimento, non somos xente "experta en humanidade", como alguén moi pretenciosamente afirmara de toda a Igrexa.

II. AS RAZONS DO NON O GALEGO NA LITURXIA

Imos recoller agora os razonamentos da xente —cregos maiormente, pro tamén fieis cristiáns— que non queren, a pesar de todo o exposto, que o galego se empregue na liturxia. Facémolo coa convicción de que en moitísimos casos non existe razonamento ningún, é o simple facer o que se fixo sempre. Non pretendemos recollelos todos, pro si algúns que chegan ós nosos ouvidos. Atrévémonos a interpretalos brevemente, por mais que en principio resulte algo aventurado.

I.— Ausencia de textos oficiais

Certamente é un atranco. Que a estas alturas, despois de tanta e tanta declaración solemne, sigamos sin un elemental misal, sin uns rituais, resulta incomprendible. ¿Falla de cartos? Un non o acaba de crer; cartos hainos, o caso e que haxa unha valoración de prioridades na que o emprego do galego na liturxia se considere simplemente elemental. Non hai que dubidar que os responsables últimos deste feito son os Bispos, os nosos Bispos.*

* *Nota de la redacción:* podemos comunicar aos lectores que este problema está, por fin, en vías de resolución definitiva. Os Bispos de Galicia encomendaron oficialmente a unha comisión — presidida polo Bispo de Mondoñedo-Ferrol, e composta por membros da Academia Galega, do Instituto da Lingua Galega e con colaboración técnica da Xunta de Galicia— a revisión lingüística dos diferentes textos. Eles expresan tamén o seu compromiso de facer, en canto sexa posible, unha edición digna e completa.

Pero algo de material existe. Dispoñemos do leccionario dominical prós tres ciclos do Ordinario da Misa coas 4 Plegarias eucarísticas do Ritual de Batismo e dalgúns folletos de cantos. O Misal verquido ó galego está avellado, pro logo vai sair un novo totalmente renovado. Habendo decisión de o facer, coidamos que non fai falla un esforzo titánico.

2.— O pobo non quere

Quizáis é o razonamento mais empregado, e o mais esmagante, porque xoga coa intocable vontade democrática do pobo. Poida que nun elemental exercicio de discernimento habería que barallar outros datos, como, por exemplo,: ¿respétase esa sagrada vontade do pobo noutros aspectos? ¿A norma da democracia —igual a poder dos números— é unha norma evanxélica, é decir, os números son criterio de discernimento pra un cristián? (Non esquezamos que Cristo morreu por maioría popular). ¿Non urximos ó pobo cara outras cousas que consideramos positivas, inda en contra do perecer e da indiferencia de moita xente? Sabemos que isto nos mete nun campo onde se pode esbarar cara actitudes impositivas, pro é neste campo, no campo dos riscos e non das seguranzas, onde normalmente se xoga o ser ou non ser do home, do cristián.

Isto por unha parte. Pro ademais é evidente que o pobo, no caso de non quere-lo galego na liturxia —unha voz ou dúas de rexeitamento abondan adoito pra xeralizar— está actuando en boa medida baixo a presión dunha mentalización secular en contra do galego como lingua digna. Non queremos abondar nalgo xa requetesabido. Non é simplemente honrado apelar á vontade dun pobo, despois de que durante séculos se tentou por tódolos medios esnaquizar a conciencia de pobo. En boa moral cristiá queda en pé a obriga de lle devolve-lo roubado ó seu dono. Que se pode roubar algo mais que cartos e xoias.

Finalmente, e como constatación práctica de todo o dito, está o feito de que cando o pobo galego —axudado pedagóxicamente— vai recobrando a conciencia de tal, cando pasan meses dunha práctica galega na liturxia, tódolos medos e protestas caen polo seu peso.

3.— A xente non o entende

E outro dos agumentos mais empregados. Parécenos un argumento moi frenxe. Certamenta hai palabras que non se entenden, pro non mais que en castelán (Un veciño noso, consultado sobor do significado da palabra “solidaridade”, contestou moi cheo de razón: Sí, home, “estar só”). A xente está afeita nas nosas liturxias a ouvir pro non a entender, a capta-lo que ouve; é unha terminoloxía estereotipada que un pode ouvir durante anos sin entender cousa. A proximidade do galego serve, coidamos, pra rompermos esta barreira formulista, e daquela é cando un se decata de que tal ou cal palabra non a entende.

Se o pobo vive en galego tódalas súas experiencias mais vitais (traballo, relacións, vida familiar, desgracias), e enténdese abondo nese exercicio diario de humanidade, afirmar que o galego na liturxia non o entende o pobo, pode implicar unha afirmación agachada de que a liturxia non vai co vivir da xente, de que se move nunhas abstraccións expresadas nunha linguaxe cúltica inabordable pola xente envolta no concreto cotián. Mais que de problemas de linguaxe concreta, é un problema de tipo de linguaxe en xeral.

4.— O galego é de “paiolos”

Coidamos que este argumento vai perdendo peso. Sería moi ousado afirmar que cantos hoxe xa falan o galego sexan uns “paiolos”. Pro en boa medida é certo: o galego e mais que de ninguén de “paiolos”, das clases baixas, dos pobres, da xente sen cultura. O que non sabíamos era que esta era unha razón válida para un cristián. En lóxica evánxelica elemental debería ser un grande argumento a favor. ¿Ula Igrexa que renunciou ó grego pra evanxelizar en latín os suburbios imperiais romanos?.

5.— Compre culturizar en castelán

Si, maiormente coa idea de que en chegando a mozos collan a maleta e se saiban defender polo mundo. Boa maneira de solucionar os problemas dun pobo! A razón ten de certo o de que a liturxia, queírase ou non, é accidentalmente canle de cultura. E o

máis lóxico sería que máis que dunha cultura allea, que xa nos invade a borbollóns da noite á mañá e da mañá á noite (escola e TV, sobre todo), fose canle da cultura de noso, a única que nos pode devolver-la conciencia de nós mesmos, da nosa dignidade como pobo e como persoas, e preparar uns homes con máis alternativas pró porvir que a de agarrarmos unha maleta e subirmos a un tren.

6.— Os que empregan o galego son de esquerdas.

Non é certo; hai de todo. Pro o discernimento non é a base de esquerdas ou dereitas. Nin as esquerdas son santas por decreto, nin por suposto as dereitas. Non se pode negar que o emprego do galego na liturxia ten algunha incidencia política (máis hai anos, que agora); como tampouco non ousará negar ninguén que tamén o emprego do castelán as ten, e poida que moito máis agudizadas, aunque máis encubertas. Co evanxelio na man e non con ningún ideario político é co que compre valorar as incidencias que se deriven da práctica ou non do galego. ¿Beneficia, dinamiza, abre esperanzas, a quen potencia, cara onde nos empuxa, crea comunión, abre camiños de liberdade, reconcilia, fai medrar, etc.?.

7.— Os que empregan o galego son separatistas

O argumento é vello. Na maioría dos casos chamámoslle separatismo á simple afirmación do seu. Como se nunha familia o pai tivera que renunciar a ser pai pra ser familia; e a nai a ser nai, e os fillos, a ser fillos. A historia, a experiencia de cada día dinos que non hai nada máis frenxe que a unidade montada sobor da negación dos elementos que a compoñen. O reconecemento, apoio e solecemento dos individuos, personais ou colectivos, é o único vieiro pra erguérmo-lo edificio dunha irmandade radical, evanxélica. O que é el mesmo, pode ser un elemento creativo no conxunto no que está integrado; o que non é el mesmo, remata por pasar ó conxunto o espírito de negación que o identifica. É o demais é práctica de separatismo dende o centro, encuberta en reclamos a unha unidade e a un universalismo onde somente sexan reconecidos os propios valores.

Poida que inda haxa máis razonamentos contra o galego na liturxia. Facendo unha análise fría do observado coidamos --e

pedimos perdón de novo polo atrevemento no xuicio-- que por baixo das razóns que se dan en contra do galego na liturxia hai fundamentalmente dous aspectos: comodidade e aceptación dunha situación sociopolítica na que as linguas --cada lingua-- ocupan un posto determinado que expresa e fortalece a un tempo o status sociopolítico reinante.

III. AS RAZONS DUNHA LITURXIA EN GALEGO

A longa historia das ideas moitas veces encontradas, das grandes disputas das razóns sin avenencias tennos dado unha lección hoxe evidente: o raciocinio é o derradeiro estadio no proceso vital das persoas, é a derradeira forma que adquire a xénese da idea (e da ideoloxía). A súa raíz habería que a percurar nas actitudes vitais, nas solidaridades concretas, nos amores que moven, nos medos que paralizan, nos medios e intereses que condicionan: Ahí é posible o encontro e a comunicación moito máis doadamente que nese derradeiro baluarte, normalmente pouco permeable, que son as "razóns". Pro as razóns trasladan con elas tamén os sentimentos e translucen e afirman as opcións fundamentais. Por iso, razonamos sin pretensións de convencermos (pois dubidamos que teña eficacia pró cambio a confrontación das razóns) nin, menos aínda, de vencermos, mais como un exercicio de coherencia pra comprendérmo-lo que practicamos, de comunicación e aínda de esperanza.

1.— O galego é a nosa fala

E referímonos agora á fala da meirande parte dos que presiden as liturxias na Galiza. En concreto é a nosa. Ese é o nivel razonado. As raíces que poderían facer conflitiva esa razón habería que buscalas na propia aceptación como galego falantes: como unha realidade integrada ou como unha realidade vergoñenta e non asumida. E aínda neste caso traumático e esnaquizador da personalidade a meirande parte das veces habería que indagar (en actitude terapeuta ou manciñosa, antes que moral) que condicionantes impiden que se asuma con coherencia na liturxia tal condición de galego falantes. E vemos co corazón limpo se eses condicionamentos son potenciadores da liberdade e da comunión ou da escravitude e da insolidaridade, das que poidamos ser vítimas.

2.— O galego é a fala do pobo

E a lingua da maioría do pobo cristián galego aínda que haxa unha importante minoría castelán falante que hai que respetar. Esa maioría ten logo o dereito a se poder expresar na súa fala en tódolos eidos da súa vida, maiormente nese ámbito tan importante que é o relixioso: “dereito a falarlles a Deus na propia lingua”. Non so individual, tamén comunitariamente. Que ese pobo sexa capaz de coñecer e facer vale-lo seu dereito é cuestión diferente de que o teña. Que ese pobo supostamente renuncie ó seu dereito, deberíanos levar a pescudarmo-la xénese desa renuncia; se é manciñosa e libre, criadora de saúde e de liberdade ou se é consecuencia de agresións pouco humanas que xenera autoxenreira e servilismo. Que se teña corazón, valentía e sentimento pra recoñece-lo non está quizais mandado en ningunha lei escrita e sí na lei do Espírito que é o amor, capaz de recoñecer dereito alén das leis.

3.— O galego é a fala do colectivo máis pobre de Galiza

Esta razón prós que cremos no Deus encarnado pobre entre os pobres ten especial relevancia. E a razón da solidariedade co pobre, da que menos “se sinten na barriga”, a que menos forza aporta no estadio razonado e mais densidade humana comporta. E a razón do seguimento dócil de Xesús, o mestre. E a razón da fe, teolóxica, de que Deus se fai especialmente accesible e transparente no colectivo dos pobres.

4.— O cuarto mandamento mándanos honra-lo pai e a nai

Ninguén dúbida que segundo a mentalidade concisa e englobante dos hebreus neste mandamento do Señor se inclúe o abó, a irmá, a familia. Somentemente unha mentalidade individualista (doenza na que se apoia e á que potencia o capitalismo) poderíamos reduci-lo pai e a nai ós que nos deron o ser primeiro facendo abstracción de todo o pobo que nos conformou nunha materia segunda. “Se eu te esquencera, Xerusalén, que se me apegue a lingoa ó ceo da boca”. Honrar é estimar, coidar, protexer, acoller. Honra-lo pai e á nai é estirmarse a un mesmo nas súas raíces e é estima-lo próximo. A fala forma parte da alma

da meirande parte dos pais galegos e sin dúbida da alma de Galicia. Honra-lo pai e a nai, honra-la patria, é tamén honrar, estimar, cuidar, protexer, acolle-la súa fala, o galego.

5.— O galego é a fala da Galicia

E a lingoa que agromou nesta terra e neste pobo. Na maneira concreta como se transformou o latín en Galicia verteuse un xeito peculiar de coñece-la natureza, as relacións sociais, unha vivencia propia do tempo; na lingua vai inscrita a vitalidade e a alma dun pobo, no noso caso, do galego. Por iso a lingua é hoxe a que con máis forza colorea o ser de Galicia, a que nos constitúe como pobo, a que lle dá a Galicia nome e a nós apelido, a que vehiculiza a solidariedade coa historia, cos vivos e cos mortos, a que nos incorpora a unha comunidade viva, a un canle de tradición, de comunión, de acción conxuntada. Un pobo non se improvisa. Nin unha lingoa. froito da vitalidade dun pobo. Non nace da vontade planificadora. Ambolos dous son unha matriz lentamente elaborada polos séculos, por moitos esforzos conxuntados, son a condensación de moitas vontades mancomunadas, e de moita intelixencia, son a carne resultante de moitas loitas e de moitos gozos, son a obra de arte dunha paisaxe, dun clima, dun xeito de vivi-la economía, son un tesouro lentamente acumulado e ofrecidos a todos gratuitamente como o camiño mais dereito de ser home nesta terra, e como di Espriu "d'accés al ple domini de la terra", e de acceso tamén á comunión coa terra e co próximo e con Deus.

A forza do pobo está na súa lingoa e a da lingua no pobo, porque son dúas realidades que se conforman e sosteñen. Prós cristiáns, chamados a unha vocación que é tarefa de liberación, apuntalar unha lingoa é soste-lo pobo, e iso forma parte do seu labor liberador, especialmente nunha sociedade como esta occidental e capitalista, caracterizada pola masificación e o individualismo alienantes, pola falla de identificacións colectivas e próximas a un tempo; axudando a revitaliza-la vella matriz galega, pobo e fala, estase a combater unha importante secuela do egoísmo. E ese é labor salvador. A integración no pobo galego e na súa fala, sin imposicións pro activamente estimulada, debe ser un desexo da Igrexa galega pra tódolos que viven en Galicia, aínda prós galegos de fala castelá.

6.— Podese facer

Despois dunha loita, só comprensible se atendemos ó longo proceso colonizador que sistemáticamente supón Galicia e dun xeito quizais mais acentuado a Igrexa galega, o galego quedou autorizado como lingua litúrxica. Así o comunicaron os Bispos galegos o 7 de xaneiro de 1969, e así o recomenda o Concilio Galego, como xa dixemos.

A repetida praxe durante anos de liturxia en galego, abundante como mostra anque escasa se atendemos á proporción que ocupa no global, é a mellor argumentación de que se pode facer.

7.— Recomendao a pedagogía

Dubidamos que ninguén, nin siquiera os que por altas razóns políticas opten polo ensino e liturxia en galego, ouse nega-la evidencia de que o uso da propia lingua nos situa na soleira aberta dunha comunicación máis tonda e viva, abre moito máis doadamente as portas do sentimento, desperta con máis espontaneidade os resortes afectivos, posibilita, en fin, a recepción dunha mensaxe e a súa resposta persoalizada, isto é, posibilita a franquea o diálogo.

Isto é especialmente importante no que toca á fe, realidade dialogal, que abrangue intelixencia e corazón, comprensión e resposta. A fe, que se se atén á letra está morta e ten que ser vivificada polo Espírito. A fe, polo tanto, que pra se transmitir e endemáis pra se celebrar, precisa partir das vivencias actuais do pobo, que son pra unha maioría grande vivencias galegas, en galego. Realidade tan evidente que a romana, lenta, prudentísima Congregación pró Culto, na carta que dirixiu ó Concilio Galego (Roma, 9 maio 76), afirma: "O uso da propia lingua debe servir endemáis, pra chegar ao pobo dun xeito máis fondo e sentido a mensaxe que a Igrexa ten que anunciarlle, e, ao mesmo tempo, permitir unha máis ventureira e sentida manifestación e proclamación da propia fe e experiencia relixiosa"³

³A participación do pobo na liturxia dun xeito activo é recoñecida por todos como un anxeio de capital importancia prá vida da Igrexa. Se non fose en galego sería imposible que nas pequenas asambleas dominicais das parroquias que nós atendemos os fieis participasen dun xeito ben creador, por exemplo na oración universal dos fieis.

8.— **Recoméndao a misión de Igrexa: reconciliar e salvar**

A “evanxelización” no é só o anuncio verbal da boa nova realizada en Cristo, senón tamén descubrir e facer presente o seu Espírito, como forza salvadora hoxe; é logo un poder salvador que, se é obediente á guía do Espírito, reconcilia o home con Deus, consigo mesmo, e faino realmente irmán disponible e solidario. O evanxelio cando é auténticamente a boa nova de Cristo fai anda-los coxos, fai ve-los cegos, falar e cantalos mudos... Eses son os sinais da súa presenza, os que detectan a obra do Espírito.

Por iso o Sínodo dos Bispos do 1971, no seu documento final: “A xusticia no mundo” afirma con claridade “que a acción en favor da xusticia, e a participación na transformación do mundo preséntansenos claramente como unha dimensión constitutiva da predicación do evanxelio, é decir, da misión da Igrexa prá redención do xénero humano e prá liberación de toda situación opresiva” (Introducción).

Tarefa, logo, da Igrexa galega é non so aceptar e acoller a lingua galega no seu seo senón loitar pola súa normalización na sociedade galega. Maiormente porque na lingua se vehiculiza a personalidade, individual e colectiva, e o refugamento e marxinação do home enteiro e do pobo, que non so fala: tamén é fala. Hoxe esas realidades, home galego, pobo galego e o seu “sacramento” (Carballo Calero) que é a lingua están gravemente ameazadas e “enfermadas”: o home e o pobo galego está dividido na súa intimidade porque a práctica política, social e eclesial desvalorizaron e combateron algo que o constitúe: a súa lingoa. Non pode un pobo, un home, sentirse avergoñado de sí mesmo -- como aínda acontece no noso país-- e recibir vitalmente, realmente, a boa nova da súa dignidade de fillo de Deus. Sin combate-las condicións disglósicas que converten o galego en lingua, e home de menos categoría, a boa nova da Palabra non pasará de ser unha superestrutura sin espírito e sin Espírito.

E, logo, toda unha xeira reconciliadora a que a Igrexa en Galicia ten de realizar.

9.— E unha débeda histórica

Paulo VI na súa exhortación apostólica “*Evangelii Nuntiandi*” (8-decembro-1975) plasmaba algo que é hoxe consciencia crecente na Igrexa: “O que importa é evanxelizar -- non dun xeito decorativo coma un verniz superficial senón de maneira vital en profundidade e astra as súas mesmas raíces-- a cultura e as culturas do home no senso rico e amplo que teñen esas verbas na “*Gaudium et Spes*”, tomando sempre como punto de partida as relacións das persoas entre sí e con Deus” (E.N., 20).

Agora ben, iso é o que non fixo a Igrexa en Galicia polo menos a partir do século XVI: lonxe de impregna-la cultura vernácula da seiva evanxélica pra facela máis vizosa, o que fixo foi reprimila facéndose vehículo doutra cultura: a castelá. Moitas razóns habería pra explicarmos esa grave dimisión, que foi logo agresión histórica ⁴.

Aínda que é o hoxe o que nos urxe, o recoñecemento do pecado pasado ten senso pra estimularmos aínda máis a unha tarefa que é por sí mesma vital prá vocación servidora da Igrexa.

“Rico ou pobre cada país posúe unha civilización recibida dos seus devanceiros: institucións necesarias á vida terrenal e manifestacións superiores —artísticas, intelectuais e relixiosas— da vida do espírito. Cando estas derradeiras conteñen verdadeiros valores humanos, sería un grave erro sacrificarlas ás primeiras. Un pobo que consentise iso perdería o mellor de si mesmo: sacrificaría pra vivir as súas razóns de vivir. O ensino de Cristo val tamén prós pobos: ¿de qué lle vale ó home gañalo mundo enteiro se perde a súa alma? (Mt 10,26) (“*Populorum progressio*, 40)”

Xa que a Igrexa, fundamentalmente os Bispos e os cregos, axudaron en non pequena parte a que se deteriorara tan gravemente a alma de Galicia, é xusto que, aínda que tarde,

⁴Recordemos que se Galicia foi obxecto dunha política castradora por parte dos Reis Católicos, a Igrexa galega non o foi menos, e sufriu como o resto do país a política centralista, colonizadora e castelanizante dos Reis, que se serviron do seu poder de padronazgo sobre as Igrexas pra sementar as sés episcopais de “personas gratas y fieles a ellos y no a otros algunos” (NEBRILJA, *Crónica de los Reyes Católicos*, edición de 1564, fol. 147) que resultaron ser sempre casteláns. O mesmo aconteceu coa reforma que emprenderon das ordes relixiosas, que foi fundamentalmente unha reforma desgaleguizadora e centralizadora. O tema é de seu merecedor dun estudo específico.

intenten poñer remedio (xa que “curar” é o seu oficio) a ese mal que contribuíron a inzar, e que por xusticia, por fidelidade á vocación que recibiron, por vergoña, e polo propio interés da eficacia pastoral, se abran a unha auténtica conversión e adopten con agarimo na liturxia a súa propia lingua e a lingua do pobo de Galicia.

IV. ALGUNS ASPECTOS A TER EN CONTA

Quen pense que coa introdución do galego na liturxia ten solucionado o seu problema pastoral, está equivocado. O galego non é unha panacea. Non ten unha virtualidade especial pra converter “ipso facto” os corazóns, anque chegue mais ós corazóns, como que ten o niño no noso mesmo corazón. Normalmente o problema da conversión obedece a resortes máis complexos.

En concreto a simple introdución do galego na liturxia non soluciona nin os problemas da mesma liturxia. A nosa liturxia desenrólase dentro dun mundo terminolóxico, cuns conceptos abstractos, deitados nunha roupaxe sacral que esbara pola comprensión da xente. O resultado é esa típica atonía nas celebracións ás que se asiste coa conciencia de estar asistindo ó desdoblamento de algo máxico que de seu funciona.

Xa moi ben advertía o Concilio Pastoral de Galicia:

“A liturxia en galego non se remata co verquer as fórmulas latinas na nosa lingua; é todo un universo cultural alleo o que compe verquer no noso; e pra esto é imprescindible a colaboración dos estudiosos das ciencias sobor do noso pobo”⁵

O simple emprego dos textos traducidos, non obstante, son un primeiro paso no longo camiño a recorrer.

Finalmente, partindo xa do desexo de empregármolo galego na liturxia, compe actuar con pedagogía. Tamén o urxía o mesmo Concilio Pastoral de Galicia, e estánolo pedindo a praxe diaria. O Concilio decía:

⁵C.P.G., sesión III, 11.9.

¡Estes (os responsables da xeralización do galego na liturxia) han de comenar por adequerir a preparacón necesaria, e poñerse á laboura de desenraigar toda cras de prexucios, e ir comenando polos pasos mais doados, cunha pedagogía gradual e progresiva”⁶.

A recomendación non precisa comentario. Está claro que ós responsables vailles supoñer un esforzo; nada do outro mundo, por suposto. E evidente que a loita máis forte está en desfacer os prexudicios propios alleos; en todo o devandito coidamos que hai bos elementos pra esta laboura. E, xa é hora, principiar polo máis doado: a homilía, as leituras, as oracións dos fiéis, a Plegaria eucarística, o noso Pai; e ir avanzando pouco a pouco, tentando razonar cada un dos adiantos a realizar, dispostos a acollérmo-las voces disonantes, conscientes do servicio en fondura que se lle fai ó pobo crente galego.

**Por Manolo REGAL LEDO
e Xosé Antón MIGUELEZ DIAZ**

⁶C.P.G., sesión III, 11,5.

ACERCA DO PATRIMONIO ARTISTICO DA IGREXA

Por Nicanor RIELO CARBALLO

No número da Revista correspondente a estes mesmos meses do ano pasado publiquei un artigo titulado *Expolio Artístico das Igrexas*, no que me propuxen axuntar datos sobor do problema que supoñía para nós e pra Galicia enteira o descalabro producido polos roubos sistemáticos de imaxes e outros obxectos de culto, circunscribíndome ós tres anos anteriores. O infortunio xeralizábase en todo o Estado, e astra certo punto convertíase nunha pandemia, que se ceba naqueles países que por unha parte son ricos en tesouros de arte e que pola outra están situados a carón de áreas inmensamente ateigadas de dólares; todo isto maximalizado polos negocios dunha tupida rede de intermediarios. O chamado mundo occidental, que se gaba de moralismo altruista e de respecto ós valores humanos, é o que monta a feira de mercadores pra conquistar, a mais doutros imperialismos, o da supremacía no acaparamento de bens artísticos.

Coa distancia dun ano polo medio pretendo hoxe comprobar se as medidas tomadas polo Goberno mediante do tristoño e escurento panorama conduciron a resultados positivos que cómpria suliñar, ou, pola contra, o estropicio segue a abaterse sin que se vexa unha saída honrosa e posible. Coido que aquel traballo era unha chamada urxente e que non somentes tiña como destinatario ás Autoridades Cívís, senón tamén ás Eclesiásticas e ós cregos, así como ó pobo en xeral. Pois todos somos en certa medida responsables de amparármolo que nos pertence, non únicamente como individuos, con ou sin cargos, senón ademáis en calidade de membros dunha colectividade ou nacionalidade, á que lle vai en todo isto un anaco da súa supervivencia.

Polo que atinxe ó primeiro semestre do 1980, non se nota mingua ningunha, pro no segundo xa se ve claramente que os roubos foron a menos, desaparecendo por completo nos dous meses derradeiros e nos dous iniciais deste ano que estamos a andar. Oxalá siga isto así, e non nos vexamos obrigados a termos que reseñar máis aldraxes á riqueza artística do país.

Hoxe quero que este estudio non quede somentes na parte negativa, franxa penosa que cómpre desterrar, senón que tamén

alcance outros eidos de carácter positivo: aqueles que dalgún xeito promoven e alentan a conservación e valoración do patrimonio artístico que está en poder da Igrexa ou que tamén sin cair nos seus dominios se considera, pola súa temática, como arte de base relixiosa.

Roubos e enaxenacións

Os ladróns son madrugadorea e pra non empezar o ano con mal pé entran o día primeiro de xaneiro na igrexa de San Pedro da Espiñeira, perto da vila do Carballiño, e levan un cáliz, unha custodia un viril e unha ducia de candieiros, sin que a nota do periódico especifique se son de prata. O día vinte desaparecen varios efectos litúrxicos do santuario da Guía en Vigo, e nos días derradeiros do mes rouban en Oleiros (Salvaterra do Miño) unha bandexa de prata, antiga e de valor, e esbandallan unha imaxe ó entrar, consumindo finalmente as particulas.

En febreiro, ó fin do mes, penetran na capela de Meaus de Tosende, concello ourensán de Baltar, e vanse cunha talla do "glorioso" San Brais, con 90 cms. de altura, antiga, de escaso valor e deteriorada.

Na parroquia de Abades, vulgarmen- te San Paio, tamén no concello de Baltar, forzaron as portas da capela de San Xoán de Quintá, botándose a faltar a imaxe do patrón. En San Fiz de Barón, no Carballiño, desaparece un cáliz, un copón e unhas crismeiras de prata repuxada. O terceiro roubo do mes de marzo tivo por escea a igrexa de San Xoán de Camba en Castro Caldelas, na que xa entraran a roubar noutras dúas ocasións, todo no espacio de catorce meses, indose de terceiras cunha talla de Santa Lucía, outra sin especificar, catro apliques de madeira e a porta dun sagrario.

En Poutomillos, a carón de Lugo, quitáronlle uns pendentes a unha imaxe da Virxe, arrapañando algunha cousiña mais, tendo que deixar varias tallas despois de as baixaren dos doseis, quizáis polo medo de que os cachasen. En Queiroga, Lugo, rapiñaron un sagrario moderno e por terras da Cruña un cáliz, recuperado logo.

A mediados de maio é a igrexa de San Salvador de Torno (Lovios, Ourense) a que sofre os ataques dos rateiros, véndose privada dun Cristo sin cruz, unha imaxe de San Ramón Nonato e outra da Nosa Señora das Mercedes; estas dúas modernas, según o parecer do cura da parroquia. A últimos de mes entraron na capela de San Roque da cidade de Lugo e levaron unha patena e un copón, que hai que supoñer que son de prata, anque a nota da prensa non especifica. Penetran tamén nas igrexas de Lebozán e Beariz, pro non se botou a faltar nada.

No mes de xuño hai que contabiliza- lo roubo de Vilamelle en Pantón, no que desaparece un cáliz de prata liso e unha cómoda de castiñeiro que se gardaba na rectoral, edificio hoxe deshabitado.

A primeiros de xulio uns descoñeci- dos derrubaron e esnaquizaron un cruceiro de pedra de gran, obra do século XVII, cos relevos de Cristo e da Piedade, situado no lugar de San Andrés de Rante no concello ourensán de San Ciprián de Viñas. Non se sabe se a desfeita se fixo co afán de roubar, pro

hai que supoñer que se trata da obra duns cantos rapaces que quixeron facer unha esmendralladura.

Os meses do vrán foron de descanso, pois hai que chegar a mediados de outubro pra nos referir á sustracción na igrexa mosteiral de Samos, dunha táboa tallada do século XVII, de 50×51 cms., obra de Francisco de Moure, releve que representa o salvamento de San Plácido por San Amaro, e que se conservaba no retablo de San Lourenzo, o chamado primitivamente de San Bieito, e que está á entrada da igrexa e á dereita. Tamén quixeron arranca-lo releve parello, que nos amosa o martirio dos dous monxes bieitos devanditos, pro hai que pensar que, se desistiron, foi por medo a que os cachasen coas mans na masa. Penso que foi o roubo mais importante do ano, se se fixa un na personalidade do artista, un dos precursores e iniciadores do barroco en Galicia.

En Ourantes, Punxín, desapareceu un cáliz de prata o vintecinco do mes de outubro, e con este feito delitivo péchase o ano, sin que tampouco se producira ningún nos dous primeiros meses do 1981. Polo menos nos periódicos non houbo constancia de mais, anque isto non quere decir que non se produciran; pro de tódalas maneiras é un dato alentador. Como tamén é reconfortante que se dera co paradeiro dalgúns obxectos roubados, como sucedeu no mes de febreiro do ano pasado cunha talla de Santa María co Neno Xesús, procedente da igrexa de Vilar do Barrio en Ourense. En Portugal tamén se recuperou unha talla de San Miguel, que desaparecera da igrexa de Mougán en Guntín. Igualmente en Madrid apareceron varias imaxes, unha delas de Padrenda en Ourense.

Deixando de lado os roubos, imonos ocupar a continuación dalgúns confli-

tos surxidos como consecuencia da enaxenación de obxectos sagrados.

No mes de xaneiro deste ano uns cantos viciños da parroquia de Momán en Cospeito denunciaron ó cura porque vendera tres pías bautismais pertencentes á freguesía devandita e ás inmediatas de Roás e Santa Cristina. Primeirairamente á denuncia foi á Guardia Civil, pasando logo ó xulgado comarcal de Vilalba, onde a arquivaron porque o cura contaba co permiso dos seus superiores. Este feito das pías recórdano-la normativa dun prelado que pasou pola diocese de Mondoñedo, que fixo retirar moitas pías de granito, recomendando que as substituisen por outras de mármol, quizáis co degoro dun puritanismo desinfectante e insípido. Despois do Concilio Vaticano II, por mor de lle dar realce ó sacramento do bautismo, téndese a coloca-las pías no presbiterio, á beira do altar, e como as antigas son abondo grandes e non hai espacio, cómpranse outras mais estilizadas, que por certo semellan aparellos estraños, que golpean estrepitosamente no entorno da estética producida polos módulos de estilos tan alonxados do moderno funcionalismo.

No mes de febreiro o corresponsal do periódico, *El Progreso* en Chantada faise eco da denuncia duns viciños da parroquia de Santiago de Lousada (Carballedo, Lugo), na que se dí que o párroco enaxenou unha pila de granito utilizada pra bendecir a auga o Sábado Santo e pra bautizar. No escrito alúdese tamén á falta dunha das columnas acodilladas da fiestra central do ouso, pro esta peza xa hai moitos anos que desapareceu, quizáis por rotura, pois na papeleta que Vázquez Saco lle adica a este templo o ano 1945 xa sinala a inexistencia deste elemento¹. Fálase ademais da desaparición de sillares graníticos pertencentes á casa rectoral,

¿QUE EN ESTA A MONTAR UNHA CATEDRAL? II (+)

Obxectos roubados no ano 1980

	Total	C	LU	OU	PO	A nos. ant. media	% 1980
Roubos	16	1	6	7	2	33	48%
Xoias (pendentes).....	1						
Cállices.....	5						
Copóns.....	2						
Imaxes de Santos.....	7						
Outras tallas.....	2						
Sagrarios.....	2						
Candeeiros.....	12						
Patenas.....	1						
Crismeiras.....	1						
Custodias.....	1						
Virrís.....	1						
Bandexa de prata.....	1						
Moble de castiñeiro.....	1						
Varios.....	2						
<p>Meses sen roubos VIII IX XI XII</p> <p>Roubos frustrados 4: Lebozán, Beariz Poutomillos e Samos</p> <p>“Santos” roubados: Brais, Xoan, Lucía, Ramón e Nosa Señora das Mercedes</p> <p>Destrucións: Tres, unha delas un cruceiro do XVIII.</p>							
<p>Non se facilitan valoracións económicas dos obxectos roubados desta volta</p>							

+ Este cadro débese comparar co que ofreciamos no nº 17 de ENCRUCILLADA, marzo abril 1980 e que se refería ós tres anos anteriores.

+ Elaborado pola Mesa de Redacción de ENCRUCILLADA.

que está feita un pardiñeiro desde hai moito tempo, que nos parece moi ben que se desmantele por non prestar proveito ningún e por privar á igrexa da visibilidade conveniente. Poucos días despois respostou o cura, decindo que a pía se vendera pra que a colocasen na igrexa de San Francisco Javier da cidade de Lugo. Coido que a peza é moi interesante sobor de todo polo seu grandor, pois dubido que haxa en toda a diocese un exemplar que acade as dimensións que ten este. En canto ó seu valor artístico, mérecese ter en conta, por ser de época medieval e hai que se dar por contentos de que fora parar a outra igrexa, onde pode decirse que achou un lugar honroso e moi digno. Co produto da súa venda e outras axudas fíxose posible adecentar o interior da igrexa. Polo que atinxe á Rectoral hai que decir que carece de interés arquitectónico.

Como unha perda mais dentro do patrimonio artístico, haberá que contabiliza-lo incendio da igrexa de Santiago de Vilela, pertencente ó concello de Outeiro do Rei, que tivo lugar nas primeiras horas da noite do día tres de febreiro do ano que estamos a andar. Somentes quedaron en pé as paredes e o campanario e entre os restos apareceron un copón, varios cálices e algún diñeiro, supoñéndose que a desgracia non foi intencionada. Arquitectónicamente o edificio non tiña valor artístico ningún, pois trátase dunha igrexa de pizarra recuberta de cal, sin labra en ningún dos seus elementos. Anque o retablo maior tiña o seu mérito, por ser un exemplar renacentista do século XVII cunha única fornacina, parece que as imaxes tampouco eran de gran valor, se se exceptúa un Cristo de talla, probablemente do século XIV.

Cerramos este apartado, aludindo ás queixas expostas nos periódicos por parte dos encargados de prepara-lo *Inventario artístico e monumental* da provincia de Ourense, diante dos atrancos que lles puxeron as autoridades eclesiásticas, ó non lles concederen o permiso de entraren nas igrexas da diocese. Os medios de comunicación social do Bispado deron a coñecer que o *Inventario* da diocese estaba a punto de aparecer editado e afirmáronse na prohibición de que os curas das parroquias concederan permiso sin antes consultalo co Ordinario. Parécenos moi pouco positiva a actitude do Bispado, pois cantos máis inventarios se fagan, mellores resultados se acadarán, e por outra parte un bon inventario ten que se fixar tamén en propiedades que non son da Igrexa, e no caso de Ourense hai que extendelo á diocese de Astorga. Por iso a colaboración entre a Xerarquía e os que traballan pró Ministerio de Cultura ou pró Museo Provincial débese mover nun clima de intercambio proveitoso e frutífero ².

¹ Vide *Boletín de la Comisión de Monumentos de Lugo*, t. II, nº 13. (Iglesia de Santiago de Lousada).

² Anotamos de pasada que acaban de sair do prelo os tomos III e IV do *Inventario Artístico y Monumental de la provincia de Lugo*, da autoría de Elías Valiña, Nicanor Rielo, Santos Sancristóbal y X.M.G. Reboredo.

Actitudes positivas

Esperemos que no futuro os *Concertos* entre a Igrexa e o Estado no eido do patrimonio artístico e cultural poidan acadar resultados satisfactorios, non somentes impedindo a proliferación de tantos roubos, senón sobre todo adicando uns presupostos moito máis xenerosos prá conservación de monumentos, restauración de obras de arte e seguranza de igrexas e museos. Parécenos que as axudas encarriladas únicamente en favor das igrexas declaradas monumentos nacionais é unha maneira de se despreocupar do patrimonio artístico no seu conxunto. Hai cartos que se podían aforrar, e estes son os que se gastan nos expedientes de declaración. Se todas ou case tódalas igrexas de estilo románico deben de ser protexidas e conservadas, pois que procedán a unha declaración conxunta de todas elas, como xa se fixo concretamente nunha provincia, e o mesmo coas de estilo gótico, cousa que xa habería que matizar máis nas de época posterior,

O día quince de xaneiro pasado tivo lugar en Madrid unha xuntanza organizada polo *Departamento de Arte del Secretariado de Liturgia*, na que se propuxo a creación dunha Comisión encargada do Patrimonio Artístico da Igrexa e que se cadra a aprobaban moi axiña na Permanente da Conferencia ou mesmo polo Pleno.

O senador socialista ourensán Celso Montero fixo a primeiros do mes de novembro do ano pasado unha interpe-lación ó Goberno na que decía que os roubos de obras de arte perpetrados nos tres últimos anos chegaban a catrocentos, iso somentes en Galicia, porque no resto do Estado estíbese a producir, no intre no que el denunciaba, un roubo diario, e iso sin contabilizar algo mais grave e flagrante como é a venda destes obxectos por parte dos responsables directos da súa custodia. Como causas da desfeita do patrimonio artístico sinalou: o cambio de mentalidade nas capas medias da burguesía, que perden o respecto relixioso a todo o que pertence ó culto divino, utilizando estes obxectos como decoración ou fonte de ingresos pecuniarios; o illamento e pobreza de medios por parte das

igrexas rurais; a carencia de personal especializado no corpo da Guardia Civil; e a falta de presupostos pra aumenta-la seguranza nas igrexas.

O ministro de Cultura contestoulle que xa se firmara un documento co Presidente da Conferencia Episcopal Española, a fin de facilitar unha base prá protección deste patrimonio. Tamén dixo que se cursaran instrucións ós Bispos e ós Gobernadores encarecéndolles a vixia e engadindo que estaba en estudio a formación dunha brigada policial prá protección desta riqueza artística e histórica. Incluso afirmou que estaba nas Cortes un proxecto de Lei que ampara e tutela o patrimonio artístico.

A primeiros deste mes que corre a Dirección Xeral de Bellas Artes e o Instituto Nacional prá Conservación da Natureza (ICONA) chegaron a un

acordo mutuo de colaboración, polo que o segundo organismo facilitaríaxuda na vixía do patrimonio cultural e o primeiro aportará, entre outros apoios, materiais históricos e arqueolóxicos nos programas de visitas ós Parques Naturais que está organizando ICONA.

Polo que se refere á Xunta de Galicia parece que neste campo ofrece sinais de vida, pois polo mes de outubro pasado decidiu a creación da Comisión do Patrimonio Artístico, Arqueolóxico e Etnográfico. Esperemos que esta decisión sexa un bon paso pra poñer en seguro a riqueza artística do noso país.

As Comisións provinciais do Patrimonio Histórico Artístico veñen desempeñando un papel preponderante na defensa e tutela dos monumentos protexidos. O grado de eficacia está en relación co interés dos seus membros polo tema.

Non sería xusto tratar este tema sin nos referir á *Asociación para la Defensa Ecológica y del Patrimonio Histórico Artístico* (ADELPHA), que de momento traballa, polo que toca a Galicia, nas provincias da Cruña e Lugo. Coas súas denuncias e coa súa acción directa perante as Autoridades está protexendo de algún modo, moi eficaz por certo, os bens artísticos. Os seus membros acaban de mandar ó Ministro de Cultura, á Xunta de Galicia e a outros organismos públicos, un Informe sobor da destrución do patrimonio arquitectónico de Galicia. Un exemplo que podería ilustrar estas desfeitas é o do planeamento dos camposantos que se ubican arredor dos templos, erguendo

Esa colaboración entre ámbalas potestades, o Goberno Autonómico e as cinco Dióceses, será moito mais doada cá que se poida facer co Poder Central, pois ó se reduci-lo campo de acción os intercambios son moito mais rápidos e as posibilidades de se entenderen e traballaren xuntos, multiplícanse. Neste intre de formación dun Goberno e Parlamento galegos non se poderá decidir nada, pro esperemos que o Ente Autonómico se poña a ritmo, pra poder esixir e presenta-los plantexamentos necesarios e eficaces, que coloquen en seguro todo o acervo artístico que se esconde en igrexas, pazos e conventos, e polos vieiros da nosa xeografía.

panteóns de calqueira maneira, sen respetaren pra nada o entorno, convertindo así os adros en parapetos que impiden a visibilidade e a beleza que de por sí ten a igrexa como peza arquitectónica feita por verdadeiros artistas pra ser contemplada e non pra quedar embutida no medio de caixóns de cemento embarreados de brocha gorda. Tampouco favorece nada o uso de uralita, que se empeza a utilizar nos tellados e que tan mal efecto produce, ou tamén a presenza de garaxes a carón das casas rectorais ou certos palcos da música que se montan no medio e medio do adro como aldraxe á estética e ó bon gusto.

Os museos diocesanos, que de algunha maneira existen en tódalas Dióceses, tratan de cumprir coa súa finalidade, pro os medios económicos, exiguos e reuenos, non permiten que estas institucións logren o obxectivo de servir como canles de didáctica, de pedagogía e de investigación. Se non se troca a política do

Estado neste eido, quedará o temor de que a multiplicación de museos se convirta nun establecemento de almacéns de antigüedades, pois ben fresco está o caso de dúas entidades museísticas da Cruña, que non dan evitado o teren que pecha—las instalacións por falta de medios económicos. O Director Xeral de Belas Artes, nunha roda de prensa celebrada nos derradeiros días do ano pasado co gallo da recuperación dunha gran cantidade de obxectos roubados, daba como solución que se depositasen en Museos Provinciais e Comarcais; pro anque isto xa existe e pode paliar en parte a posibilidade dos roubos, tampouco aparece como solución radical, pois tamén os museos e igrexas emprazadas nos cascos urbanos sofren o ataque dos ladróns. Sirvan de exemplo os roubos do Museo de Cáceres, con obras tan importantes como un Greco, ou o do Museo de San Antolín de Tordesillas, por un valor de trinta millóns de pesetas, ou as seis táboas de Santa Olalla de Paredes de Nava, anque por certo todo o recuperaron.

Deixando de lado os museos catedralicios, algúns tan importantes como o de Santiago e o de Ourense, e sin nos parar tampouco nos dependentes de comunidades relixiosas, con dous tan interesantes como o das Clarisas de Monforte de Lemos e o das Beneditinas de San Paio de Antealtares, compre fixármonos nos que dependen directamente da Autoridade Diocesana, por seren estes os que se utilizan como depósito das obras de arte procedentes das parroquias e das capelas.

Pensamos que o Museo Diocesano mais antigo é o de Lugo que está ubicado nun local do Seminario Conciliar de maneira provisoria, en procura dunhas instalacións acordos co seu destino, anque está aberto pra quen teña interés en estudia-los seus fondos.

O de Mondoñedo, que se intitula Museo Catedralicio e Diocesano, inaugurouse o ano 1969 e encóntrase instalado nos baixos do Pazo Episcopal e nunhas salas góticas, que están situadas enriba das naves laterais da Catedral. Os desexos de que se

procedese á posta en funcionamento dun Museo en Mondoñedo datan xa do ano 1907 e débense ó bispo Solís. Moito mais tarde Arriba y Castro, concretamente o ano 1944, deu uns pasos mais pro os traballos en serio hai que llos agradecer ó Beneficiado da Catedral don Santos Sancristóbal, que se consagrou á súa posta en marcha. Os problemas económicos e a residencia do director en Ferrol impiden de momento que os interesados en coñecelo poidan acudir, anque últimamente parece que se abre unhas horas os domingos.

En Tui-Vigo hai catro anos que se montou e tamén pasa por atrancos económicos. Seica por fin se vai instalar na Praza da Catedral, nun convento que estivo habitado por monxas portuguesas. Unha das mellores pezas dos seus fondos é un Cristo visigótico que procede da igrexa de Oia. Con relación ó de Santiago e ó de Ourense sábese que contan xa con importantes fondos e que se pensa en montalos, mais concretado polo que se refire ó de Compostela.

Outra parcela que se está fomentando e que vai incidir favorablemente no patrimonio relixioso é a catalogación de cruceiros e petos de ánimas, feita por persoas amantes da arte, polo menos nalgunhas comarcas. Chéganos a noticia de que os cruceiros vivarienses

acábaos catalogar Enrique Fernández Llano e sabemos tamén que Moreiras Santiso estudiou os das terras de Monterroso. Existirán outros moitos esforzos neste senso; pro vaian estos como exemplo e estímulo.

Labor de restauración

O traballo de restauración supón un dos capítulos máis importantes da política encamiñada a conserva—lo patrimonio artístico, tanto por parte do Estado como por parte da Igrexa, e incluso como deber ineludible de tódalas asociacións que promoven o desenrolo da cultura. Este servizo faise cada vez máis apremiante, porque os anos non pasan en balde por riba das obras de arte, maiormente no campo da pintura mural, debido ó clima do país con grado altísimo de humedén; pro tamén no ámbito da escultura, por mor das capas de pintura que xente pouco profesionalizada foi colocando enriba das tallas, sin que tampouco haxa que esquence—lo que se precisa nos espazos arquitectónicos que foron abandonados e maltratados por accións de tipo revolucionario ou polo peso de épocas de depauperación económica.

Na recuperación de edificios pouco se pode facer se o Estado non bota unha man, xa que os presupostos son moi caros e sobrepasan as posibilidades de parroquias e comunidades relixiosas. Este labor veno desenrolando o Estado a través da Dirección Xeral de Belas Artes con inversións que case únicamente se destinan a edificios que están declarados monumentos histórico—artísticos de carácter nacional. Emporiso ós que nos tocou percorrer multitude de parroquias sabemos dos esforzos inauditos dos cregos, que sin medios económicos e somentes coa axuda dos feligreses conservan, melloran e restauran sin axuda ningunha as súas igrexas. Moito se ten falado de que os párrocos malvenden e emprobecen os tesouros artísticos dos templos, e anque isto nalgúns casos é certo (supoñemos que coa finalidade de acadar uns cartiños pra poderen impedir que o edificio se derrumbe), os bos feitos hai que gabalos e publicalos e felicitar a tantos cregos que, vivindo en pura pobreza polo que se

refire ás súas persoas, enorgullécense de empregaren todo o que teñen en aquelar a Casa de Deus.

Hoxe xa cómpre decir que os Organismos estatais están adicando parte dos seus presupostos ó arranxo de igrexas, anque en mínima parte, como imos ver polas cifras que nos suministran os seguintes datos referidos ó ano pasado de 1980; en mínima parte, decimos, porque se comparámo-las necesidades co diñeiro invertido, aquelas seguen bastante en descuberto³. Dámonos conta de que o Estado ten moitos capítulos presupuestarios e de que seguramente fai un gran esforzo; pro por ahí adiante hai pardiñeiros que están pedindo remedio urxente, sexan ou non monumentos nacionais. Parécenos ben que haxa que empezar polos edificios de mais categoría, pro coidamos que compre mirar mais prós templos situados no ámbito rural, que prós que se erguen en cidades, pois creemos que onde existen aglomeracións urbanas a xente pode axudar mais que alí onde non hai namais que media ducia de viciños.

Na provincia da Coruña perante o ano 1980 o importe das restauracións de monumentos histórico-artísticos por conta da Dirección Xeral de Bellas Artes chegou a cento vintenove millóns e pico de pesetas, cantidade bastante superior ás das outras provincias, anque se teña en conta a cifra empregada na adquisición do Pazo de Bendaña en Betanzos, que acada perto de trinta e sete millóns.

En Lugo as subvencións acadan os sesenta e dous millóns con novecentas mil e algo, que se adicaron ás obras adxudicadas definitivamente, non sendo as de adxudicación provisional, que representan a cifra de mais de catro millóns e medio pró Mosteiro de San Salvador de Vila Nova de Lourenzá e perto de tres millóns pra Igrexa de San Pedro de Bembibre en Taboada.

En canto á provincia de Ourense sumámo-la cantidade de perto de trinta millóns, que van parar case exclusivamente a igrexas e mosteiros, se se exceptúa o invertido no conxunto e muralla do Castelo de Ribadavia, que supuxo mais de catro millóns e medio

Polo que toca a Pontevedra as inversións realizadas sobrepan os corenta e tres millóns, con mais de vinteoito millóns pra edificios dependentes case todos da Autoridade Eclesiástica, o que significa que unha boa parte das migallas se empregaron en igrexas e mosteiros.

A nivel de Galicia os cento trinta millóns gastados en cubri-las necesidades que se sinten de parte de igrexas e mosteiros é unha boa porción que hai que agradecer e ter en conta, pois os

³ Información suministrada xentilmente por personal das diversas Delegacións de Cultura en Galicia.

presupostos da nación teñen os seus límites e anque as autoridades gocen de boas intencións non as poden ver cumpridas. Se mirámo-los números dende outro punto de mira, parécennos moi cativos e insignificantes. Todas esas pesetas, con seren moitas, non chegarían pra se reconstruir, poñamos por caso, o Mosteiro de San Estebo de

Ribas do Sil, e logo aínda quedarían outros moitos e infinidade de igrexas que precisan axuda e que non poderán sobrevivir, se os entes públicos non as amparan. Moito mais cativos nos parecen estes números, se recordamos que o Patrimonio Artístico acaba de conceder somentes prá cidade de Sevilla cen millóns.

A Comisión Episcopal de Sagrada Liturxia promoveu a posta en funcionamento dun Estudio-Obradoiro de arte relixiosa que se instalou no edificio arcebispal da capital de España⁴.

Mais concretamente temos que nos referir ó obradoiro de restauración que, instalado no Mosteiro de Samos é dirixido polo monxe Fr. Pedro de la Portilla, ven prestando un servizo moi útil en todo o país galego. Non se trata nin dun aficionado, nin dun autodidacta, senón dun verdadeiro especialista que fixo os estudos precisos pra poder domina-las diversas técnicas, principalmente no campo da escultura e da pintura.

No silencio do seu obradoiro de Samos traballa Fr. Pedro con entusiasmo e competencia, e como pode maxina-lo lector, faino sin afán de lucro, como corresponde á súa vocación e ó seu estado relixioso, estando especialmente aberto ós encargos que lle fagan desde parroquias e conventos. §

Por Nicanor RIELO CARBALLO

⁴ A revista *Vida Nueva* (nº 1097, año 1977) publicó un extenso artículo titulado *Arte Sacro: obras son amores*, no que se expoñen os primeiros pasos e as realizacións máis importantes desta institución no primeiro ano de funcionamento.

⁵ A explicación pormenorizada do proceso restaurativo dun cristo románico do Museo de San Paio de Antealtares apareceu na revista *ARAA* (nº 58, oct-dic. 1978).

TESTEMUÑOS

XOVE. SAN CIPRIAN UN CREGO COS SEUS

ENTREVISTA CON EVARISTO

Por Anxo FERREIRO CURRAS

Como os diarios din mais ben aquilo que arme gaitas e esquece ou deixa de lado o fondo da cuestión, quixen coñecer por min mesmo o caso de Evaristo. Cheguei a Xove e atopeino con Ramón Marful, crego de Lago e Xove na zona de S. Ciprián onde está a mastodóntica empresa multinacional Alúmina-Aluminio.

Evaristo Lorenzo Orol está procesado, a mais dunha multa gubernativa, por lle faltar ó Alcalde nun pleno da Corporación. Querenlle cargar ben o carro, e non as ten todas consigo, pero moi contento por defende-los seus paisanos e estar coa xente que vive do campo e do mar e agora o fluor e a lama roxa están aí ameazadores prá vida do gando, das plantas e da xente.

A loita reivindicativa xa empezou no ano 79 coa formacin daquela "Comisión Mixta" formada polas forzas poltticas (ANPG, POG, PSG, PCG, PTG, UPG, PSOE e as AA. de Viciños de Lago, Morás, S. Ciprián, Lieiro e grupos parroquiais da Regueira, Sumoas e Xuances. Tanto o Alcalde de Xove, D. Xesús López González, como o Gobernador negáronlle a representatividade. Ante a negativa, esta Comisión tomou medidas de presión como manifestacións á que asistiron uns dous mil viciños, e un encerro no Concello. Esta Comisión foise desfacendo e agora só queda na loita a A. de VV. de Lago, que é a que mais en perigo está pola contaminación.

A Corporación de Xove fixo en por ela o simulacro de negociación coa empresa, que se compromete baixo firma a cumprir once puntos que din todo e non din nada, pra engaiolar á xente:

"Nun prazo de quince días pór en práctica tódalas medidas correctoras de contaminación".— Non fixeron nada.

"En quince días pago de indemnizacións".— Despois de seis meses aínda están pagando en Lago.

“Traslado a outros lugares de características similares”.— Nada.

“Incorporación dos afectados como traballadores na empresa, facendo listas confeccionadas polas parroquias” — As listas confeccionadas o caciquismo. Disque o Alcalde “emplea moi ben”.

“Outras empresas xeneradoras de postos de traballo”. AA. de VV. e o pobo en xeral pedía concretamente o Laminado, pro a empresa o que dí é “otras instalacións xeneradoras de postos de traballo, en la debida ponderación de los condicionantes técnicos y económicos propios de toda inversión industrial”.— A ponderación e os condicionantes fanche emigrar, e non lle hai que facer.

“Colaborar co Concello nos problemas de infraestrutura”.— Non hai infraestrutura; nin vial (hai as carreteras que había), nin sanitaria nin doutro tipo. O Concello ten un presuposto de cen millóns e hai dous anos que están facendo as aceras en Xove que van ó carón da carretera principal.

A Corporación do Concello está formada por sete concellais e mailo Alcalde, independentes e colaboradores de UCD, dous do PSOE e un de UG. Non hai oposición, van todos por onde quere o Alcalde, que está en contra de todo movemento popular e a favor da empresa. Os plenos fainos as dez da mañá pra que o pobo non participe. Din que é o cacique da zona. Mestre moitos anos na parroquia de Lago e agora Director do grupo escolar pra oito parroquias da comarca.

Esta Corporación desautorizou oficialmente a Evaristo pra que non participe nas comisións informativas das AA. de VV. ou grupos veciñais “por entorpecer el buen entendimiento entre los vecinos y esta Corporación”. No seu recurso manifestaba que esta medida demostraba a incapacidade pra escoitaren os sufrimentos de Lago e facer calar a voz discordante que non vai ó son da batuta do director. Pra rematar ben toda esta liorta, o Alcalde promoveu un escrito pedindo firmas pra declarar a Evaristo persona non-grata e botálo fóra da zona. Marful, o crego de Xove, que fai corpo con Evaristo, manifestou ós seus feligreses que as firmas tamén o botaban a el, e parou a recolleita.

Despois de todas estas impresións parolamos con Evaristo.

— ¿E ti, que dís?

— O problema de fondo éche a contaminación dunha parroquia (Lago) que tiña a súa subsistencia no campo e no mar, e agora está en perigo a saúde pública. Igual que morren as vacas, ovellas, secan as árbores frutais, tamén virán as consecuencias pra saúde. Xa hai unha

contaminación acumulada no campo e no medio ambiente, moi superior ao legalmente permitido. Conseguimos que a Empresa pagase as hortas contaminadas do ano 79 a 70 ptas/m² e agora oferta so 5 ptas/m² do ano 80 "aquello fue un accidente y ahora la emisión de fluor ya se considera legal, si ustedes quieren lleven el caso a los tribunales". O veterinario da Delegación de Sanidade prá comarca que leva o control do medio ambiente, dixo "Lago está contaminado a pesar de encontrarse dentro de los límites legales de emisión", que quere decir, unha cousa é límite de emisión e outra a acumulación da contaminación. O mesmo Alcalde reconece que Administración Local non ten ningún estudo técnico e engade que o centro da parroquia está moi contaminado.

— Mais esta Empresa é unha fonte de riqueza e de postos de traballo....

— Si, con reservas. Pro non che veu pra eiquí traernos maná Eche unha empresa cunha inversión de moitos miles de millóns, moito consumo de enerxía, moita contaminación e poucos postos de traballo. Así é todo, nós queremos que faga fronte ós perxucios que causa e que poña tódolos medios necesarios. Mais disto quérese desentender amparada na Corporación e na Administración.

— ¿A xente está convosco?

— Podes supor que a capacidade de enfrentamento está limitada. Enfrentarse co Concello é enfrentarse coa Empresa. Xogan o posto de traballo ou o posible emprego. Isto produce inhibición na xente. E tamén os sometidos ós caciques ("con tanto aireo da contaminación non se venden os pisos"; "así non podemos vende-las terras, perden valor"). Non obstante quéroche decir que a xente boa, aínda que non ten voz, está connosco.

— ¿Funcionan as organizacións populares?

— A Asociación de VV. "AIRIÑOS" de Lago, fundada no ano 79, segue estando na brecha fronte ó Concello, Administración Provincial e xa non digamos fronte á Empresa. Os socios son mais das 3/4 partes dos viciños; anque o seu poder non é moito, segue na loita reivindicativa e crítica pra non deixa-lo futuro deste pobo nas mans dos capitostes.

— ¿Qué dis do teu problema?

— O meu problema é o problema dun pobo ameazado. Agora queren persoalizalo en min: sanción gubernativa de duascentas cincuenta mil ptas. de multa, prisión preventiva de dous días, proceso, que resolverán na Audiencia de Lugo, con liberdade provisional e fianza de cincuenta mil ptas. Queren reducir o problema a un enfrentamento de Evaristo (cura) con Xesús (alcalde).

— ¿A tua actitude sería hoxe a mesma?

— A mesma. Porque estou plenamente convencido de que aquilo polo que un loita é algo que da senso á miña vida. Asumo tódolos riscos que supón da-la cara en favor do pobo, que se ve condicionado na

sua liberdade e na súa cultura pra dar en por el demasiados pasos. E certo que non podo canoniza-las miñas formas en certos momentos, pro tamén é certo que estas explícan-se en certos momentos pola provocación que o Sr. Alcalde tivo conmigo e coa xente.

— ¿Tés medo á Xusticia?

— Os paisanos lembramos moi ben aquel dibuxo de Castelao, un vello rezándolle ó Cristo “Señor, líbrame da Xusticia”. A pesar de todo este tinguilado que están a montar pra me cargaren o carro, creo e teño confianza na Xusticia, pois non defendo nin busco intereses privados, senón que defendo ós meus, Lago e Morás.

— ¿Tedes posibilidades de interesar outra vez ós partidos e a outras Asociacións?

— Parece que están nesas. A xente espera este apoio. Espera non ser abandonada da Administración Provincial e Nacional, que a Corporación de Xove elixida cos seus votos non os defende.

E segue fala que fala do seu pobo, da xente, coma se o seu problema do proceso non tivese importancia. E eu quedo pensando só prós meus adentros “En boas te meteches, meu Evaristo. A quen se lle ocorre enfrentarte cunha Multinacional!” Pro tamén fago memoria dunhas letriñas do Salvador que cantamos facendo o cabodeano de Mons. Oscar Romero “cuando el pobre crea en el pobre/ya podremos cantar libertad/cuando el pobre crea en el pobre/construiremos la fraternidad”.

Remato co poema de Celso Emilio Ferreiro “Deitado fronte ao Mar...”

Non falo pra os soberbios,
non falo pra os ruins e poderosos
non falo pra os finchados,
non falo pra os valeiros
non falo pra os estúpidos,
que falo pra os que aguantan rexamente
mentiras e inxusticias de cotío;
pra os que suan e choran...
Eu non podo arredar as miñas verbas
de tódolos que sofren neste mundo,
E ti vives no mundo, terra miña,
berce da miña estirpe,
Galicia, dóce mágoa das Españas,
deitada rente ao mar, ise camiño...

RECENSIONS

J.M. LOPEZ NOGUEIRA, *SOBRE LA JUVENTUD ACTUAL*
Narcea Ediciones, Madrid, 1980

Para os que temos a sorte de coñecer o autor, este libriño de 54 páx. no so non é unha sorpresa, senón unha confirmación. Brillan as dotes chispeantes dun ensaista que debera publicar moito mais: cultura ampla e variada, cunha rara capacidade para as asociacións, e estilo flexible, claro e incisivo (ben educado sin dúbida nos tempos brillantes de *La Noche*).

Non se trata dun ensaio ao uso, cheo de datos meticulosos ou aportacións de última páxina; anque as referencias son sempre numerosas e suxerentes. O autor fai reflexión cultural de alto calado. Non o dibuxo inmediato da superficie, senón a figura que se perfila desde "parámetros existenciales amplos". Non erupción do momento, senón fina detección das "latencias históricas", pois decote "as raíces dunha época nacen doutra moi alonxada no tempo". E a nosa resulta un claro paradigma: "Moitos dos problemas da xeración actual, remóntanse a un pasado que parecía de todo ultrapasado"(p. 8).

De ahí que o tratamento vaise mover en realidade —a pesar da súa áxil sinxeleza— a niveis estritamente filosóficos. De feito, López Nogueira prosegue aquí, nun aspecto particular, o labor iniciado nunha obra que pasou moi inxustamente desapercibida no noso ambiente cultural (que non está precisamente para luxos a estes niveis...). Refírome a *Dialéctica existencial y Psicoanálisis*, Galaxia, 1973. Trátase por certo da dialéctica existencial da xuventude actual: non se espere o inmediato, pero estéase seguro de intuir algo do movemento do profundo.

O diagnóstico é o dun desequilibrio amplo, radical e consciente (neste senso, novo): a xuventude actual non disputa simplemente o dominio do patrimonio cultural ou social, "rechaza o patrimonio mesmo". Pero, ao facelo, a súa traxedia consiste en que non dispón dunha "organización social nova á que adherirse colectivamente"(p. 4).

As raíces da situación son moi fondas: está en xogo a *identidade* íntima do home, non nun simple senso psicolóxico, senón como rigoroso problema antropolóxico, como crise do proceso mesmo de hominización. Chega ao mais profundo: "no fondo, o problema da xuventude é a crise relixiosa"(p. 22) ou "ético-relixiosa"(p. 37).

As solucións non poden, por iso, considerarse feitas. Nin a psicoloxía nin o marxismo son solucións adecuadas, pois neles non se logra o indispensable equilibrio entre “o rescate do social” e “o fomento do íntimo”(p. 19). Tampouco os nacionalismos de corta vista, pois trátase da humanidade como tal, dunha “crise de civilización”. E moito menos as solucións escapistas. Nin a pasividade dunha xeración á que as máquinas privaron da experiencia da resistencia que ofrece a realidade, e que acepta como un feito natural a división política do mundo, co seu inicuo expolio das materias primas. Nin a droga, que “só varía o contido das sensacións no que estas teñen de materia sensitiva, pero non aumentan a dimensionalidade da existencia humana”(p. 46); ademais “o home encontrou hai xa miles de anos a vía rexia da súa hominización”, que pasa polo descubrimento do “logos dialéctico” e pola apertura de novas dimensións da existencia (p. 46-47).

O que non significa que ahí estean ausentes tódolos valores. En realidade, as diversas *subculturas* que se moven nestes ámbitos —López Nogueira fai delas un interesante repaso— van, dun ou doutro xeito, tras algo moi importante: “o cambio non tanto da sociedade como da natureza humana”(p. 47).

Por ahí se adentra o esforzo da *contracultura*, á que vai adicada o último apartado e que é entendida con xenerosa amplitude. Tomada así deixa de ser “un movemento meramente negativo, para se converter nun saber creador, con outra imaxe do home, de base científica, e moito máis avanzada espiritualmente que a do pasado da filosofía europea tradicional”(p. 51). Pero non se tema por este lado un cientifismo chato ou un positivismo vulgar. O que o autor propugna é o afrontamento consciente da evolución humanizadora do home, apoiándose nas posibilidades totais —tamén biolóxicas— da humanidade. Cousa que só poderá vir “dun humanismo crítico e responsable”, que deberá ser tamén un “neo-humanismo da liberdade”(p. 54).

A mocidade representa xustamente a matriz de esperanza, a posibilidade suprema: “O xoven é fundamentalmente un ser non especializado, que posúe un máximo de opcións vitais en potencia. O labor da vida científica consiste en averiguar cales son, e axudar á cultura educativa —o humanismo é esencialmente educación, construción do home— a crear, a traveso da xuventude, unha humanidade mais libre, mais alta no seu desenrolo moral”(p. 54). Así remata precisamente o libro. Como suxerencia para a razón e como chamada para a responsabilidade.

Por Andrés TORRES QUEIRUGA

A PROYECCION INTERNACIONAL DA NOSA HISTORIA

A recente aparición no mundo cultural de dous libros feitos por autores estranxeiros, pon de manifesto o interés que desperta a nosa historia, tanto a do noso pasado colectivo como a dos acontecementos máis próximos. A ben coidada versión galega de ambos débese a "Edicións Xerais de Galicia", que na súa corta andadura xa nos fixo unha variada e importante aportación bibliográfica.

Nesta ocasión o noso comentario ocúpase de dous dos seus números.

A GUERRILLA ANTIFRANQUISTA EN GALICIA¹

Harmut Heine, coñecido xa polos lectores preocupados polo estudo da nosa historia contemporánea desde a aparición da súa obra "La evolución política en Galicia (1939-1975)"², achégase agora a análise da guerrilla antifranquista co "intento de tratar con detalle as causas, accións e protagonistas desta, co trazado da súa evolución desde a guerra civil astra os comezos da década dos anos cincuenta" (páx.11). O libro presentáao como tese de licenciatura no Ealing Technical College de Londres e ten o mérito, entre outros moitos, de se-lo primeiro en abranguer de forma exhaustiva un tema tan atractivo e dificultoso como apasionado e polémico.

De entrada atopámonos cunha seria investigación que crarexa o problema, anque a "obsesión do autor polos datos e as datas"(páx. 11), fai a lectura dificultosa, pero déndose en ocasións o fio da narración. É interesante tamén suliña-los fondos documentais empregados: abondosos testemuños de ex-guerrilleiros, relacións epistolares, Boletíns Oficiais da Guardia Civil e das Provincias, prensa, sumarios..., que abren novos camiños pra futuras investigacións. Outro acerto é a inclusión dun mapa

¹ HARMUT HEINE, *A guerrilla antifranquista en Galicia*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1980

² HARMUT HEINE, "La evolución política en Galicia (1939-1975)", en *Ruedo Ibérico*, 51-53, Mayo-Outono, Paris, 1976.

cos numerosos lugares nomeados no libro, mentras que a lista das vítimas da represión falanxista en Mugardos (Apéndice A, páx. 267), teríase de completar coas acaecidas noutras localidades. E posible que certas fontes utilizadas dificulten a fiabilidade dalgúns dos datos aportados, menos coincidentes cos referidos por outros autores: do guerrilleiro "Foucellas" indíca-se (páx. 61) que naceu no 1910, cando Antonio Fraguas³ sostén que foi en 1908; de "Pancho" di que naceu en Mugardos e morreu en Home-Pontedeume no 1955 (páxs. 241,251), mentras no xornal "A voz do pobo"⁴ dícese que naceu en Home e morreu en 1954; na páx. 147 fala da execución dun falanxista chamado "O Bailarín", ocorrida no casino principal de Mugardos no 1945, pola contra, Costa Clavell⁵, nun relato mais detallado, comenta que tivo lugar no café Zárate en 1940 (páx. 155); nesta mesma páxina e ano cita-se o asalto á casa da pólvora de Caranza (Ferrol) e Heine localiza a acción no 1945 (páxs. 147-148); tanto Clavell (páx. 162), como Tuñón de Lara⁶ (páx. 121), manteñen que "El Guerrillero" se tiraba na Coruña e no libro comentado afirma-se que se imprimaba en Madrid (páxs. 159-162). Erra o autor cando confunde a Bazán (páxs. 136, 141) con Astano, porque este estaleiro non se funda astra 1941.

Un dos capítulos mais interesantes do libro pola craridade da súa análise e o adicado ás causas, tanto de carácter táctico como estratéxico, o do fracaso do movemento guerrilleiro. A primeira sitúa-a Heine no Partido Comunista: "consideramos que pois a este partido lle corresponde o mérito de ter sido a organización política que se dedicou con mais decisión ó artellamento do movemento guerrilleiro en Galicia e no resto de España, chegando os seus militantes a dirixir cáseque tódalas organizacións da guerrilla rural do conxunto español, correspóndelle tamén en grande medida as críticas que poidan xurdir con respecto ó tema presente"(páx. 257). Outra causa foi "que non se efectuara un traslado masivo de guerrilleiros españois procedentes do maquis francés a España"(páx. 263). Neste punto de novo non coincide coa interpretación de Clavell, cando di: "Por lo que respecta a la segunda etapa de la

³ ANTONIO FRAGUAS, "Foucellas" en *Gran Enciclopedia Gallega*, Tomo XIV. Santiago.

⁴ F.S., "Vilaboy e Pancho, trinta anos despois" en *A voz do pobo*, 12, 1977.

⁵ X. COSTA CLAVELL, *Las dos caras de Galicia bajo el franquismo*, Cambio 16, Madrid, 1977.

⁶ TUÑÓN DE LARA Y OTROS, *1 Jornadas del Movimiento obrero en las nacionalidades históricas*, Unión local de Comisiones obreras, p. 121. Ferrol, 1979.

guerrilla en Galicia es inapreciable la infiltración de nuevos guerrilleros ex-maquis de la resistencia francesa, que es considerable en otras zonas (...)” (páx. 152). Pensamos que o alonxamento de Galicia e mais as dificultades do traslado poden explicar esta diferenza.

Hoxendía, cando é coñecido o modo de vida nas guerrillas de América Latina, serían interesantes uns comentarios a este tema, como tamén ás formas de reclutamento, enlaces, contraseñas, etc.

Todo o anterior non rouba os merecidos méritos do autor a a súa honestidade á hora de se enfrentar con esta “página importante de la Historia popular de Galicia”, na opinión de Tuñón de Lara⁷.

A VIDA DOS PEREGRINOS POLO CAMIÑO DE SANTIAGO¹

A pesar do moito que se leva escrito sobor do Camiño de Santiago, dous escritores franceses, Barret e Gurgand, ofrécennos ó longo de 275 páxinas, unha nova visión do tema, especialmente curiosa: a vida dos peregrinos no “camiño das estrelas”. Cunha narración sinxela vannos describindo en dez capítulos, os avatares dos camiñantes, desde que inician a marcha en “tódolos curros do mundo cristián” astra a feliz chegada a Compostela. Como testemuñas das referencias que nos van relatando, acompañan á narración unha serie de persoaxes históricos co testemuño que deixaran escrito da súa viaxe. Esta técnica, anque mellora en amenidade, pensamos que lle resta certa profundidade á análise histórica do tema, polo seu senso descriptivo. Non falta por ilo a calidade literaria ou o rigor documental. Aínda sen poderen precisar a cifra anual de xacobeos da-se por vez primeira unha aproximación e ó mesmo tempo lógrase recontruí-la súa vida cotidiá.

Os autores sitúan os seus ricos comentarios, cheos de curiosas e divertidas anécdotas, ó longo da ruta do Camiño francés, anque ó chegaren a Galicia fan-se menos abondosos o que, sin caermos nunha visión localista, disminúe o seu interés. Soio se mencionan de pasada outros camiños menores, como o mais ancho e perigoso de todos eles: o

¹ BARRET-BURGAND, *A vida dos peregrinos polo camiño de Santiago*. Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1980.

do mar, por onde, como di E. González López², chegaban moitos peregrinos, o mesmo que sostén Rodríguez Villasante: “la corriente de peregrinos por mar, en el siglo XV, era realmente importante”³. Pódese ver tamén sobor do mesmo tema o artigo “Ingleses en Galicia” que de paso aporta novo material bibliográfico⁴.

Barret e Gurgand rebaten “a idea xeneralizada —e falsa— de que a peregrinación foi debalando pouco a pouco, vítima dunha decadencia progresiva desde a Reforma protestante”, páx. 216; cando o mesmo Villasante ou Isaura Varela sosteñen, como di esta última, que “el carácter reformador del siglo XVI reduce considerablemente la afluencia de peregrinos (...)”⁵.

Os capítulos adicados ás obras de misericordia son os mais extensos e amenos. Pro o conxunto é algo mais que a vida dos peregrinos; é un libro de costumes —onde os hábitos relativos ó comer e beber merecen toda a atención dos viaxeiros—, moitos deles esquecidos e que aquí, afortunadamente se recuperan; como aqueles que dín: En todo o devandito país, indica Jean de Tournai, alí onde venden viño branco, poñen por enseña palla, e por enseña do viño tinto poñen un cobertor vermello” (páx. 178); “é costume no país que os homes e mulleres dormen vestidos e cambian de roupa duas veces no ano” (páx. 186). Tamén é unha visión dos extranxeiros sobor das nosas xentes, con agudos xuícios encol da nosa tradicional hospitalidade e caridade. O relato contaxionola emoción e ledicia de ollaren por primeira vez Compostela, “no Fisterra da Europa cristiá” e fainos comparti-la fascinación que por Galicia sinten os autores. Eles teñen o mérito de seren partícipes da súa propia historia, pois chegados ós corenta, poñense tamén en camiño, durante cincuenta días, a seguiren as pegadas dos seus devanceiros, dando así testemuño vivo do seu acontecer. Merece tamén resalta-la abundante bibliografía, anque aínda incompleta, con 270 referencias, que abranguen desde o texto básico “Le guide du pélerin de Saint-Jacques de Compostelle”, despois de oito séculos e medio, deica os derradeiros estudos aparecidos en diferentes países, e que amosan de pasada a vixencia e actualidade do vello tema compostelán. É importante ademais a incorporación como material documental dunha película e discos coas cancións dos

² E. GONZÁLEZ LOPEZ, *Historia de Galicia*. La Voz de Galicia, La Coruña, 1980. p. 103.

³ J. RODRÍGUEZ VILLASANTE, “El camino marítimo de Santiago”, *Revista General de Marina*, Madrid, t. 191, julio 1976, p. 27.

⁴ M. V. CENALMOR BALARI, “Ingleses en Galicia”, *Revista General de Marina*, Madrid, t. 193, agosto-sept., 1977.

⁵ I. VARELA GARCÍA, “Camino de Santiago, O”, *Gran Enciclopedia Gallega*. Santiago, t. IV, p. 209.

peregrinos; todo ilo facilitado polo Centre d'Etudes Compostellanes. A pesares de ser "A vida dos peregrinos polo camiño de Santiago" o obxectivo primordial do traballo dos autores, deixáanse fóra outros aspectos como o seu papel socio-económico, repoboador e de vínculo cultural e artístico con Occidente.

En conxunto a lectura deste libro é unha amena e en ocasións sorprendente visión dun feito tan fondamente enraizado na nosa historia, contada a partir das guías de peregrinos, dos relatos personais e tamén das fermosas cantigas de camiñante, que ben merecerían a fermosa voz de Amancio Prada, como aquela lamentación que di: "Deus, que lonxe están, amiga belida, as mil estrelas de Compostela".

Por Guillermo LLORCA FREIRE

GOOSEN, A. B. J. M., *ACHTERGRONDEN VAN PRISCILLIANUS CHRISTELIJKE ASCESE*, Nijmegen 1976 (en offset), pp. 403

Nos derradeiros anos a figura e doutrina de Priscilián continúan chamándolle a atención ós estudosos. proba delo son as publicacións e traballos en curso. Temos noticias que —entre outros— o prof. *O. Wermelinger* (Freiburg) e *J. Amengual* (Mallorca) están ocupados no estudo —dende distintos ángulos— do pensamento e influencia do bispo de Avila. Neste intento de recuperar pouco a pouco o que significou a teoloxía de Priscilián, insértase a tese doctoral en Teoloxía de A. B. J. M. Goosen, presentada no 1976 na Universidade Católica de Nimega. Neste estudo que leva por título *Os fundamentos do ascetismo cristián de Priscilián* ofrécese unha análise das bases teóricas e da ensinanza ascética do bispo condenado en Treveris, en base ós tratados e cánones publicados por Schepss no ano 1889 (CSEL 18).

Na introdución (pp. I-VIII), o autor expón as distintas posturas adoptadas na interpretación dos textos editados por Schepss. Presenta, brevemente, a historiografía priscilianista dende a obra de Vollman (1965). A erudición do autor vai mais aló das obrigadas referencias de Babut, Orbe, Puech, Vollmann etc.

Goosen está informadísimo da literatura sobre Priscilián especialmente en todo o que se relaciona co monacato e movementos ascéticos. Non faltan nomes como Pedret Casado, Mundó, C. Torres, Fdez. Catón, Pérez de Urbel... Buscou e atopou todo o escrito acerca de Priscilián en todos os cornechos da xeografía europea. Pro o que lle interesa a Goosen e adentrarse na mensaxe ascética de Priscilián. Pra

Goosen o teólogo galego é un místico e como tal hai que xuzgar todas as incidencias de que foi vítima.

Unha vez exposto o seu obxectivo, pasa revista ós títulos e contidos fundamentais de cada un dos tratados e cánones. Nos tres capítulos de que consta a obra trátanse os seguintes temas: a idea de Deus-Cristo, do mundo do home e da teoría do ascetismo. No *capítulo primeiro* (Deus-Cristo) conclúe que a idea de Deus é mais ben resultado dunha experiencia persoal que froito dunha reflexión. Exposto o tema de Deus cabía agardar un apartadiño sobre a Trindade. Goosen trata de recoller o pensamento trinitario priscilianista, corroborándoo coa análise de tres pasaxes. O *capítulo segundo* está consagrado a buscar a teoloxía da creación —do cosmos e do home— como preliminares dun terceiro apartado onde se intenta expoñer a teoría do ascetismo segundo Priscilián. Apúntase a terminoloxía empregada (*iter, labor, opus, fides*), o contexto da ascese, os motivos pra unha vida ascética, a imitación, a *militia*, a penitencia e recompensa, a acción de gracias e o Espírito de Deus como elementos da mística nos textos priscilianistas.

A exposición ocupa 103 páx., que corresponden ó vol. primeiro. Un segundo volume contén as notas correspondentes a cada unha das seccións (pp. 124-268) e a *tradución* dos tratados e cánones (pp. 269-374). *E a primeira versión a unha lingua moderna*, o holandés, case contemporánea da deficiente tradución ó castelán (*Prisciliano. Tratados y cánones*. Bibliot. de Visionarios, heterodoxos y marginados, Madrid, 1975). A obra de Goosen péchase cunha completísima bibliografía (pp. 375-397).

E de loubar a erudición e a información aó longo de toda a obra. Non se lle escapa detalle en cada cuestión. A bibliografía, aparte algunhas erratas, é case exhaustiva. E de loubar tamén o esforzo que supón a tradución dos textos atribuídos a Priscilián, sobre todo cando cando quen o fai non é un filólogo de profesión. Con todo no nos acaba de gostar nen o método nen as conclusións ás que chega Goosen. O autor manexa os textos —como se fora un bo ficheiro— recopilando multitude de paralelos e queréndoos combinar con outros escritores contemporáneos ou anteriores a Priscilián. Sin embargo non se afixo á *forma mentis* do autor estudado, nen busca a malicia que hai detrás de cada palabra ou detrás de cada silencio. Goosen inda ten o prexuício de que Priscilián é un teólogo vulgar entre os teólogos do s. IV español.

A verdade é moi outra. Nas análises de Goosen pesan moito aínda os xuícios de outros autores. Estamos convencidos de que somentes por vía esexética podemos descubrir o pensamento de Priscilián. E proverbial a

importancia da doutrina trinitaria de Priscilián. Os autores antipriscilianistas e os concilios déronlle moita importancia ós erros neste campo. Orosio (*Comm.*, 2) dille a S. Agostiño que Priscilián falaba da Trindade de nome, pero que en realidade non afirmaba a distinción triádica. Afirmaba o feito pero equivocábase na explicación da Trindade.

A Teoloxía traduciu polos vocablos "Pai" e "Fillo" "Deus" e "Logos" de Xn 1, 1-3. A dificultade estaba en matizar as relacións do Verbo con Deus sin romper a unidade. De feito, o término "logos" era equívoco. Podía aludir a *ratio* (intelecto), *sapientia* (verbo interno) ou a *sermo* (palabra oral). O verbo, segundo Xoán *in-erat* e *apud-erat*. Estaba (inmanencia) e estaba enfrente. Priscilián parece que non coñecía este tecnicismo das partículas gregas. O verbo antes da súa emisión *in-erat* en Deus, despois de ser emitido estaba *apud-Deum*. Duas formas distintas segundo a teoloxía prenicena, do mesmo Verbo.


Non así para Priscilián. *In-erat et apud erat* dábanlle o mesmo. Deste xeito eliminaba a distinción persoal entre Deus e Verbum. De igual xeito que o Verbo interior está no intelecto, o logos divino antes de saír do intelecto está nel. Non só permanece o equívoco, senón tamén a confusión do intelecto (*sensus*) coa *forma Verbi*, entre *Mens e Verbum mentis*.

Priscilián non distingue o *logos endiazetós* do *logos proforikós*. Atribúelle a categoría do logos ó Intelecto e nega a distinción persoal entre Pai e Fillo. *Sensus-Verbum* estíxelle a identidade persoal Pai-Fillo. E coñecida a escuridade nos primeiros séculos en canto á especulación sobre o Espírito Santo. Pra Priscilián o Espírito Santo é obra da vontade. A sabiduría (—Esp. Santo) é obra do Fillo, porque é obra da vontade do Pai, e a vontade do Pai é o fillo. A Sabiduría é a forma do Espírito que ven do Verbo. ¿E o espírito profético ou o espírito de filiación?. O Espírito é a Sabiduría infundida no home, é o misterio da inhabitación divina. Doutra maneira: O Invisible (Pai) faise visible (Cristo) e este faise sensible coa efusión do Espírito Santo. O home co Espírito coñece o Fillo e por el alcánzase o coñecemento do Pai. A Sabiduría (Esp. Santo) non subsiste en si aparte do Verbo, senón que se derrama na humanidade. Así como unha diversidade de vocablos (*sensum, verbum*) empregados pra significar o Deus un non rompe a unidade, de igual xeito a multiplicidade dos dons da Sabiduría non fende a súa unidade. 1. Cor 12, 4 viña en axuda de Priscilián pra remachar o seu pensamento.

O mesmo que o Logos non ten principio (o que ten principio ten fin), de igual maneira a Vida (Esp. Santo). De ahí a *innascibilitas* e a concepción binarista con un terceiro membro (Esp. Santo) a modo dun substrato do Pai e do Fillo. Priscilián afirma o feito da distinción, pero o erro está en cómo o explica.

O libro de Goosen, ó noso modo de ver, reclama, por unha banda, un labor filolóxico pra traducir e iluminar os textos, e, por outra, análises parciais de cada escrito. Deste modo poderíase alargar a pneumatoloxía de Priscilián, fixándose no que cala mais que no que dí: o lugar do Espírito Santo como forza de Deus e profecía á luz das fórmulas paleo-cristiáns; as diferencias e coincidencias coas especulacións gnósticas, etc.

Uxío ROMERO POSE



CRONICA DO ACONTECER

Por Luis ALVAREZ POUSA

A ausencia do presidente da Xunta, Xosé Quiroga, dos conselleiros e do personal na sede de Raxoi aquela noite era todo un síntoma. O teléfono sonaba de valeiro. E sin embargo, os tricornios estaban a punto de facer que esta “pel de touro”, en palabra de Espriú, escornase de novo os trapos da liberdade.

— Todos ó chan...

Disparos de metralleta no Parlamento Español. Tódolos deputados baixo dos pupitres. O teniente coronel *Tejero*, mostacho, e pistola na man, amedrentaba ós deputados. Os gardas civiles, en número de trescentos, ocupaban o edificio.

— Xa guindaron ós da esquerda....

Quen comenta esta falsa apreciación é o deputado ourensán *Gómez Franqueira*. Parece seguro que aquilo non vai cos do seu bando. Pero iba. Os deputados de esquerdas estaban vivos, pero teméronse o peor durante toda aquela noite do 23 de febreiro. O golpe fracasara na súa materialización antidemocrática e fascista.

Pero a ausencia de todo o goberno preautonómico galego, a fuxida de xentes camiño de Portugal, a inquedaanza que se apoderou de cáseque todolos políticos, a inseguridade democrática, *Tejero* recibindo visitas fascistas en peregrinación polo castelo da Palma, no Ferrol..., todo está causando unha sensación de victoria moral do intento de golpe. A intentona do teniente coronel da garda civil, un iluminado doutro século, ten agora mesmo secuestrado o proceso político de Galicia. No país vasco está o exército, en constante vixilancia, e todos, desde a dereita á esquerda, esquenceron cousas pendentes, pasaron por alto cuestións de urxencia democrática, e secundan a política do novo presidente do goberno español, *Calvo Sotelo*, que non perde ningún dos acenos que ininterrumpidamente lle dirixen os militares e o Vaticano, ou Estados Unidos e a Santa Sede. Ninguén fala do Parlamento Galego que debe formalizarse no outono. As reivindicacións están conxeladas. E quen se atreve a forzar algunha situación, noutros momentos lóxica, recibe a máis severa das reprimendas policiais.

A DOCILIDADE SOCIAL E PARTIDARIA.

Non é ningún misterio. A sociedade galega é das máis mansas. Aquela disociación, á que noutras ocasións nos temos referido, entre os

políticos e o pobo real, pérdese agora con maior preocupación, por canto que non queda superada evolutivamente, senón enterrada no silencio culpábel e na pasividade do medo común. A dereita, seguindo os pasos de *Calvo Sotelo*, aproveita a ocasión. Coa esquerda encapelada, co pobo amedrentado polo síndrome (victoria moral) do F-23, pode autoxustificarse o que doutro xeito non tería explicación política posíbel. Agora aparecen cos seus verdadeiros rostros —cecais esto sexa positivo, que non hai ben que por mal non veña— os que aproveitaron os berces democráticos para acomodarse entre as sábanas que máis quentaban, amparándose na coartada dos *posíbeis golpes*. O perigo dunha nova intentona militar (con ou sen *Tejero*, con ou sen *Armada*, con ou sen o gobernador militar da Coruña, con ou sen *Milans del Boch*) é real. Ninguén o nega, e máis cando no Diario-16 do día 20 de abril pasado, data na que escribo esta crónica, os informes secretos da Acorazada Brunete, con base en Madrid, somente mostran disconformidade coa “sanjurjada” do F-23 no sentido de que foi *inoportuna*. Pero esta espada de Damocles non pode nin debe secuestrar tódalas aspiracións de autogoberno a que ten dereito un pobo como o galego, o mesmo dereito que tamén teñen Euskadi e Catalunya.

A docilidade social, o sometimento “feliz” dos políticos que desde posicións dereitasas terían desde hai tempo polos seus privilexios, o “gadianismo” de cantos políticos prometeron a cotío reformas e reordenación da historia inevitablemente europea que debe configurar a existencia dun estado plurinacional desde a esquerda, o síndrome do medo..., todo está contribuindo en Galicia (coma, dun xeito ou doutro, noutros territorios da península) a perder definicións históricas, culturais, políticas, económicas, e mesmo antropolóxicas... E sin embargo estamos certos de que os golpes somente se paran co fortalecemento das institucións democráticas, como as autonómicas.

Teóricamente, as eleccións ó Parlamento Galego deberían estar pesando xa na acción política dos partidos e das diferentes capas sociais do país galego. Pois non é así. Ninguén pensa no tema. Hai unha especie de pudor político en sacar á opinión pública a cuestión. mentres os nacionalistas sofren o aillamento por parte dos demais grupos democráticos, ó tempo que o poder gubernamental, que nunca lles tivo un especial afecto, aproveita para desprestixialos e, nalgúns casos, reprimilos. Non está ausente deste aillamento a prensa de Galicia e de Madrid, as emisións de radio máis importantes e a televisión. Parece como si todos, vítimas do síndrome, se puxeran de acordo para asentar, co epicentro onde estivo sempre, este estado sobre as ruínas dos menos fortes, dos máis débiles en número, das que son chamadas (xa todo quedaría dito así) as minorías.

Velaí porque o goberno, especialmente a través do ministro *Martín Villa*, aquel que xeneralizou dentro e fóra da Moncloa a idea de “homogeneización” tenta unha nova normativa electoral capaz de borrar do mapa político ós partidos que chaman rexionalistas, ós nacionalistas galegos, vascos e cataláns. Velaí porque tenta o partido do goberno, que é o partido que conduce os destinos de Galicia, remesar as Cortes Españolas un proxecto de lei de réximen local no que as diputacións serán donas e señoras da súa propia autonomía, sen que os poderes autonómicos poidan controlalas.

O DESACOUGO

O *Alvaro Cunqueiro*, que tantas veces soñara cunha Galicia nova, para outras mil primaveras vividas doutra maneira, recibía o derradeiro adiós dos amigos en Mondoñedo. A sensación de que existe, logo da súa morte, un valeiro de emocións, un silencio máis agoirante, ten moito que ver co desacougo que sofre iste país. Un país no que o pre-poder político está nas mans de ineptos, ou cando menos de pasantes, que recurren á consabida conxura internacional cando algúns se atreven a denunciar esa evidencia. No pazo de Raxoi, en Santiago, o presidente *Quiroga* e os seus próximos fixeron un mutismo no momento mesmo en que se enteiraron de que había posibilidades de facer trunfar o golpe do F-23. O conselleiro de Pesca, *Fernández Calviño*, fixo algún comentario pouco propicio diante dalgúns que o contaron. Mentres, o presidente *Pujol*, en Catalunya, secuestrado no Parlamento o goberno español (xa cun *Adolfo Suárez* dimitido pero aínda no banco azul) convertíase nun home de Estado, dos primeiros que apareceu en público para tranquilizar a cantos, co radio na orella ininterrumpidamente e lógo coas imáxenes da televisión nos mantivemos alertados polo que poidera pasar.

Non hai un mínimo de poder asumido polos homes da Xunta. Tampouco lles deron moito marxe, pero xa teñen transferencias dabondo para as súas posibilidades políticas e de xestión. E sin embargo, móvose samente ó aire das bandas de música, nos avións que os levan a Madrid ou a París, nos almozos cos ministros-camaradas, nos actos que organizan os “empresarios” da desazón política e económica deste castrado País Galego. Ni siquiera posibilitan os máis conscientes (*Rosón*, *Pardo Montero* e poucos máis) un esclarecemento do que poden dar de sí, para que a opinión pública recoñeza a impotencia real que os limita para unha xestión eficaz, e previamente para un “tempus” de necesaria confianza.

As mortes de *Cunqueiro* e de *Fermín Penzol*, homes que configuraron unha Galicia nova, cos seus libros e vitalidade abraiante o primeiro, coa súa xenerosidade e coa súa dedicación sen tacha na teima

de construír o país desde a recuperación da identidade o segundo, víferon a ensombrecer a situación aínda moito máis. Se os que se van son os bós e xenerosos ¿qué nos vai quedar?. Porque desaparece unha xeneración que non ten continuadores. Este valeiro pode que sexa tamén aproveitado polos oportunistas que nunca se sentiron vencellados á empresa colectiva dos que agora van atopando na terra dos camposantos a tranquilidade que non tiveran en vida, precisamente porque en vida sentíanse cercados.

A RIO REVOLTO

Esta atonía política, que sómente pode ter de inmediato unha resposta no traballo militante de cantos gastan as súas vidas e o seu tempo diario na investigación e no acto sempre revolucionario da creatividade cultural e científica, non parece que vaia cambiar polo de agora. Non lles interesa ós que pactaron unha "concertación" autonómica en Madrid. Nin á esquerda española, que ten a pesares de todo persoas de boa fe en Galicia, nin á dereita que buscaba unha xustificación para dicir "deiquí non pasamos".

O golpe produciría así o seu obxectivo moral. Xa non hai atrancos para reprimir os movementos nacionalistas, nin as manifestacións populares, e o gobernador civil da Coruña *Pedro Gómez Aguerre*, cecais o home que agardaba con verdadeiro interés que se reforzase a súa autoridade, non ten recelos en forzar, innecesariamente, manifestacións de protesta pola prohibición do congreso dos estudantes do "Bloque" (ERGA) e, nesta ocasión en Corcubión, pola disolución violenta dos centos de veciños que esixían un médico para o municipio.

A dereita, os ucedeos que pretenden tensar as cordas o máis posíbel para asegurar o control absoluto do que será (se antes non hai outra "tejerada" o Parlamento Galego, aproveitan que a esquerda parlamentaria está nos seus cuarteis de inverno, para arremeter aló onde teñen poder. Na provincia de Pontevedra, o ministro (agora de sanidade e Seguridade Social) *Sancho Rof*, auxiliado por un *Xerardo González Martín* (que preferiu seguir traballando a secretaría xeral do partido en Galicia a unha dirección xeral no organigrama do Estado), "limpa" de extraños as delegacións ministeriais, como fixeron xa co delegado de Educación. O que non sexa de UCD está contra deles. Velá a operación. E máis. Porque con *Calvo Sotelo* na presidencia do goberno español, o enemigo interior *Victor Moro*, tiña posibilidades reais de enfrontamento e de loita polo control de UCD na provincia. Por eso o ex-subsecretario que flirtara en tempos co Partido Galeguista (antes de que malnacera e antes de que causara decepcións entre os seus naturais e notabeis non-militantes), vaise de Director do Banco de España en Barcelona.

Por outra parte, saben os ucedeos que estamos no momento axeitado para desfacer naquelas cidades que máis lles interesa, os pactos municipais que levaron ás presidencias de determinadas casas consistoriais, a nacionalistas e homes de ideoloxía non coincidente. Os casos de Coruña e Vigo, os mellor sobados. Non parece que teñan especiais problemas co alcalde Soto, porque xa se lles ofreceu para xestionar entre todos o municipio. Polo menos é un caso a pospofier Pero o obxectivo de largar do pazo de María Pita a un *Domingo Merino* estaba nas axendas de todos eles. E conseguiron que dimitira o alcalde nacionalista, nunca aceptado polos que siguen controlando a burocracia e o capital na cidade herculina, atacado desde os máis diversos sectores, agás de polo movemento veciñal, refutado polo PSOE municipal que aspiraba a sentarse no sillón da casona, abandonado pola xa desaparecida coalición "Unidade Galega" que fora a que o convertira en alcalde, denostado pola prensa local que pedía de totalas maneiras a súa dimisión a calquera precio. Certo que *Domingo Merino* cometera o erro de non saber rodearse de especialistas (dos que podía dispor) e certo que foi vítima en ocasións da disciplina de partido (PSG) que lle impuña pronunciamentos ideolóxicos innecesarios ou inoportunos políticamente, pero tampouco era para argallar esa trama urdida no seu redor sen posibilidades de resposta efectiva. Porque hai axuntamentos nos que a pesares de gobernar a dereita, a xestión municipal está moito máis deteriorada. E falo de cidades importantes, por suposto. Agora preside a Corporación Municipal coruñesa un alcalde da dereita, *Joaquín López Menéndez*. Fixo posibel a división da esquerda municipal e mesmo o esfarelamento dos xa históricos "Pactos do Hostal"

Naturalmente todo o que está a acontecer, toda esta atonía e esta sensación de secuestro do proceso político galego, ten causas moito máis xeneralizadas. Está claro que o golpe do F-23 pesa no ánimo de todos. Pero tamén o está que os partidos que deberan ser alternativa política en Galicia diante das forzas organizadas no ámbito do Estado, non atinaron, nin atinan. A estratexia dos nacionalistas non ten unha demanda social. Isto polo que respecta ós de esquerda. A estruturación e a estratexia política do Partido Galeguista (que na data en que escribo está sin secretario xeral, porque *Luis Sobrado* presentou a súa dimisión hai uns días) non é sficientemente eficaz como para atraer a esa demanda social que sí ten. Sin que o meu criterio teña nada que ver cos que firman nun prestixioso periódico galego co nome de "*Ultraya*", ás veces tendenciosamente pactistas, efectivamente o espacio político de Esquerda Galega existe e tamén ten seguidores o estilo eurocomunista (son socialistas os seus promotores) que utiliza na vida pública. Pero está sufrindo as consecuencias dun parto apresurado, algo semellante ó que lle aconteceu ó Partido Galeguista. Un e outro necesitan unha reorganización a fondo.

Compostela, 21 de abril, 1981

Luis ALVAREZ POUSA

ROLDA DA CULTURA

Por Xesús FERRO RUIBAL

OS HOMES

Mortes

Decía Plinio que a morte dos que están a facer algo importante sempre nos parece cruel e prematura. ¿E que nos vai parecer esa morte que tanto nos vén ver ultimamente?.

No 1976 Otero Pedrayo abriu unha Santa Compañía que non dá acabado de enrolar xente: Trabazo, Lorenzo Varela, Seoane, Antón Failde, Darío A. Blázquez, Celso Emilio, Blanco Amor, o P. Crespo, Gómez Ledo, Alvaro Paradela, Xoán Piñeiro, Tino Grandío, Imeldo Corral, García Alén, Ucha Piñeiro, Cunqueiro e Penzol. Xa é andacio tamén!

En Cunqueiro, capaz, xa non, de nos traer un Nobel; e en Penzol incansable buscador do libro mais raro pra nolo mercar, eu vexo madeira da cerna, esa que custa moitos anos criar, eses centímetros concéntricos mais acastañados, interiores, ocultos, duros e inatacables pola couza.

E todos, todos se van. Aínda nos quedan uns poucos. Pro xa vai sendo moito o sámago, esa leña nova, eses circos exteriores da torada mais blancuxos, os que crfan casca e os que se ven cando cai a casca; leña branda, vítima segura da couza. Temos tanta présa que se nos vai o pan polas pallas, que non hai o gusto polo traballo ben feito, que camiñamos peterriando coma se os que van connosco fosen o noso obstáculo.

Aqueles déronno-la súa obra e o exemplo de rigor e pouco barullo Deus lles dea o ceo que imaxinaron.

Homenaxes

A Cruña vén de nomear “Coruñés do ano” a *Rafael Dieste* escritor bilingüe inxustamente infravalorado no mundo galego.

Ourense vén de crea—lo “Día de Don Ramón”, 8 de abril, pra lembrar a *Otero Pedrayo* con actos escolares en Trasalba. Tamén Orense e Celanova uniron os esforzos de Diputación, Concellos, e Asociacións culturais pra unha semana adicada a *Celso Emilio* (23—29 de marzo) na que houbo conferencias, recitais poéticos e musicais e astra filmacións sobre Ferreiro. Disque foi un éxito de público.

En Compostela a Universidade prepara un libro homenaxe a *Cunqueiro*, xa que non chegou a tempo prá burocracia do Nobel. O precursor do realismo máxico, que tanto desenrolaron os escritores sudamericanos, tivo tamén homenaxe na capital de España.

Profesores

E xa témo—los 5 catedráticos, 16 agregados de Instituto e mailos 5 de FP das primeiras oposicións da historia da nosa lingua. Os Tribunais foron esixentes como compría e alégranos ver entre os promovidos moitos suscriptores e algún colaborador de ENCRUCILLADA. Nas circunstancias aínda difíciles en que o galego se vai normalizando precísase moito tencontén pra non cair no truco de facermos importante o galego por temible e pra non ensarilla—los alumnos en polémicas normativas. Hai que aumenta—lo amor ó galego e o uso efectivo da lingua. Da vosa demostrada competencia esperamos todos habilidade pra que no ensino medio acade o galego dignidade científica e a creatividade pedagóxica que lle corresponde. A todos o noso parabén!

Escritores

A Asociación de Escritores en Lingua Galega que anda a prepara—lo seu 1º Congreso, fixo membros de honor a Fole, *Cunqueiro* (+), Dieste, Ben—Cho—Sei e Carballo Calero.

O 4 de abril en Vigo concederon o Premio da Crítica a *Xohana Torres* e a *Xavier Alcalá*. Ferrol debe honra—los escolleitos; por varias razóns.

AS OBRAS

Libros

O mundo editorial galego desperta do seu sono. No que vai de ano ofreceunos 36 títulos, repartidos en 5 reedicións e 31 novidades.

Galaxia suspende a hibernación na que tiña boa parte do seu importante fondo, organízase comercialmente e centraliza a distribución de gran parte do noso minifundio editorial, quedando fóra O Castro, Celta, Xistral, Akal e Edicións Xerais.

Esta última, ideada desde o principio como empresa con planificación, encarga libros (antes publicábase o que os escritores

espontaneamente ofrecían) e está sendo un revulsivo que facía moita falta. Tras do tanteo de santos do 79 co libro de Vacaloura, preséntase o 17 de maio de 1980 e hoxe téñ 18 libros no mercado e anuncia pra antes do vran chegar ós 35. Ritmo xa serio, maiormente cando a calidade da presentación é alta e os precios son mais baixos cóos que estamos afeitos a pagar polos libros galegos. Os medios de comunicación non levan estimado adecuadamente a novidade que representa *Edicións Xerais de Galicia*. Xulián Maure (Xerais) e Bieito Ledo (Galaxia) están renovando profundamente o mundo editorial galego. ENCRUCILLADA debería organizar un debate no que estivesen os representantes de tódalas editoriais galegas.

Revistas

Os expertos aseguran que case un 90% das publicacións periódicas do mundo non dan superado o enmeigado número 10, e que as que remontan o 50 (2º meigallo) son as únicas que botan raíz.

Algunha vez compre salientármoo—la extraordinaria altura, presentación e constancia de *Grial*, a revista que mais nos honra nas bibliotecas do mundo è que desde 1963 mantén puntualmente o mesmo formato e distribución do contido. Nela está enterrado o traballo de varias formigas moi medidas na cultura europea ó estilo dos homes de Nós. *Grial* foi durante moito tempo a única Universidade Galega. Hoxe segue sendo unha Universidade paralela de indiscutible audiencia. So lle pedírfamos unha reedición actualizada do índice que abarque o total dos 71 números publicados astra agora.

Cunha periodicidade diferente, aunque mais de lonxe, chégano—lo tomo XXX de *Cuadernos de Estudios Gallegos*, do que moitas bibliotecas agradecerían que se fixese unha reedición facsímil como se fixo de Nos. Nós, *Grial* e *Cuadernos* son imprescindibles ferramentas agora que a nosa cultura entra nas aulas do ensino medio, pró que habería que chegar a un trato co Ministerio de Cultura. A tódolos Centros deberían mandar uns lotes que inclúsen tamén a *Gran Enciclopedia Gallega*, que é boa perda que non estea en galego.

Sáiu tamén o nº 2 (2ª época) de *Nordés*, o 33 da do *Museo de Pontevedra* e o 6 de *Obradoiro*, esta do Colexio de Arquitectos de Galicia. A Xunta ofrece o 3 da *Revista Gallega de Estudios Agrarios* e maila interesante novidade do nº 0 do *Boletín Bibliográfico do Depósito Legal de Galicia*, que promete ser un elenco exhaustivo de canto libro, revista, folleto ou folla se imprima en Galicia por pasar á Xunta o Depósito Legal previo. Se traballan con rigor, este Depósito Legal pode

chegar a se—la Biblioteca Xeral de Galicia a partir de 1980 da mesma maneira que a Biblioteca Nacional se nutra diariamente de canto sai dos prelos españois.

Reaparecen *Foro Gallego dos Colexios de Abogados* e o *Boletín de Hagiografía, Toponimia y Onomástica de Galicia* de man Salesiana.

No mundo do periodismo político chega *A Nosa Terra* (2ª etapa) é nº 149 e *Mán Común* é nº 8. No mundo do periodismo pedagóxico seguen rolando *As Roladas* (2ª etapa) e mailo *Ensino. A Moa*, revista rural galega, do ISGAR, vai polo nº 15, nunha liña de mellora tanto na presentación como na adaptación aos problemas do noso mundo rural tan deixado da man dos homes por non decir da de Deus. *Coordenadas*, feita por universitarios, é máis difícil de clasificar, se cadra adrede. No mundo do periodismo relixioso destaca o *Boletín Interparroquial Fátima*, creado no Castiñeiriño por Vilasó no 1961, e que nos seus mais de 200 números é fiel testemuño de como se foi evoluíndo nestes anos decisivos desde un cristianismo ritualista a un compromiso efectivo cos pobres e coa súa expresión cultural en Galicia.

Congresos

Marzo tivo na Toxa a *IV Reunión de Gastroenteroloxía infantil e Nutrición*. No mundo pediátrico galego, que tanto se move, sabemos da ilusión de moitos pediatras por introduciren a súa lingua nos coloquios, anque de momento con dificultades. Un lembra inevitablemente como o difunto Beiras, cando traballaba no vigoscopio prá investigación do estrabismo, poñía por diante o galego pra comunica-los seus avances. Entre os universitarios os únicos que aínda se manteñen corporativamente impermeables ó galego son médicos e farmacéuticos. Nos seus Congresos é difícil presentar unha ponencia en galego, postura por certo pouco universitaria, que xa non se dá en ningún outro Congreso, onde o galego é polo menos facultativo.

Do 9 ó 14 de marzo houbo o *I Coloquio sobre historia do Monacato* que se reuníu en Ourense, Samos, Celanova e Oseira: esperemos que se publiquen as ponencias e que calle a idea dunha *Enciclopedia dos Mosteiros*.

Do 24 ó 27 o Departamento de Socioloxía (Fac. de Económicas) en Compostela montou o Seminario sobre *Nacionalidades históricas e o Estado das Autonomías*.

Do 20 ó 22 e precedido dunha mostra sobre *O Feito Plástico*, houbo o congreso internacional sobre *O Feito galego*, que axuntou especialistas de Galicia e de toda Europa pra reflexionar conxuntamente sobre da nosa realidade histórica, cultural, económica, artística, territorial e viaria. A intelectualidade europea por unha vez reparou en nós colectivamente.

Exposicións

En Vigo houbo a *XVII da Camelia*, que xa tén amplo eco internacional. O M. de Cultura trouxo a Compostela a da *Romanización* (a onde foron milleiros de escolares) e agora anda por aquí a dos *222 grabados de Goya* (A Cruña, Pontevedra, Ourense, Vigo, Ferrol, Mondoñedo, Verín e Santiago) e anuncia a inminente das *Guerras Cántabras*, da que lle oímos decir moito ben a Felipe Senén.

O Ateneo de Orense lanzouse a montar pra setembro unha *Mostra Internacional de Minigrabado*; prá que contan, a mais de cos artistas galegos, coas escolas de Venecia e Lisboa e con artistas xaponeses, americanos e con outros europeos.

O Facho da Cruña montou unha *Mostra do Livro luso-brasileiro*, acompañada de conferencias sobre da cultura irmá e que contou con boa colaboración portuguesa e que non tivo apoio nin da Xunta nin da Academia. É lamentable que galegos e luso-brasileiros nos ignoremos tanto, que o que debía ser feito normal nas nosas librerías, teña que ser obxecto dunha exposición que motiva viaxes do embaixador e da TV portuguesa á Cruña por ve-lo insólito. Porque igual pasaría se montámo-la exposición inversa en Portugal. Algo falla. A exposición foi un éxito. A *Librería Couceiro* ofrece periodicamente o boletín de información bibliográfica galego-portuguesa, *Bendado*, que vai no nº 5.

A relación de *exposicións pictóricas* sería enorme, anque mais teñen de mercado de inversores que de leccións e espectáculos artísticos. Era ben que en toda exposición o artista ofrecese sempre unhas explicacións prós escolares: os mais non sabemos ver nin valorar, e isto reduce público e facilita que a pequena mafia de especuladores secuestren a totalidade do acontecemento cultural.

¿Por que non montar tamén anualmente mostras do que nos centros de ensino se crea? A idea de que so uns privilexiados pola natureza saben facer cousas e que os mais somos bravotes, é falsa e elitista. Deberíanse facer antoloxias de (moita atención!) elementos expresivos, non de persoas: coma tal, unha sobre o punto e a línea,

posibilidades de expresión. Interesa que todo o mundo se exprese, mais que cultivar ós habilideiros que fan moi ben pro que nos deixan ós mais sin voz nin mans.

Interesante foi pra moitos a *exposición de fotografía, cerámica e macramé* do desaparecido lugués Carlos. Foi boa perda dun home tanto e bo levaba feito xa en campos novos.

Monumentos

Despois das sucesivas chamadas de alerta de N. Rielo en ENCRUCILLADA sobre dos roubos e da posterior interpelación no Senado de Celso Montero (o único que con Victoria Armesto se pode considerar un parlamentario galego), *Adelpha* pide protección pró conxunto medieval de *Santo Estebo de Parga* e prós pazos.

O grupo arqueolóxico Trisquele amplia a petición a tódalas mámoas e castros de Galicia. E tal o expolio que aseguran que pola Cruña circulan polo menos *tres torques á busca do mellor postor*: dun deles chegamos a ver unha foto e podemos asegurar que é o de mais traballo de tódolos existentes, aparecido polo visto nas obras da Autopista. O *Museo arqueolóxico da Cruña* trata inútilmente de atrae-la atención das autoridades que, a cambio, espaxen centos e centos de millóns pra unha cousa tan caduca como é o Mundial de Fútbol.

E falando do *Museo coruñés*, chamounos a atención encontra-lo seu Director en labores de limpeza, sin remuneración, e con dous empregados con nóminas de vergoña. E tal a facilidade pra roubar, que un visitante europeu terá inevitablemente a sensación de estar coma no Museo do Cairo nun terceiro mundo preocupado exclusivamente polos problemas primarios da barriga. A miseria e o entusiasmo con que uns poucos custodian os tesouros artísticos da Cruña, dan idea do nivel intelectual do mundo que boliga autosuficiente polos Cantóns.

Chegan noticias de que o Ministerio de Cultura vai restaurar 11 monumentos galegos do Camiño de Santiago e de que *Hispania Nostra* (da federación de *Europa Nostra*, adicada á protección dos monumentos abandonados) vaise reunir o 5, 6 e 7 de xullo no Pazo de Mariñán pra estudar como recupera-lo equilibrio entre o antigo e o moderno nas nosas cidades. 1981 é pró Consello de Europa o do *Rexurdimento da cidade*. En Boimorto apareceu un miliario que confirma a sospeita de que por alí pasaba unha via romana secundaria.

Música

O repertorio da casa discográfica galega *Ruada* medra e está tendo unha notable aceptación, o que permitirá que no futuro melloren a calidade das grabacións. Os nosos grupos andan frecuentemente polos estranxeiro. Agora é *Milladoiro* que vai a Portugal e Inglaterra. No Festival de *Música Xoven pra Rosalía* o premio de 100.000 pts. foi pra Gracia Tenreiro con música de A. Seoane.

Mais duradeiras anque de menor consumo son as actividades creativas dos músicos de Santiago (compositores, Orquesta, Grupo Universitario de Cámara, Miguel de Santiago, etc.) e as constantes organizacións de concertos internacionais, no que destaca a Filarmónica de Ferrol.

Teatro

Seguramente a mais importante noticia é a fulgurante recuperación do Antroido que xa move masas en tódalas pequenas vilas galegas, mesmo en Ferrol onde non o celebraban desde hai mais de 40 anos. Maiormente cando a recuperación galega é enxebre, popular, sin ese abraseiramento custosísimo con que se reinventa en moitas cidades españolas baixo a atenta mirada da TVE.

E aínda no terreo das cousas ben feitas, de baixo a riba, quero destaca-lo extraordinario traballo de Xaquín Campo en Santa Mariña do Vilar con case cen rapaciños e rapaciñas que xogan ó teatro e que van facer un amplo curso de formación teatral. O pasado 17 de maio vimos representar unha versión galega deles da *Bela Durminte* na que nenos dos tres ós nove anos enchían unha escea sin ningún envaramento e cheos de razón. Ben polos nenos do Vilar!

Xa no campo profesional o importante é que tres compañías galegas, *Teatro do Estaribel*, *Troula* e *Luis Seoane*, se uniron prá 1ª *Campaña de Teatro Galego* que comprendeu un total de 108 representacións en 7 vilas cun presuposto de seis millóns e medio. Estaribel estivo nas *III Jornadas de Teatro* de Madrid con "Bailadela da morte ditosa" de V. Bolaño, e *Artello* andou por Portugal.

A *Escola Dramática Galega* acaba de reedita-la 2ª peza da historia do teatro galego, *A Casamenteira*, escrita no cárcel de Santiago por Antonio Bieito Fandiño no 1812 e publicada no 1849. A 1ª fora, como é sabido, o *Entremés famoso da pesca no río Miño* de Feixóo Araúxo en pleno século escuro (1671).

Nin faltou polas rúas galegas o revulsivo do Théâtre des Tafurs que dou moito que falar, maiormente en Fene.

Radio

Son de destacar a par do xa veterano programa *O Espello* de Radio Popular de Ferrol nas mañás dos domingos, os interesantes debates que organiza esa cadea de emisoras en Galicia (escoitadísimos foron os do conflito escolar de Dices) no programa "Galicia de noite", e as novas dimensións e orientacións que colleu o programa galego de RNE na Cruña. De agradecer é o pouco que conseguimos ter. Anque cómpre ler canto di Manolo Lombao na Nosa Terra 149 nas páxinas 7 e 8.

AXUDAS

Concursos

Fallouse o *premio Celso Emilio Ferreiro* do Concello de Vigo, que deu o premio de 200.000 pts. a Manuel S. Fernández, entre os cincuenta participantes.

De *Teatro Breve* convoca un a Escola Dramática Galega pra antes do 15 de xullo.

De *Contos Infantís* é a convocatoria tradicional do Facho na dobre versión de nenos e pra nenos cun máximo de 6 folios. Os primeiros chegan ás 20.000.

De *Poesía* ("Ciudad de Orense") convócao ese Concello chegando o premio ás 100.000.

De *Novela* ("Blanco Amor") convócanos moitos concellos e asociacións culturais a iniciativa do de Redondela cunha aportación de 25.000 por asociado convocante e que este ano chega namais ás 500.000 pro que esperan que se estableza no millón pra anos sucesivos. Mínimo 300 folios e presentación antes do 14 de agosto.

E o *Certamen de Teatro Galego* do 11 ó 17 de maio, 2^º que convoca a Diputación de Lugo con premios que chegan ás 75.000.

A Universidade convoca os *Premios Galicia* pra estudos científicos (ciencias e letras) e pra poesía, pra presentar antes do 15 de abril.

A isto hai que lle engadi-los numerosísimos concursos que están en marcha na case totalidade dos centros de estudio prós alumnos e que é tradicional fallar no Día das Letras Galegas.

Axudas

A *Fundación Barrié* comunicou axudas ó Museo de Pontevedra (500.000) á UNED de Pontevedra (1.500.000), e a diversas catalogacións artísticas por valor de 2.000.000.

En San Finz de Vixoi (Bergondo) creouse a *Fundación Jiménez Cossío* pra promover estudio da obra de M. Bartolomé Cossío, Alfredo Jiménez Fraud e José Pascual López Cortón.

Colaboracións

Moi de destacar é o *Suplemento de Cultura* da *Voz de Galicia* que cada xoves ofrece unha interesante suma das aportacións que antes andaban dispersas pola semana adiante e que reflexa unha vontade de achegamento á cultura desde a parcela galega que é a do diario. Os suplementos son unha das probas nas que o lector controla a seriedade intelectual dunha empresa que normalmente non ten ocasión de se manifestar, presa como está na fixeza e urxencia dos teletipos. E un suplemento digno, que pode mellorar e debe cumprir en Galicia unha misión cultural que so a radio lle pode disputar. O camiño é longo e hai traballo pra todos. Maiormente prós que dispoñen de tan abondosos medios técnicos e de tantos lectores.

A LINGUA

O uso

No X Simposio de la Sociedad Española de Sociolingüística o profesor *Guillermo Rojo* presentou unha comunicación sobre "Conductos y actitudes lingüísticas en Galicia" na que afirma que "el uso del gallego se ha mantenido y extendido a ámbitos nuevos desde 1976. Aumento tanto más significativo, cuanto que en Galicia castellanización se equiparaba a ascenso social y uso del gallego a clase baja y ambiente rural... Galicia es asimismo después de Baleares la que presenta el menor porcentaje de castellano hablantes iniciales".

Do estudio “Perfil Sociolóxico de España” do que é autor M. García Ferrando daba conta a VOZ DE GALICIA o 19 de marzo. Segundo este estudio sociolóxico as opinións dos galegos verbo do uso do galego en público eran estas

	Prensa Radio	Tv	Galego no ensino	Ensino en galego	Lingua ofic. co castelán
Si	86%	84%	82%	77%	67%
NON	14%	16%	18%	33%	30%

E frecuente nos sondeos feitos por non galegos o menosprecio do enorme porcentaxe que en Galicia ten o mundo rural con problemas, ideas e actitudes moi diferentes do mundo urbano. Pro se este estudio está ben feito, revelaría unha opinión perante o ensino en galego moi diferente da que se manifesta nos diarios. Non so estes minimizan a reivindicación galega: compárese o espacio dado a 2.000 mestres castelán-falantes que piden que non os discriminen en Cataluña, coa minúscula nota na páx. 41 (da VG 21-3-81) na que 3 014 firmas pedimos que non nos discriminen por ensinarmos en galego en Galicia. Hai tamén indicios de que seleccionan as cartas ó Director en función de que sexan mais as contrarias ó galego. Personalmente teño a experiencia de que o “Ideal” o fixo.

Opinións

A raíz da concesión en Alemaña do Premio Goethe (1.100.000 pts.) ó profesor Antonio Tovar (vallisoletano experto en indoeuropeo, basco, bereber, grego, latín e varias linguas amerindias), varios diarios recolleron as opinións del, que pola autoridade de quen proceden, recolleemos nós tamén. Tovar tamén sostén que tódalas linguas son aptas pra expresar todo:

“Todas las lenguas son maravillosas y perfectas. Cubren las necesidades de comunicación del grupo humano que las utiliza, y son aptas para expresar cualquier idea... Pueblos que no han inventado los botones poseen, sin embargo, una gramática bastante desarrollada. La lingüística es un método de ver a los hombres por dentro y descubrir el increíble funcionamiento del cerebro humano, aunque también es verdad que las lenguas son como prisiones que aíslan a los pueblos” (EL PAIS, 13-3-81, p. 30)

Tovar, autor dun breve pro documentadísimo libro “Lo que sabemos de la lucha de lenguas en la Península Ibérica” que abarca da prehistoria a hoxenda, opina que o sensato é pór fin a esa loita nun mutuo respeto.

“Eliminar esas tradiciones de Vasconia, Galicia o Cataluña sería una barbaridad y los cuarenta años de Franco no lo consiguieron”. Hablar o al menos entender catalán o gallego -señala- lleva sólo cosa de un mes, y, por tanto, con buena voluntad cualquiera puede enriquecerse con ello, ya que el trasvase de gentes (funcionarios, trabajadores, industriales...) es constante. El que no lo quiera aprender así, pues que se vaya, claro que sí, que se vaya a otra parte... “el vasco es más difícil, pero también se puede llegar a entender”.

E sobre a complementariedade de galego, basco e catalán co castelán afirma:

“No es una utopía. Yo he trabajado toda mi vida por ello”... “un bilingüismo tolerante y mutuo, lleno de estimación por ambas partes, es lo más conveniente”... “sólo un espíritu tolerante es lo que procede, para bien de todos”. “No nos vamos a matar, hombre, no vamos a hacer una guerra por eso. ya está bien”

“Suiza tiene el mismo problema que nosotros, pero lo ha resuelto con inteligencia y tolerancia, que es lo que hay que tener en este momento en España. En Suiza se habla alemán, italiano y francés, y no hay problema. Cada lengua dispone de los instrumentos precisos en las escuelas y el mutuo conocimiento fundamenta la unidad del país”.

E conclúe: “La enseñanza del catalán, gallego o vascuence no perjudica al castellano” (VG 22-2-81).

POLEMICAS

A polémica non é a forma normal de contrasta-la información, non é o medro natural da ciencia. A investigación científica faise en silencio, lonxe da competición e da publicidade; é cortés, xabronosa; as discusións teñen un ritual no que cada contrincante se esmera en comprender, respetar e valora-lo contrario.

A polémica, en cambio, é espiñenta, puxillística; é como un baloncesto xogado coas regras de rugby. Na polémica predomina a paixón sobre da reflexión, a antipatía sobre do respeito, o marxinal oculto sobre do central expreso, o emotivo sobre do obxectivo, a ansia de esmaga-lo contrincante sobre do interés científico da busca conxunta e complementaria da verdade.

Cando unha cultura vive nuha situación anormal, á xente namais chega o balbordo das polémicas. As razóns esgrimidas son simples armas dunha guerra que no fondo non é científica senón personalista ou, por veces, política. Pro esas claves ocúltanse: os iniciados asisten conscientemente ó pulso que botan as dúas partes. O público queda

desinformado, desorientado e deseducado. Por iso a frecuencia das polémicas é moitas veces esterilizante, anque con frecuencia o tema pagaba a pena debulla-lo con rigor e sin paixón ante o público. Polemizar é gasta-la pólvora en salvas.

Tres polémicas alimentaron as páxinas dos diarios.

O Ballet Galego

Polémica na Voz entre Xoán M. Carreira e Rey de Viana sobre da calidade folklórica e artística do famoso ballet. Non é a primeira vez que Carreira arremete contra todo o que se expende coa etiqueta de música e folklore galego, acusándoo de falta de seriedade. Se cadra non lle falta razón nalgún punto, pro o suspenso xeral que tanto prodiga, vólvese facilmente contra el como o fixo Rey de Viana.

Dices

Parece que se consuma a vitoria dun grupo de pais sobre dos mestres e outros pais. Segimos sin saber realmente que é o que pasou con Dices. A prensa diaria supón que o delito é eliminar todo o non galego (do que a condena decorre lóxica e limpa). A Nosa Terra supón que todo é manipulación antigalega e auto-odio. Seguimos sin saber se ten razón a prensa diaria ou se a ten a semanario galego, sospeita que provoca os milleiros de solidaridades. A ENCRUCILLADA chegan astra de Suiza.

Era ben que se fixese público o estado da cuestión. Galicia non merece que a afoguen, como decía A. Tovar, nin tampouco precisa afogar nada. Outra polémica escurecedora.

O lusismo

Esta hai tempo que desborda os límites do bo senso. Neste caso últimamente os aldraxes substitúen abertamente ós argumentos (Véxase o *Man Común* de marzo). A discusión é necesaria, pro debe ser entre os que demostren saber do que falan e débese facer noutro tono en medios especializados como *VERBA* ou *GRIAL*. O batifondo que se está a armar en medios masivos non fai mais que empezoña-la cuestión, alonxar aínda mais o necesario entendemento e confundir e desalentar ós indecisos. Nunca a verdade é insolente.

Xesús FERRO RUIBAL

Post scriptum

Sei certo que me quedan no tinteiro moitas actividades e publicacións. De Galicia e de fóra de Galicia. Pido disculpas e era ben que todos (Asociacións Culturais e Editoriais) se acordasen de mandar a ENCRUCILLADA noticia do que fan, pra que o poidamos reseñar.

ROLDA DE IGREXA

PONTEVEDRA:

Por Xesús ACUÑA GARRIDO

FALAR CLARO: UNHA PASTORAL

Falar claro ten o seu mérito.

Ten a virtude de que se entende o que se di. O pan chámase pan, e ó viño... pois, iso, chámase viño. Todo o mundo pode entenderse sin intérprete, cousa xa ben difícil nesta babel que estamos a fabricar.

Pro ten tamén o seu risco. O risco de esparadrapo na boca, da cadea ou do "axuste de contas".

O que pasa con calquera que fale claro, que diga, ou que escriba, pasou coa xa famosa pastoral dos bispos bascos. Hai que recoñecer que a lingua das pastorais foi case sempre pesada, aburrída, sin que o home da rúa lle importase demasiado. Por iso, con poucas excepcións, nunca se lle fixo demasiado caso nas altas esferas (¡cousas de bispos!).

Pro desta, non. Os bispos bascos faláron claro: con puntos, comas, números e precisión de fondo e de forma. Vaia, algo que pode pasar con dignidade ás páxinas dunha antoloxía literaria. E algo moito mais importante: pode e debe pasar á antoloxía da literatura profética de tódolos tempos. Lástima que antes non se fixera algo parecido naqueles pagos e, por suposto, fóra deles

Aquí en Pontevedra, como en calquera outro lugar, as reaccións foron variadas. Onde onte se aplaudía a declaración episcopal do divorcio como algo case de inspiración divina, hoxe bótanse chispas de indignación; onde se pensaba que ós nosos bispos lles secara a fonte da inspiración, xurdiu a sospeita de que, se queren, aínda lles queda moito que decir.

O "PATRICIO" E O "DESAXUSTE"

Nestas terras, cando non se sabe ben o nome dun portugués, chámasele *¡patricio!* e entende que a cousa vai por él.

"Patricio" é un nome xenérico que ven de "patria", como o noso "paisano" ven de "país". Pois ben, os tais patricios (e non por certo da Roma das águías) andan polas Rías Baixas como peixe pola auga. Desde os seus centros de espallamento, Ourense e Vigo (fronteiras de Verfn e de Tui), son entre nós unha etnia que vai desde a forte marsupia do xogo

(Casino da Toxa) e a especulación do chan (Vigo e Ourense), astra a miseria trashumante dos quincalleiros das feiras e das festas. Agroma nesta feira louca de trastoque humano un mercado vergoñento: o das rapazas portuguesas que veñen “servir”, pro nas whisquerías... algo así como decía Rosalía (salvando os tempos) “castellanos de Castilla, tratade ben os galegos...” e decir, un subproletariado que cambea bágoas por diñeiro miserento. Pro disto falaremos algún día.

Vamos co noso “patricio”.

O patricio é un home que chegou aquí fuxindo da súa traxedia. Traxedia dun mozo portugués a quen un día lle puxeron un fusil na man pra matar negros na Guiné. Atrás quedaba a “rapariga e os meninos”; diante, unha loita esperpéntica (...Y Johny cogió su fusil). O resultado foi unha bala que lle entrou polo peito e lle saíu polo lombo. Consumíu o tempo no hospital. E cavilou. Cavilou que se saía daquela, iba ir camiñando douscentos quilómetros, a pan e auga, astra o santuario da Virxe de Fátima pra lle da-las gracias por estar con vida.

Cando o patricio me contaba a súa historia, eu coidei que era cousa emocional, que deixaría aparcada pra mellor momento. Pro non. El xuraba que era home serio. Que cumpría o que prometía. Que as promesas hai que as cumprir de xeito que o 13 de maio, alá estaría.

Mais agora ven o “desaxuste”. Resulta que detrás deste lusíada camoensco quedan uns nenos sin pai e unha dona divorciada, mentras o patricio da conversa está atado e ben atado a tres galegas de bon ver. Pro sí, mantendo firme a promesa dos douscentos quilómetros, porque a tal promesa é cousa seria. (Que “coisa mais linda”).

¿Non atopamos aquí un forte desaxuste entre “praxe” e “contido”, entre “falar” e “facer”, “mouros” e “cristiáns”, “to be or not to be”?

MORAL, PRA QUEN?

O desaxuste entre cousas que deberan estar sincronizadas, lévanos a pregunta: moral, ¿pra quen?

Pra moita xente isto da “moral” son contos da feira. Vaia, algo así como un feixe de cousas que teñen que cumprilo demais, pro que, en serio, teñen pouco que ver co sacho, co trasmallo ou coas cousas da vida.

Un sospeitaba xa daquela que aqueles vellos códigos de normas ben pouco os iban comprende-los hipotéticos feligreses (!predica, meu frade, que por un oído me entra e por outro me sae!). Eran fórmulas de frades escleróticos que bebían mais nos canos dos gorgullóns feudais que nas benaventuranzas dos evanxelios

Pasaron os tempos. Pasou un Concilio.

Mais non pasaron as mañas.

A nosa moral segue metida en belidos libros que case ninguén le. Iso sí: mais caros, e traducidos ó castelán (onde onte decían “aut vitam, aut marsupium”, hoxe din: “o la bolsa o la vida”).

Sospeito que a cousa ten que ir por outro lado. Pola beira de desenterrar sin medo a Xesús, e dalo a coñecer sin medo e sin intermediarios. Un Xesús non suxeito a moral importada en lata desde Centro-Europa, senón ofrecido tal como é.

Poida que casos como o de “patricio” non se desen.

FORMACION PERMANENTE

Tamén os cregos precisamos reciclarnos.

Os cregos “xumentos”, claro. Porque os demais xa naceron reciclados.

O certo é que aquí, en Pontevedra, se montou un deses inventos de “posta ó día” que forma parte do plan de formación permanente da Diócese pró seu clero. Algo que so merece loubanzas se tivese a seriedade que merece.

Non queremos quitar nada da boa vontade de quen pensa nestas cousas e, como pode, trata de as levar adiante:¡chapeau!.

Pro non, ese non é o camiño.

A “tripleta” de comenzo que rompeu fogo, ten a pólvora mollada. O aburrimiento, a deserción e a falta de rigor científico, chega a darlle sono astra as estatuas do vello mosteiro de Poio.

“Reciclen”, señores, “reciclen”. Pro reciclen ben.

ROMAXE

Pénsase que a "romaxe" deste ano sexa na bisbarra de Pontevedra. Dos lugares (hai moitos onde escoller), pde ir adiante o da lagoa de Cotorredondo (perto do C.I.R. de Figueirido).

De ir adiante é un bó intre de encontro galego e cristián como foron as romaxes pasadas. Pro tamén é un compromiso que debe embarcarnos a todos neste feito eclesial, de un modo especial ós da terra meiga das Rías Baixas. Por nós, non vai quedar. Adiante co varall!

Xesús ACUÑA GARRIDO

Placeres-Lourizán, abril do 81



CRONICA DO XIX COLOQUIO GALEGO DE CRISTIANS

Por Xoan Carlos HERRANZ

Co tema monográfico "INVOLUCION NA IGREXA" celebrouse os días 28 e 29 de Marzo, en Melide, o XIX "Coloquio Galego de cristiáns", que xuntou unhas oitenta persoas, chegadas das catro provincias en representación de diversas agrupacións, movementos, comunidades e parroquias.

A primeira xornada estivo centrada nun traballo por grupos, que foi recollendo os feitos mais sobranceiros que manifestan ese proceso de involución na praxis cotiá dos estamentos dirixentes doctrinais ou pastorais de cadansúa diocese ou sector. Constatáronse realidades e actitudes tocantes á xestión do poder, ás afirmacións doctrinais, ás campañas políticas e ideolóxicas movidas polo aparello eclesial, que reflexan unha vontade de afinamento en posicións previas ó Vaticano II.

O estudo das *causas* detívose tanto nas *razóns estruturais* (paralelismo coa evolución política mundial, estruturación piramidal xerárquica con mínimos de participación, falta de real implantación no pobo), coma nas *personais* (canseira dos militantes cristiáns, ausencia de profundización teolóxica nalgúns activistas —o que os deixa nas mans dos "sabidos"—, volta ó intimismo, ambigüedade na linguaxe e no compromiso co pobo dalgúns teólogos, temor á demanda de responsabilidade dentro da Igrexa, etc.).

As consecuencias que dita situación conleva prá conciencia crente supoñen unha serie de cuestionamentos, que van desde a demanda de que é o que verdadeiramente define hoxe ós grupos cristiáns (¿qué é o que os sitúa dentro da Igrexa? ¿cómo conxugar o compartir co esixir dentro dela? ¿qué facer fronte ó proceso de "desertización" de crentes militantes e a promoción dos católicos de "misa e escola"? ¿estamos diante dunha real separación da xerarquía, que compre asumir como tal, anque se fagan esforzos pola unidade?) astra inquirir se aínda é posible hoxe a credibilidade da mensaxe evanxélica ante os probes e marxinados e ante as persoas cultas e críticas que perciben estes manexos. ¿Cómo asegurar entón, a permanencia na fe nesta situación de crise provocada e interesada?.

A parte expositiva correspondeu ó teólogo Xulio Lois, que plantexou a pregunta de si se pode, de feito, falar de evolución e involución, cando o mesmo Vaticano II, froito da presenza dun grupiño de persoas carismáticas, non foi asumido con seriedade nin polos mesmos que o

rubricaron. A maioría da Igrexa non o puxo en práctica. Todo o mais poderíase falar de evolución en sectores minoritarios e certamente non de cara a tódolos desafíos. Entre as causas desta realidade apúntanse:

a) *as intraeclesiales*: A Igrexa resistese á confrontación cos desafíos que lle plantexa o mundo actual, debido a unha busca case psicópata de seguridade, de presenza poderosa e de implantación política na sociedade. Frente ós desafíos da ilustración (secularización, debate fe-ciencia, debate fe-ideoloxías, marxés de liberdade, autonomía do labor teolóxico, asunción dunha moralidade adulta, democratización interna) opón unha fortísima dinámica de se manter como estaba. Frente ós desafíos plantexados desde a esixencia de xusticia que a convoca á creación dunha Igrexa dos pobres (liberadora e crítica, comprometida, con opcións globais de nova configuración social), fica a kilómetros de distancia nunha actitude de defensa dos seus compromisos históricos, poñendo en xogo resortes que xa ten automatizados.

b) *Hai causas coxunturais*, que fan aparecer esto aínda mais claro. Unha delas é a mesma figura do Papa actual que coa súa imaxe pública provoca a identificación e o entusiasmo das torzas agachadas tras o Vaticano II, que hoxe voltan á carga nun fronte reaccionario e restaurador. Así a Igrexa de España ten tempo pra loitar pola hexemonía no ensino ou contra do divorcio civil, mais non ten tempo pra afrontar sistemáticamente o problema do paro...

Temos que constatar asemade *a posible involución da Igrexa progresista*, a súa perda de significación como Igrexa viva. ¿A falta de espacio de actuación protagonista? ¿Excesivos protagonismos iniciais? ¿Falta de decisión pra alentir a transformación do binomio clero-laicos no de comunidade-ministerios? Cecais o mais serio sexa a perda real da esperanza na posibilidade de cambio no sistema, o que leva a refuxiarse na “conversión do corazón” privatizada.

No contexto global da crise económica actual, o medo ós poderes fácticos, a dereitización xeral da vida camuflada como volta ó sentido común, provocan ese replegue ó privado, esa “volta ó ghetto” que xa profetizaron Rahner ó comenzo dos 70.

No segundo día o traballo en común artellouse en base á procedencia xeográfica e tocou o tema das *actitudes* a asumir ante a realidade constatada. Algunhas conclusións foron:

- cómpre potenciar ó máximo a creación das comunidades e dos ministerios nelas.

— conquistar unha meirande participación dos seglares nas parroquias,

— afrontar o valeiro doctrinal, elaborando unha expresión enxebre da propia conciencia da fe (teoloxía popular), que opor á avalancha do doctrinarismo conservador. Isto pódese facer: por medio de declaracións públicas ben meditadas e teolóxicamente fundadas (temas do divorcio, represión, participación na Igrexa, figura e función do Papa); por medio dos traballos nos grupos catecumenais das parroquias; creando canles de formación ós que teñan acceso moitos cristiáns que hoxe se atopan espallados. Artellando uns mínimos de organización, comunicación e colaboración, pensando sempre nos efectos do noso labor a longo prazo

Ponencia: As consecuencias da involución.

Brevemente podemos dicir que, de seguir o afincamento das forzas restauradoras, vanse seguir os efectos:

a) *a nivel dogmático*: Na Cristoloxía tentárase de dar un frenazo ó actual esforzo de recuperación do Xesús histórico e á idea do seu seguimento polo que entrámbalas dúas teñen de revulsivo. Voltárase a unha cristoloxía clásica, ó fomento do ritual, á figura de Deus tapaburatos.

Na eclesioloxía voltárase ao eclesiocentrismo, coa posible ecuación Igrexa—Reino de Deus, en troques de Igrexa—Servidora do mundo.

b) *No eido moral*: Retorno ás normas e á casuística, repetitividade, control paternalista das consciencias.

c) *No pastoral*: Se ben non se prevé un intento de eliminación das comunidades populares, si se ha procura-la súa integración e a simultánea creación doutros tipos de comunidades que as neutralicen. Imposibilitáranse o compromiso dos cregos e descalificaráranse ou deixaríanse sin respaldo o dos seglares.

d) *No eido disciplinar* xa se está a senti-la represión exercida sobre o estatuto dos teólogos e da teoloxía, coa mira posta na formación de funcionarios servidores do maxisterio. Proclamaráranse os dereitos humanos cara afóra e en abstracto, sin respetalos "ad intra" (sacerdocio de casta, que non traballe, neutral ante o mundo, obrigatoriamente célibe...).

e) *No campo da funcionalidade pública* daranse dous polos: a privatización da Igrexa de cristiandade (creación da Universidade da Igrexa Ensino da Relixión nos colexios estatais, partido democrata cristián...).

Todas estas posibilidades non son aínda probabilidades. O traballo de testemuño da fe está aberto e hai que plantexalo a longo prazo. Ten que ser un traballo imaxinativo, creador e difusor das comunidades.

Precisase a inserción nun espacio propio sin invasións ilexítimas nas loitas xa levadas por outras organizacións populares, pero tamén sin inhibicións irresponsables.

A tarefa, xa que logo, será:

- Formar comunidades
- Crear canles de información pra se manter o día e unidos.
- Coordinarse e organizarse mínimamente.
- Formación e expresión teolóxica dos grupos.

O remate da xuntanza mencionouse o tema da renovación do secretariado de Coloquios, solicitándose ó mesmo tempo de tódolos presentes a aportación de propostas con miras a unha nova infraestrutura: representatividade, base económica, posible boletín. Igualmente pedíronse suxerencias prós temas de futuros coloquios.

Por Xoan Carlos HERRANZ

AVISOS IMPORTANTES

Queremos participarvos unha BOA NOVA: A partir do número 21 subímo-la tirada a 1.500 exemplares. Xa non nos chegaban as 1.300 que viñamos tirando. Pero agora sóbrannos uns pouquiños. Por iso pedímosvos que busquedes logo **MAIS SUSCRIPTORES NOVOS.**

CAMPAÑA PRA FACER UN NOVO SUSCRIPTOR

Enderezo

Nome

Rua ou lugar

Localidade

Provincia e/ou país

Forma de pago

- | | |
|--|--|
| <input type="checkbox"/> Cheque bancario ao nome de Revista Encruillada | <input type="checkbox"/> Xiro Caixa postal c. c. 2454084 |
| <input type="checkbox"/> Transferencia ao Banco Pastor de Ferrol c. c. 116 325 | <input type="checkbox"/> Contra reembolso |
| <input type="checkbox"/> Transferencia a Caixa de Aforros de Ferrol c. c. 4852 B | Suscripción ordinaria 800 ptas |
| | Suscripción de apoio 1 000 ptas |

Os que aínda non mandastes os cartos do 1981, e non recibistes o reembolso, ou o devolvestes por calquera razón involuntaria, facede o favor de enviar o **XIRO POSTAL OU TALON.**

Xa vedes que o reembolso encarece a revista en 60 pts., máis as innumerables horas de traballo. Nunca insistiremos abondo na conveniencia de evitalos.

As transferencias bancarias tamén vos saen caras. Os *talóns* son polo momento o sistema máis económico, e, se son das Caixas (Postal ou de Aforros) ou do Pastor, non nos descuentan nada polo abono, xa que temos alí as contas.

Do mesmo xeito, o *xiro postal* á cc. 2454084 resulta aínda moi económico.

Perdonade que insistamos tanto nestes rogos. Ven vedes que todo sube e que temos que poñer todo da nosa parte pra podermos resistir os precios.

Así mesmo pedimos ós que aínda deben o 1979 que non deixen de pagalo se poden. ¡GRACIÑAS!.

Encrucillada

Revista galega de pensamento cristián
